



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

IX lexislatura
Número 158

Sesión Plenaria
28 de xuño de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección de:

1.1 Tres membros do Consello Social da Universidade de Vigo (doc. núm. 50578).

1.2 Catro membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (doc. núm. 51223).

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (doc. núm. 47240, 09/PL-000036).

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 658, do 14.06.2016

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 658, do 14.06.2016

2.2 Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013 e, se é o caso, debate e votación do devandito proxecto. (doc. núm. 51420, PL-000040)

Publicación do proxecto de lei, BOPG nº 663, do 22.06.2016

2.3 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (doc. núm. 47574, 09/PPL-000042)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 662, do 21.06.2016

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 662, do 21.06.2016

Punto 3. Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos dezaoito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a catástrofe que asolou a empresa Fandicosta en Domaio (Moaña) (doc. núm. 51475, 09/SCI-000013)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

Punto 4. Mocións

4.1 51384 (09/MOC-000188)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de emprego público. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 3778, publicada no BOPG nº 58, do 26.02.2013, e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

4.2 51385 (09/MOC-000189)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 42684, publicada no BOPG nº 539, do 21.10.2015, e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

4.3 51386 (09/MOC-000190)**Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa xestión do Goberno galego no referido á situación do sector lácteo, as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 43220, publicada no BOPG nº 545, do 04.11.2015, e debatida na sesión plenaria do 07.06.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

Punto 5. Proposicións non de lei en Pleno**5.1 46042 (09/PNP-003819)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Asociación Galega de Familias Numerosas**

De iniciativa popular, sobre redución do tipo impositivo do IVE dos cueiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 658, do 14.06.2016

5.250551 (09/PNP-003711)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia a respecto do establecemento dun marco de relacións laborais e negociación colectiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

5.3 50798 (09/PNP-003739)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Goldar Güimil, Jesús Antonio, e catorce deputados/as máis**

Sobre a solicitude polo Goberno galego aos concellos da Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Vigo e Ourense da adopción das medidas necesarias durante o ano 2016 para estender a gratuidade do transporte urbano aos menores de dezaioito anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.450889 (09/PNP-003756)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Adán Villamarín, María do Carme, e dous deputados/as máis**

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.5 50903 (09/PNP-003757)**Grupo Parlamentario Mixto****Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias reflectidas no informe presentado pola organización de conservación da natureza World Wildlife Fund respecto do Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.6 50924 (09/PNP-003759)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 656, do 08.06.2016

5.7 51317 (09/PNP-003792)**Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda****Vázquez Díaz, Ramón, e cinco deputados/as máis**

Sobre a aplicación polo Goberno galego, para o curso 2016-2017, dunha tarifa de matrícula reducida a todos os estudantes universitarios sen dereito á docencia procedentes das antigas licenciaturas e dos novos graos establecidos polo Espazo Europeo de Educación Superior

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

5.8 51285 (09/PNP-003787)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles, e tres deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co baremo para a valoración do grao de discapacidade das persoas con enfermidades neurodegenerativas, e os seus procesos de revisión e actualización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

Punto 6. Interpelacións**6.1 44913 (09/INT-001706)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Soneira Tajés, María Soledad, e catro deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación demográfica de Galicia e as súas consecuencias para a economía e a sociedade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 573, do 16.12.2015

6.2 51050 (09/INT-001979)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Paz Franco, María Tereixa**

Sobre a política de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 656, do 08.06.2016

6.3 51309 (09/INT-001984)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María Concepción, e dous deputados/as máis**

Sobre a diminución do persoal docente e investigador no Sistema universitario de Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**7.1 51617 (09/POPX-000195)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre o balance da política xeral do Goberno galego en relación coa mellora dos dereitos da cidadanía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

7.2 51621 (09/POPX-000196)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa dirección que está a seguir Galicia en materia de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

7.3 51639 (09/POPX-000197)**Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre as razóns da crítica aos médicos do sistema sanitario público que denunciaron o atraso na dispensación dos medicamentos contra a hepatite C

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

Punto 8. Preguntas ao Goberno**8.1 50740 (09/POP-004972)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Dorado Soto, Javier, e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción da estación intermodal de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

8.2 51638 (09/PUP-000282)**Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda****Fajardo Recousó, Juan Manuel, e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai implementar o Goberno galego para evitar o incremento dos accidentes laborais graves

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

8.3 47349 (09/POP-004508)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Docasar Docasar, Ricardo Vicente, e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da posibilidade de dotar de tabletas os centros educativos que imparten a etapa de educación infantil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 606, do 24.02.2016

8.4 45707 (09/POP-004226)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do disposto na Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

8.5 51626 (09/PUP-000281)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Adán Villamarín, María do Carme, e Paz Franco, María Tereixa**

Sobre as razóns do Goberno galego para non asinar un convenio colectivo cos traballadores do Consorcio Galego Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

8.6 45253 (09/POP-004129)**Grupo Parlamentario Mixto****Martínez García, María Consuelo**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa ampliación dos contratos dos traballadores e traballadoras de Seaga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 20.01.2016

8.7 49019 (09/POP-004744)**Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda****Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para recorrer a traballadores do sector privado en lugar do persoal de Seaga para os traballos de limpeza dos montes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

8.8 49617 (09/POP-004837)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións concretas susceptibles de realización, ao abeiro do convenio de colaboración proposto a través da Consellería do Medio Rural aos concellos galegos, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 635, do 20.04.2016

8.9 50310 (09/POP-004929)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos medios técnicos necesarios para posibilitarlles aos mariscadores da ría de Ferrol a obtención das guías de transporte de xeito telemático sen necesidade de desprazarse fisicamente á máquina de expedición do documento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente comunica como se vai desenvolver a sesión plenaria e que ás doce do mediodía se suspenderá a sesión. (Páx. 13.)

Alteración no desenvolvemento da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración no desenvolvemento da orde do día que consiste en debater a pregunta número 50740, do Grupo Parlamentario Popular, logo da solicitude de creación dunha comisión de investigación por proposta do G.P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 13.)

Elección de tres membros do Consello Social da Universidade de Vigo e de catro membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente anuncia que, por expiración do seu mandato, se vai proceder á elección dos membros destes consellos, en cumprimento do artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia. A seguir, explica o procedemento da votación e informa de que resultarán elixidos os candidatos ou candidatas que obteñan a maioría simple. (Páx. 13.) Así mesmo, solicita que o señor secretario proceda ao chamamento. (Páx. 13.)

O señor secretario (Balseiro Orol) fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa. (Páx. 14.)

Efectuado o escrutinio, deu o seguinte resultado: polo Consello Social da Universidade de Vigo, votos emitidos, 73; votos a favor de don Xosé Manuel Atanes Limia, 66; votos a favor de don Javier Casares Mouriño, 66; votos a favor de dona Mercedes Castro Mouzo, 66; votos a favor de don Jesús Graña Nogueiras, 55; votos a favor de dona María Elvira Larriba Leira, 55; votos a favor de dona Natalia Zunzunegui Garrido, 55; votos nulos, 1; votos en branco, 6. (Páx. 14.)

Polo Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela: votos emitidos, 73; votos a favor de dona Mercedes Paula Alvarelos Fondo, 66; votos a favor de don Juan Luís Castro Rodríguez, 55; votos a favor de don Jesús Couceiro Rivas, 66; votos a favor de don Xerardo Denís Felipe Estévez Fernández, 66; votos a favor de don Manuel Lolo Aira, 55; votos a favor de don Manuel Martín García, 55; votos nulos, 6; votos en branco, 1. (Páx. 15.)

O señor presidente anuncia que, acadadas as maiorías simples requiridas, quedan designados estes candidatos e estas candidatas membros dos consellos sociais das universidades de Vigo e Santiago de Compostela. (Páx. 15.)

Debate e votación do Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 15.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (Baamonde Díaz). (Páx. 15.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Fernández Rodríguez (M) (Páx. 16.), Sr. Ron Fernández (AGE) (Páx. 20.), Sra. Paz Franco (BNG) (Páx. 23.), Sra. Soneira Tajés (S) (Páx. 27.) e Sr. Moreira Ferro (P). (Páx. 29.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Fernández Rodríguez (M) (Páx. 33.), Sr. Ron Fernández (AGE) (Páx. 34.), Sra. Paz Franco (BNG) (Páx. 35.), Sra. Soneira Tajés (S) (Páx. 36.) e Sr. Moreira Ferro (P). (Páx. 37.)

Suspéndese a sesión ás doce do mediodía e retómase ás catro da tarde.

Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013, e, se é o caso, debate e votación do devandito proxecto. (Punto segundo da orde do día.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Martínez García (M) (Páx. 39.), Sr. Ron Fernández (AGE) (Páx. 41.), Sra. Paz Franco (BNG) (Páx. 42.), Sra. Blanco Rodríguez (S) (Páx. 43.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 44.)

Votación da proposta para a tramitación polo procedemento de lectura única e urxencia do Proxecto de lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir da parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013: aprobada por 39 votos a favor, 11 en contra e 19 abstencións. (Páx. 46.)

O señor presidente comunica que a continuación se vai proceder ao debate deste proxecto de lei. (Páx. 46.)

Debate e votación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 47.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 50.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 54.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 57.), *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 61.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)* (Páx. 65.)

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 70.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 73.) e *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 74.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 76.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Rodríguez-Vispo Rodríguez)*. (Páx. 76.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 77.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 81.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 83.), *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 85.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)* (Páx. 88.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 92.), *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 93.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 95.) *Sra. Gallego Calvar (S)* (Páx. 96.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)* (Páx. 97.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas do G.P. Mixto ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais: *aprobado por 57 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 100.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro do 2013: *rexeitada por 14 votos a favor, 39 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 100.)

Votación da emenda á totalidade con texto alternativo do G.P. Mixto ao Proxecto de lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro do 2013: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación da emenda á totalidade con texto alternativo do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro do 2013: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación do Proxecto de lei, tramitado polo procedemento de lectura única e urxencia, pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro do 2013: *aprobado por 39 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións.* (Páx. 101.)

Votación das emendas do G.P. Mixto á Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda á Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego á Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: *aprobado por 57 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 103.)

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos dezaioito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a catástrofe que asolou a empresa Fandicosta en Domaio (Moaña). (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo proponente: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 106.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 109.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 111.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 113.)

Rolda de réplica: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 118.)

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por petición dos dezaioito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a catástrofe que asolou a empresa Fandicosta en Domaio (Moaña): *rexeitada por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 121.)

Pregunta de D. Javier Dorado Soto e tres deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción da estación intermodal de Vigo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Dorado Soto (P).* (Páx. 122.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 124.)

Réplica do autor: *Sr. Dorado Soto (P).* (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle).* (Páx. 126.)

Suspéndese a sesión ás nove da noite.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días a todos e a todas.

Imos iniciar a sesión.

Bueno, bos días a todos outra vez.

Antes de comezar coa orde do día, paréceme oportuno comunicarlles como vai ser, máis ou menos, o desenvolvemento deste pleno. Máis ou menos, porque non sei as horas exactas, depende do que falen; entón o esquema, máis ou menos, é que agora procederemos á votación dos membros dos consellos sociais da Universidade de Vigo e de Santiago de Compostela; posteriormente debateremos un texto lexislativo, en concreto o texto de coordinación de policía locais; logo suspenderemos o pleno e reiniciáremolo ás catro da tarde, para que se poida asistir ás medallas Castelao.

Alteración no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE: E para a tarde de hoxe comunico tamén unha alteración na orde do día, que, logo de debater a comisión de investigación –que será en torno, aproximadamente, ás nove e dez da noite, nove e cuarto–, procederemos a substanciar unha pregunta, que é, en concreto, a número 50740 do Grupo Parlamentario Popular.

E tamén aproveito para comunicar que o día de mañá será de debate ininterrompido, mañá non se para como paramos normalmente os outros días, e está prevista a finalización do pleno mañá en torno ás oito e media.

As votacións, como sempre, serán avisadas.

Comezamos, logo, co punto 1 da orde do día.

Elección de tres membros do Consello Social da Universidade de Vigo e de catro membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE: A Mesa do Parlamento, nas reunións do 23 de maio e 6 de xuño de 2016, tivo coñecemento das vacantes de membros dos consellos sociais das universidades de Vigo e Santiago de Compostela por expiración do seu mandato, e posteriormente, por acordo do 21 de xuño, logo de audiencia da Xunta de Portavoces, acordou a súa inclusión na orde do día do pleno e a apertura do prazo para a formalización das propostas de candidaturas ata o 27 de xuño.

En cumprimento do disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, procede a elección dos membros destes consellos.

Rematado o prazo, a Mesa, na reunión do 27 de xuño, logo de cualificadas as propostas presentadas, acordou elaborar unha lista única pechada para cada un dos consellos sociais, na

que figuran, por orde alfabética, os nomes das candidatas e dos candidatos propostos e os grupos parlamentarios proponentes, así como o seu traslado aos portavoces dos grupos parlamentarios.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeletas e chamamento por orde alfabética de apelidos. A expresión do voto efectuarase introducindo na urna correspondente a papeleta previamente entregada polos servizos da Cámara, na que constan os nomes das candidatas e dos candidatos propostos, e marcaranse cunha aspa os recadros correspondentes, ata un máximo de 6 para cada consello social. Diferéncianse as papeletas dos diferentes consellos na cor, que se corresponde co distintivo que figura na urna na que deberán ser depositadas. Considerarase voto en branco de non marcar ningún recadro, e considerarase voto nulo cando se escribisen os nomes doutras persoas ou outros sinais. Efectuado o escrutinio, proclamaranse elixidos ou elixidas se obteñen a maioría simple.

Supoño que están repartindo xa as papeletas. Se hai alguén que non a teña, que a solicite. E prégolles á vicepresidenta primeira e á señora vicesecretaria que se sitúen onda a urna para a recollida de papeletas, e ao señor secretario que faga o chamamento por orde alfabética de apelidos das deputadas e dos deputados.

Procedemos, polo tanto. Cando queira, señor secretario.

(O señor secretario, Balseiro Orol, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor secretario.

¿Queda alguén por votar? *(Pausa.)*

Grazas. Procedemos ao reconto. *(Pausa.)*

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Temos xa o resultado do escrutinio, que paso xa a comunicárllelo.

(Murmurios.)

Silencio, por favor.

Polo Consello Social da Universidade de Vigo: votos emitidos, 73. Don Xosé Manuel Atanes Limia, 66; don Javier Casares Mouriño, 66; dona Mercedes Castro Mouzo, 66; don Jesús Graña Nogueiras, 55; dona María Elvira Larriba Leira, 55; dona Natalia Zunzunegui Garrido, 55. Votos nulos, 1; votos en branco, 6.

Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela: votos emitidos, 73. Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, 66; don Juan Luís Castro Rodríguez, 55; don Jesús Couceiro

Rivas, 66; don Xerardo Denís Felipe Estévez Fernández, 66; don Manuel Lolo Aira, 55; don Manuel Martín García, 55. Votos nulos, 6; votos en branco, 1.

Polo tanto, acadadas as maiorías simples que precisan, quedan designados como membros dos consellos sociais das universidades de Vigo e de Santiago de Compostela.

Rematado este punto, continuamos coa orde do día, co punto 2, que se corresponde co de textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais

O señor PRESIDENTE: Mantéñense para o pleno emendas do Grupo Parlamentario Mixto, emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galicia.

Para a presentación do ditame, ten a palabra o presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, don Agustín Baamonde.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (Baamonde Díaz): Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

O proxecto de lei ao que se refire a Presidencia tivo entrada no rexistro do Parlamento o día 15 de febreiro de 2016. A Mesa do Parlamento, na reunión do propio día 16 de febreiro de 2016, admitiu a trámite esta iniciativa e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

Os grupos parlamentarios da Alternativa Galega de Esquerda e Mixto presentaron cadansúa emenda á totalidade, que foron rexeitadas na sesión plenaria do 29 de marzo de 2016.

As emendas ao articulado presentadas foron 96 emendas: 28 do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, 20 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 3 do Grupo Parlamentario Popular, 37 do Grupo Parlamentario Mixto e 8 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión 1ª, na sesión do día 8 de abril de 2016, designou os seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular, don Miguel Ángel Tellado Filgueira como titular e don Jacobo Moreira Ferro como suplente; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona María Soledad Soneira Tajés como titular e dona Patricia Vilán Lorenzo como suplente; polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, don José Javier Ron Fernández como titular e don Ramón Vázquez Díaz como suplente; polo Grupo Parlamentario do Bloque

Nacionalista Galego, dona María Tereixa Paz Franco como titular e don Francisco Jorquera Caselas como suplente; e polo Grupo Mixto, dona Mónica Fernández Rodríguez como titular e dona María Consuelo Martínez García como suplente.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o día 23 de maio de 2016, que rematou o seu informe; informe que foi debatido e aprobado na sesión da Comisión do día 10 de xuño.

En canto á estrutura do texto legal, conta cun artigo único, no que se modifican 20 artigos xunto co título VII relativo ao réxime disciplinario da Lei de coordinación das policía locais.

Señorías, ata aquí o percorrido lexislativo deste proxecto de modificación da Lei de coordinación de policía locais na Comisión 1ª, que eu presido. Correspóndelle agora ao Pleno o seu debate e, se é o caso, a correlativa aprobación.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Baamonde.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Traemos hoxe aquí a este pleno o Ditame elaborado pola Comisión 1ª sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais. Sabemos que debemos adoptar medidas urxentes, sobre todo pola necesidade de procesos selectivos, de convocar os ditos procesos para cubrir vacantes. E precísase dunha urxente revisión da actual lei, onde se deben incorporar os avances e a actualización da propia lei para permitir unha mellor resposta ás problemáticas dos corpos de Policía local de Galiza.

Estas incorporacións de obrigada modificación son, por exemplo, o Estatuto do empregado público –que debemos incluír na normativa de coordinación de policía locais a súa parte xeral, a adaptación a algúns artigos desta lei básica de ámbito estatal–. E tamén está a entrada en vigor da Lei 4/2010, do 20 de maio, do réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía, onde se introducen cuestións de obrigada referencia que provocan un cambio no articulado dentro do título VII da Lei 4/2007, que nos afecta ás faltas e á súa tipoloxía, á enumeración das sancións e á prescrición de ambas. Tamén debemos incluír, por último, a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do ano 2014, ao considerar discriminatorio a idade que se establece de límite para o propio acceso aos procesos de selección de persoal dos corpos de Policía local de Galiza.

Si é certo que se presentaron 96 emendas, das que 37 pertencen ao Grupo Mixto, e 40 saíron adiante. Do noso grupo aceptouse unha emenda, que é a número 10, que era de substitución do artigo 65.1, que era referente á segunda actividade, cando o persoal funcionario da Policía local tivera diminuídas as súas aptitudes.

E transaccionáronse do noso grupo as emendas números 2, 4, 5 e 37. Eran referidas, un pouco, ao feito de garantir unha formación continua e práctica nos concellos para proceder mancomunadamente a unha galería de tiro, por exemplo –esta era a nosa emenda número 2, referida ao artigo número 7–. Ou o feito na emenda número 4 sobre o coñecemento da lingua galega, que quedou tamén transaccionada. A emenda número 5 tamén era referida ás probas de acceso con respecto ao coñecemento da lingua galega. E a número 37 tamén foi transaccionada e incluída nunha disposición adicional segunda bis con emendas presentadas polo PSOE e AGE.

Por outro lado, entendemos que si se deron pasos importantes na propia ponencia para a modificación desta lei, mais entendemos e consideramos que quedou camiño por andar. A revisión do modelo de policía que temos debe garantir a cobertura para todo o territorio galego, que deben desenvolver o seu cometido nas mellores condicións posibles.

Chegamos a este pleno e non sabemos se aínda queda unha pequena marxe de manobra por todo o exposto, se podemos repensar.

Nós xa na Comisión 1ª, no informe de ponencia, comentamos que iamos manter todas as emendas presentadas. E volvo facer fincapé na emenda número 1, que era sobre o artigo 9, onde se falaba de uniformidade e onde entendemos que todas as persoas membros da Policía local deben dispoñer das EPI pertinentes para a prevención de riscos laborais. Comentóusenos que se rexeitaba porque aparecía recollida no Decreto 60/2010, do 8 de abril, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos.

No artigo 23, en medios de dotación colectiva, apartado 2, indica: “... medios que irán nos coches policiais que presten habitualmente servizos operativos”, entre os que aparece o chaleco antibalas. Mais aparece así, sen máis, sen especificar nada. Os chalecos antibalas deben de ser individuais, chalecos femininos e chalecos masculinos. Son chalecos antibalas, anti-punzóns, anticoitelos e antitraumas. E daban neste decreto o prazo de dous anos para garantir a entrada en vigor do decreto, mais a realidade a día de hoxe non se corresponde. Non hai para nada chalecos individuais.

Tamén se dá a circunstancia de que as e os axentes que leven asociados ao seu vehículo patrulla un par de chalecos antibalas para ser empregados polas rotacións ao longo da xornada na que empreguen ese vehículo teñen o problema de que a tallaxe –tamén personalizada– pode non dar a cobertura desexada ao policía que os emprega. E o problema dos chalecos antibala é unha queixa non só de Galiza, senón do resto do Estado; incluso en moitos concellos, onde pode haber un centenar de policía locais, só hai unha dotación incluso menor a dez, que para nada garante tampouco a seguridade, e tamén por cuestións de hixiene. Incluso ás mulleres, ao non ter un chaleco adaptado á súa anatomía, lles pode causar algún

tipo de feridas, como aconteceu nalgún punto do Estado, e mesmo foron apercibidas por negarse a usalos.

Entón, entendemos a prestación do servizo en condicións axeitadas e con todos os medios técnicos e operativos precisos para o cumprimento das propias funcións.

E seguimos co recorte de material, onde incluso nalgúns concellos, sobre unha vintena de policía, só un podía dispoñer de arma, porque isto xustificaba a disposición de arma, que tes que dispoñer dun armeiro, dunha galería de tiro, etc.

Ou tamén a emenda número 3, onde coidamos que é importante, sobre todo nas probas de acceso aos corpos de Policía local, que poidan incluír diferentes probas, e faciamos fincapé en que todas as persoas que se presenten teñen que reunir unhas características axeitadas para o bo funcionamento, para a disposición que teñen no exercicio da súa actividade para a cidadanía.

Ou tamén a emenda número 6, onde si consideramos importante a representación sindical e do Concello, sobre todo á hora de todas as propostas, a formación, os horarios, as quendas de traballo.

Ou a número 7, sobre o artigo 55, onde fala do embarazo das funcionarias dos corpos da Policía local, ou das funcionarias policía dos concellos que non teñan constituído o corpo de Policía local, ás que lles será de aplicación o que dispón a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais en materia de protección da maternidade. Aquí recóllese a avaliación dos riscos das traballadoras en situación de embarazo ou parto recente, e axentes, os procedementos ou as condicións de traballo que poidan influír negativamente na saúde das propias traballadoras ou o feito de calquera actividade. E non nos vale só con que pasen a unha segunda actividade, porque tamén se debe contemplar o dereito a ausentarse do traballo ou o dereito á remuneración para a realización dos exames prenatais e técnicas de preparación ao parto, xustificando esta acción dentro da xornada laboral.

Tamén a emenda número 8 ao artigo 55, que tampouco se tivo en conta, sobre o establecemento da xornada laboral, horarios, descansos e o resto de condicións, que serían obxecto de negociación cos representantes sindicais nos termos previstos pola lexislación vixente. Existen grandes problemas en concellos, sobre todo en cidades, e sobre todo agora mesmo, cando se aprobe esta lei, para a cobertura urxente de vacantes, o calendario laboral, a elaboración da relación de postos de traballo, etc.

Ou incluso a emenda número 9 ao artigo 64, sobre o informe médico da ou do profesional facultativo do Sergas correspondente. Entendemos que é importante que, independentemente de que esa persoa teña un médico do Sergas ou non, se debe buscar unha persoa neutral, máis oficial ou máis transparente para elaborar o informe médico.

Tamén a emenda número 35 á disposición adicional única sobre os servizos de Policía local mancomunados, onde as e os axentes de Policía local de Galiza recibirán obrigatoriamente formación en igualdade de xénero e prevención e loita contra a mesma. Ademais, en todos

os corpos de Policía local existirá un grupo de axentes cunha avaliación positiva en formación e sensibilización específica en igualdade de xénero e violencia de xénero, que atenderán as demandas xeradas en relación coa protección das vítimas durante as 24 horas do día, todos os días do ano. Poden os concellos proceder a subscribir un acordo de colaboración, de xeito que permita prestar un servizo mancomunado que garanta a mellor protección das vítimas e, sobre todo, unha formación bastante homoxénea. Isto xa aparecía recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, que era a Lei galega de prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Aquí si hai un criterio un pouco dispar. Sabemos que si se fai formación, pero que non chega a toda a Policía local. Despois, tamén hai uns concellos que están máis interesados na formación. Entón, cremos que se debe homoxeneizar e ofrecer o mesmo tipo de formación. Todos os axentes deben ter, e teñen o dereito a ter, a mesma formación en todo o territorio galego.

Ou tamén a emenda número 36 á disposición transitoria única bis, sobre a revisión de oficio de sancións.

E vou deixar agora para o final os comentarios sobre o réxime disciplinario. Fomos o grupo parlamentario que presentamos a maioría das emendas sobre este réxime. Parece ser que non temos marxe de manobra, que estamos atados. Sabemos que o pilar básico e xurídico da Policía Nacional é o Instituto Armado de Natureza Civil, mais debe ser un réxime disciplinario adaptado á realidade do noso tempo, onde existen eivas, e parece que non podemos contemplar melloras. Eu creo que é necesario cuestionar todas as cousas para intentar melloralas e non acatalas tal cal, limitar o exercicio dos dereitos da cidadanía e castigar as condutas dos que velan pola nosa seguridade, ao mesmo tempo os únicos investidos coa potestade do uso lexítimo da violencia; non é tarefa doada.

A referida norma está pensada para un corpo cunha estrutura organizativa e funcións diferentes ás da Policía local. Non só sería axeitado, senón preciso, que os corpos de Policía local tiveran un réxime adaptado á súa propia organización e funcións. Entón, no propio réxime disciplinario, sobre as emendas que presentamos, quero destacar, por exemplo, o artigo 79, sobre o que faciamos unha emenda de substitución: a violación do segredo profesional e a falta do debido sigilo respecto dos asuntos que coñezan por razón do seu cargo, sempre que se prexudique o desenvolvemento do propio labor policial, que cause prexuízo á Administración, ás persoas detidas ou investigadas ou a calquera outra afectada pola investigación policial ou que se utilice o dito coñecemento en proveito da propia persoa funcionaria, que aquí tamén coincidimos con outro grupo parlamentario, neste caso co BNG.

E tamén a emenda número 16, sobre o acoso sexual e o acoso laboral, que aparece moito máis especificado na emenda que presentamos. Ou a emenda número 17, sobre a non prestación de auxilio, que é unha falta que consideramos bastante grave. Ou incluso –que non se contempla en ningún dos artigos presentados ao réxime disciplinario– como se sancionaría a reincidencia de varias faltas. Ou a emenda 19 –que temos unhas cantas–, sobre a exhibición de armas sen causa que o xustifique, así como utilízalas en acto de servizo ou fóra del, infrinxindo as normas que regulan o seu emprego. Ou na 20, sobre o extravío, perda ou subtracción por negligencia do propio axente da Policía local da propia arma. E en Galiza, desgraciadamente, temos varios casos nos corpos de Policía Nacional. Ou, dentro do apartado

de faltas graves, a falta incluso de rendemento reiterado. Unha persoa que desenvolve o traballo de Policía local ten que ter unha concienciación do traballo que está desenvolvendo e unha gran responsabilidade. Ou volvemos incidir incluso no número de faltas ou na revisión das mesmas co cambio de normativa. Incluso na última das diferentes presentadas no artigo 85, onde o prazo de prescrición das sancións comezaría a contar a partir do día seguinte a aquel no que adquiran firmeza.

Nada máis. Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

O primeiro que hai que dicir é que Alternativa Galega de Esquerda tiña razón cando o 29 de marzo de 2016 presentabamos unha emenda de devolución á totalidade incidindo en que si, en que a reforma da Lei de coordinación de policía locais era unha reforma necesaria pero que chegaba tarde, e en que o texto que se nos ofrecía era un texto epidérmico, que quedaba na superficie, en aspectos nos que era fundamental afondar para avanzar de forma decidida na profesionalización do corpo das policía locais. E dicíámolo ademais porque era necesario evitar o uso sectario, clientelar ou partidista deste corpo de seguridade, entendendo que ofrece, ao noso entender, un servizo público de proximidade, importante e fundamental para a cidadanía galega e, polo tanto, que debe ser ofrecido en condicións de igualdade en todo o mapa galego.

Alternativa Galega de Esquerda presentou 28 emendas, incidindo sobre todo en aspectos que non estaban tratados no texto que nos ofrecera o Executivo –hai que dicilo así–. E, das 28 emendas, ningunha foi aceptada de forma directa. Si foron 12 rexeitadas e 16 transaccionadas, xunto con outras do PSdeG, ou do BNG incluso algunha, pero sobre todo transaccionadas, de forma que si que supoñían unha mellora con respecto ao texto que nos ofrecían de saída, pero sempre cunha rebaixa nos contidos, cunha rebaixa nos números, cunha rebaixa na calidade do que se pretendía acadar coas emendas que presentaba Alternativa Galega de Esquerda.

Comecemos, polo tanto, polas rexeitadas. Nós, cando fixemos o debate de totalidade, falabamos de que era necesario insistir na necesidade de establecer un mecanismo efectivo de control e de observancia do estrito cumprimento dos termos establecidos na lei para que se dea esa función de coordinación e unificación que sinala a propia lei.

Esa emenda, que é a nosa emenda número 1, foi rexeitada, e nós entendemos que é unha emenda importante. E non o di Alternativa Galega de Esquerda, dino tamén os propios policía locais, a propia Policía local dos distintos concellos. Din que é necesario ese control para avanzar nos procesos de oposición, que hoxe en día están paralizados nalgúns concellos desde hai dous ou tres anos, e podemos citar unha restrá deles: Gondomar, O Barco, Nigrán,

Marín, Betanzos, Lalín, Vigo, etc., un longo etcétera. Aí, efectivamente, os procesos están paralizados. E ademais están conlevando outra acción que nós entendemos que non é benéfica, que é a de contratar auxiliares para facer a función que debe facer un Policía local, e nós entendemos que os auxiliares de policía teñen un tempo máximo, pero estase estendendo ese tempo con permiso da Xunta de Galicia e da Academia Galega de Seguridade Pública, que non está facendo o traballo que debe facer de control de todos eses procesos. E está sucedendo que incluso hai concellos onde son os auxiliares os que están desenvolvendo turnos únicos; e os auxiliares auxilian, como di a propia palabra, apoian o traballo que debe facer un Policía local, pero non deben substituílo. Polo tanto, esas situacións entendemos nós que deben ser solucionadas e que deben ser solventadas e que a función e a responsabilidade da Xunta de Galicia é non fuxir da súa responsabilidade, senón asumila. Por iso entendiamos nós que esa emenda era importante.

Outras emendas que foron rexeitadas foron as que tiñan que ver coa representatividade na Comisión de Coordinación, como a nosa emenda número 2.

Outras, por exemplo, falan da ratio, da necesaria ratio, que foi a nosa emenda número 6, onde, en efecto, parece que, ao mellor, Alternativa Galega de Esquerda exerce de extremista, pero non. O que pediamos era que os concellos que contén cun corpo de Policía local e superen a cifra de 5.000 habitantes teñan a obriga de manter unha ratio permanente mínima de 1,4 policía por cada 1.000 habitantes. É unha demanda que existe no propio corpo de policía locais.

O certo é que, por exemplo, en Murcia –na lei murciana– e noutras comunidades do Estado se establece que o número será de seis policía, un cabo e un sarxento; ou –xa o comentabamos no debate de totalidade– no recente anteproxecto de lei presentado en Andalucía sinalábase un número mínimo de cinco membros –no artigo 12.1– nas localidades de máis de 5.000 habitantes.

E repetimos: a ratio calcúlase que pode ser un 40 % menos do persoal que sería exixible en todos os concellos de Galicia en total, na suma, un 40 % menos. En Galicia estanse dando situacións anómalas con concellos que teñen só un policía ou dous locais, ou concellos de 18.000 habitantes con dez policía, e todas as grandes cidades presentan un déficit de plantilla. Ningún dos 129 concellos con Policía local cumpre coas ratios. Nós entendiamos, polo tanto, que era necesario apuntalar, dalgunha maneira, ese proceso.

Outras emendas rexeitadas tiñan que ver sobre a dispensa de requisitos –a nosa emenda número 8–. Deixamos de lado, loxicamente, as múltiples propostas para mellorar o acceso aos requisitos, ás diferentes categorías do corpo, que son as emendas 13, 15, 17, 18, 19 e 22, sobre o acceso á categoría de inspector, inspector principal, intendente, etc., que todas foron rexeitadas. E o mesmo podemos dicir sobre o concepto de mobilidade, a través da nosa emenda 24.

Si podemos saudar, polo tanto, as emendas transaccionadas, que melloran o texto ofrecido, pero non así a literatura que se acolle. Nós aceptámolas porque, consultando coas persoas que nolas trasladaran, dixeron que era mellor iso que nada, pero, desde logo, Alternativa

Galega de Esquerda non queda contenta, porque o único que podemos saudar nese sentido, efectivamente, é a emenda número 4, que era propoñer un novo artigo 22 bis, onde nós pediamos dar facilidades administrativas para que os concellos veciños puideran garantir provisión de servizo público de forma axeitada cando non tiñan esa posibilidade ou esa capacidade de por si.

E iso faise a través da nosa emenda número 4, que foi transaccionada, pero, loxicamente, saudámola. Fala de que, cando dous ou máis concellos galegos limítrofes, cuxa poboación non supere en conxunto os 40.000 habitantes, non dispoñan separadamente de recursos suficientes para prestar os servizos de Policía local poderán asociarse para a prestación destes servizos.

Entendemos que iso é importante, polo menos dar esa facilidade ou esa posibilidade, e iso vai unido á dispensa de requisitos da nosa emenda número 9 ao artigo 31, onde, efectivamente, ante a dispensa de requisitos se conceden dous anos de prazo para procurar unha fórmula de asociación para a prestación de servizos con concellos limítrofes. Nós entendemos que iso é importante.

Do mesmo modo, lamentamos que o Partido Popular non acepte o texto que dicía a nosa emenda número 10 ao artigo 35 e outros, onde se fala da porcentaxe do 20 % e de tres anos de antigüidade no corpo na mesma categoría para o concurso. Cando a lei di o 25 % e cinco anos, nós ofreciamos o 20 % e tres anos, e a transacción que se ofrece é manter o 25 %, unha porcentaxe que consideramos elevada, e si aceptan vostedes os tres anos. Nese sentido saudamos ese aspecto, que coincide coas emendas 12, 14, 16, 20 e 21, onde se fala destes aspectos de reserva dunha porcentaxe para o concurso e dos anos de antigüidade na categoría.

Do mesmo modo, saudamos que se aceptase transaccionar sobre as emendas 25 e 27 ao artigo 44, sobre o número de anos que deben faltar para poder permutar para as xubilacións: son cinco anos para o caso de permutas. Non obstante, a nós o que non nos deixa para nada satisfeitos é a emenda que se transacciona coas nosas 5, 23 e 26, sobre o que era un desexo de reducir a terrible diferenciación salarial que existe dentro da Policía local, que pode chegar a 800 euros de media ao mes, sendo idéntica a antigüidade, o servizo e funcións que ofrecen; simplemente sendo a diferenza que están nun concello ou están noutro, e nós pretendiamos homoxeneizar esas diferenzas e discriminacións, que consideramos que son inxustas. E o que se nos ofrece é un texto –nós entendemos– exiguo, que di o seguinte: “Artigo 48. No marco da Comisión de Coordinación de Policía Local de Galicia, determinaranse os conceptos retributivos que poidan ser comúns a todos os concellos, respectando a necesaria independencia dos entes locais.”

Ben, está ben, é un avance, pero déixanos un pouco dubitativos, porque ese “que poidan ser comúns” entenderemos a ver que é común a ese nivel; agardemos que non sexa un nivel de supervivencia, loxicamente, ese aspecto común, e que sexa un nivel de dignidade salarial e laboral.

O mesmo podemos dicir doutras emendas, da nosa emenda número 7, que se transacciona –xunto coa 37 do Grupo Mixto e a 7 do PSOE– e que fala de actualización e de desenvolve-

mento normativo. E aí aprovéitase para introducir que “no prazo non superior aos seis meses dende a entrada en vigor desta lei...” –agardemos que sexa verdade e non aconteza como aconteceu con outras, discutidas hai pouco aquí, por exemplo a do regulamento do dereito ao asilo, que pasaron seis anos– “...aprobarase por orde do conselleiro competente en materia de seguridade unha regulación da mobilidade horizontal entre os corpos de policía locais de Galicia, que debe ser negociado no marco da Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia”.

Nós defendiamos dunha maneira máis estreita os diferentes conceptos de mobilidade, diferentes requisitos,... queda así un pouco subsumida, pero agardemos que cumpran vostedes co que di a lei, ou que cumpran outros co que di a lei. Agardemos que sexan outros, é dicir,... e se puideramos ser nós, ¡moito mellor!, pero, desde logo, non deixar que pase o tempo e que, como queda escrito aquí, pois xa todo resiste.

Nós entendemos que é necesario avanzar nos conceptos de mellora da profesionalización a través da mellora, precisamente, do acceso ao posto de policía local a través de procesos claros, transparentes, de procesos ben regulados de mobilidade horizontal, e vertical tamén, porque hai que ter en conta a mobilidade vertical, que é a que se dá dentro do propia localidade no propio ascenso profesional.

E, sobre todo, o que nós dicíamos no debate de totalidade, evitar ese “curso sonorum” endogámico, desexando sempre que os principios constitucionais de mérito, capacidade, igualdade e publicidade sexan o mellor indicio de que estamos avanzando na profesionalización deste servizo público, importante e indispensable para a cidadanía.

Ben, hai moitísimos outros aspectos que –xa o dicíamos–..., ao ser un texto tan encorsetado, as emendas de AGE foron precisamente por detrás dese corsé, e foi moi difícil –loxicamente, viuse con doce emendas rexeitadas e coa devaluación que se produce nas transaccionadas–, foi moi difícil mellorar, pero intentámolo.

Non obstante, quedan outros aspectos, bastantes, que a lei do 2007 necesita, de forma absoluta, mellorar, para avanzar no corpo único de Policía e noutros aspectos que xa foron expresados no debate de totalidade, e que, polo tanto, aínda merecen un traballo máis fondo desde o punto de vista lexislativo, un traballo máis fondo desde o punto de vista da participación dos axentes sindicais e policiais que desenvolven a tarefa, día a día, de velar pola seguridade dos veciños e veciñas de Galicia.

Polo tanto, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señores e señoras deputados.

Señor vicepresidente da Xunta.

Xa dixo o señor Ron, na súa intervención, que el cualificara no seu día este proxecto de lei de epidérmico. Creo que desde o Bloque Nacionalista Galego o cualificamos de parcial ou in-substancial, porque non abordaba as cuestións de fondo que poderían, dalgunha maneira, resolver ou incidir máis positivamente en avanzar en todas as problemáticas de fondo que existen en relación cos corpos de Policía local no noso país e, en xeral, con todo o que ten que ver coa organización das forzas e corpos de seguridade do Estado, con esa superposición de competencias que existen entre os distintos corpos, e que nós manifestabamos xa no debate de totalidade que era necesario avanzar no desenvolvemento da Lei 8/2007, pola que se crea a Policía de Galiza.

E tamén, igual que rematou o señor Ron, nós avogabamos daquela –e seguimos avogando, desde logo, a día de hoxe– en que a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais, necesita, despois de máis de nove anos desde a súa entrada en vigor, unha revisión en profundidade para –digamos– adaptala ás necesidades reais da cidadanía do noso país.

Dito isto, quería comezar por recordar que ese carácter parcial desta modificación lexislativa que se propón a través deste proxecto de lei vén derivado de que o Goberno simplemente pretendía dar resposta con este texto a tres urxencias, non á problemática real de fondo que existe na Policía local nos distintos concellos de Galiza. E esas tres urxencias eran, fundamentalmente: a súa adaptación á Lei do emprego público de Galiza, ao Estatuto do empregado público do Estado; a introdución das modificacións producidas, fundamentalmente, no réxime disciplinario dos corpos de seguridade do Estado; e, finalmente, dar cumprimento a unha sentenza motivada por unha directiva europea en relación coa limitación de idade para o acceso aos corpos de Policía local.

Efectivamente, a respecto deste texto hai un consenso por parte das organizacións sindicais que representan os traballadores e traballadoras da Policía local, e tamén os concellos galegos, pero ese consenso non significa que nin os traballadores, e os seus representantes, nin os concellos non consideren que é necesario profundar máis para resolver outros problemas.

O consenso consiste en asumir que é necesario introducir os cambios que se promoven a través deste proxecto de lei, porque, entre outras cousas, por exemplo, estaba bloqueada a posibilidade de convocar novas oposicións, mesmo naqueles concellos que teñen prazas de RPT desertas ou outras cuestións derivadas da falta de adaptación desta lei.

Pero, insisto, iso non significa que nin as organizacións sindicais nin os concellos aspiren a que no futuro, máis pronto que tarde, modifiquemos dunha forma máis substancial esta Lei de coordinación de policía locais.

No proceso de debate desta lei, no proceso de ponencia, recoñecemos, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, que se produciron –referidos ás tres cuestións ou catro que se suscitan neste proxecto de lei, non a respecto de ningunha outra– avances que consideramos positivos, empezando, por exemplo, co avance da redacción do novo artigo 22 –por certo, grazas a emendas formuladas por outros grupos parlamentares nas que se per-

miten os acordos de colaboración para prestación de servizos de Policía local en concellos limítrofes que sumen unha poboación conxunta inferior aos 40.000 habitantes. Porque, efectivamente, xa falabamos aquí no debate de totalidade de que unha das principais deficiencias que ten a Policía local en Galiza é a insuficiencia de recursos que teñen os concellos no noso país para cubrir as necesidades, para ter corpos dimensionados adecuadamente, non só desde o punto de vista da protección e preservación dos dereitos da cidadanía senón mesmo para poder respectar os dereitos laborais dos traballadores e traballadoras da Policía local.

E falaba na súa intervención o señor Ron de que, aínda que se falaba de nivel salarial e de dereitos laborais, non se establecían medidas para garantir que isto fose dentro duns estándares aceptables. E, efectivamente, iso é así. Pero é que, ademais, eu sosteño –como xa fixemos no debate de totalidade– que iso é absolutamente imposible se non se aborda tamén paralelamente a modificación do sistema de financiamento local. Porque, francamente, esa é unha das pedras angulares para que os concellos poidan prestar calquera servizo, e, por suposto, tamén este servizo. Polo tanto, consideramos que esta modificación que se introduce no artigo 22, no que se permite esta colaboración, aínda que non resolve que practicamente ningún dos concellos que contan con policía local cumpra coa ratio que se establece como aceptable, de 1,8 membros da Policía local por cada 1.000 habitantes, polo menos, sen resolverlo, pode contribuír a que os concellos poidan prestar ese servizo en mellores condicións.

Tamén digamos que damos a benvida á transacción de dúas emendas presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego coas que se pretendía garantir que no acceso aos corpos de Policía local se inclúa un exame de lingua galega para garantir o coñecemento da lingua por parte dos funcionarios e funcionarias do corpo de Policía local; pero sobre todo para garantir o dereito dos e das cidadás a seren atendidos tamén pola Policía local na súa lingua propia.

E cremos que tamén constitúe un avance relevante unha transacción entre unha emenda deste grupo e unha do Grupo Socialista na disposición adicional única na que se establecen as equivalencias de titulacións para o acceso aos corpos e escalas de Policía local. Polo que atinxe ao noso grupo parlamentario, introducímolo por petición dos propios funcionarios da Policía local, porque consideran que isto vai permitir clarificar moito mellor esa situación e evitar algunhas cuestións que se estaban producindo a respecto desta cuestión.

E, finalmente, tamén consideramos positivo que se introducise unha disposición adicional segunda na que se establece –aínda que este Parlamento non pode establecer con carácter obrigatorio algunhas cuestións en relación cos concellos– unha orientación legal para que os concellos elaboren regulamentos de organización e funcionamento dos seus respectivos corpos de política local, que é outra das carencias que se viña manifestando por parte dos integrantes e das integrantes dos distintos corpos e por parte dos sindicatos que representan os traballadores.

Dito isto, en relación coas emendas formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e que non foron aceptadas nin transaccionadas, en primeiro lugar, quería manifestar que o lamentamos en relación coa emenda número 2, que se facía sobre a composición desa Comisión de Coordinación de Policía Local. Nós pretendíamos facer máis

plural a representación dos corpos de policía locais nesa comisión, introducindo, por un lado, unha representación dos concellos grandes e outra dos pequenos. Porque creo que, desde logo, a ningunha das persoas que estamos aquí nos escapa que a problemática da Policía local de Barbadás ou de concellos incluso máis pequenos que Barbadás, que teñen Policía local, e a da Coruña ou Vigo, ou mesmo Ourense, é diametralmente diferente desde todos os puntos de vista, tanto desde a dotación, da infradotación, da formación, das retribucións, do respecto ou da posibilidade de exercer todos os dereitos laborais por parte dos seus integrantes, etc. Por iso, aínda que si que houbo unha transacción en relación co artigo que regula a Comisión de Coordinación –que nos parece que o mellora–, sen embargo, cremos que aí faltou algo de xenerosidade e que se podería ter mellorado moito máis a representación dos e das afectadas, das persoas que traballan día a día nos corpos de Policía local e que, polo tanto, podían achegar a esa comisión cuestións relevantes.

En relación coas emendas 5, 6 e 7 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego –que tampouco foron aceptadas nin transaccionadas–, que se referían exclusivamente á regulación que se introduce do réxime disciplinario, eramos plenamente conscientes cando as presentamos de que non se ían aceptar; entre outras razóns, porque esa regulación do réxime disciplinario é unha transposición literal do que establece a lexislación do Estado. Pero aínda así quixemos presentalas e aínda así hoxe quero falar dese asunto, porque me parece que deberíamos ter unha reflexión importante a respecto do réxime disciplinario das forzas e corpos de seguridade do Estado se de verdade queremos que sexan un servizo público –valla a redundancia– ao servizo da cidadanía e preservar os seus dereitos, garantir o cumprimento dos seus dereitos e preservar a súa seguridade, e non instrumentos doutro tipo, como nos acaba de amosar o señor Fernández Díaz. Deberíamos, desde logo, eliminar eses vestixios de militarización, xa non só na Garda Civil, que son *heavy metal*, senón en todo o resto dos corpos e forzas de seguridade do Estado. Porque, desde logo, eu convídoos, señoras e señores deputados, a que lean a relación de faltas leves, graves e moi graves que se establece a través deste proxecto de lei, que –insisto– é a transposición literal do que o Estado establece para as forzas e corpos de seguridade do Estado. Van quedar realmente sorprendidos dalgunhas das cuestións que se establecen e que nós pretendíamos corrixir. Por exemplo, hai unha falta que se considera grave e pola que se poden impoñer sancións bastante considerables, que é o abuso de drogas ou alcohol por parte dos membros da Policía local. Non se establece que teña que ser en horas cando están de servizo, e establécese que se considera abuso cando se detecta que iso pasa tres veces ano ano. Eu non sei se algunha das persoas que estamos aquí tres veces ao ano non somos susceptibles, por calquera circunstancia, de que nos dea positivo o consumo de alcohol simplemente porque tivemos unha festa familiar ou calquera circunstancia dese tipo. E estou falando de que estean estritamente fóra de servizo. A min francamente paréceme que é unha intromisión na privacidade mesmo dos membros da Policía local. Ou outras faltas disciplinarias que se establecen que son claramente instrumentos dos mandos e dos respectivos superiores dos policía para exercer un control que creo que é extralimitante e que non só non garante os seus dereitos como traballadores senón que mesmo os fai vulnerables a presións políticas que poden comprometer o seu comportamento a respecto dos e das cidadás.

En definitiva, este grupo parlamentario quixera que, como froito deste debate, todos e todas chegásemos á conclusión de que, aínda que isto era necesario facelo, e facelo canto antes, é

insuficiente. E que, polo tanto, todos e todas asumamos o compromiso de que, canto antes, imos facer unha reforma en profundidade non da Lei 4/2007 unicamente senón do modelo policial que queremos para este país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Paz.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra a señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Señora presidenta, señoras deputadas, señores deputados, quero dicir antes, como unha cuestión previa, que nos traballos na ponencia que se desenvolveron no debate desta lei, desta modificación, a verdade é que houbo espírito construtivo por parte de todos os membros desa ponencia. E, ademais, para esta deputada, que ten vivido un montón de situacións, tamén hai unha certa sorpresa en canto á “xenerosidade” –entre comiñas– do grupo maioritario en aceptar moitas das emendas e moitos dos razoamentos que presentamos. Por iso tamén hoxe queremos facer unha apelación aquí ás emendas que nós mantemos vivas para este debate. Non acabamos de entender por que, dalgunha maneira, non se redondea a faena en determinados aspectos que despois tratarei con máis amplitude.

A modificación desta lei, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, vén motivada por razóns que xa dixeron aquí os outros voceiros, como é a súa adaptación ao Estatuto básico do empregado público e á Lei de emprego público de Galicia. E tamén –e é certo– ata pode coincidir en moitos dos comentarios que se teñen feito aquí sobre o anacronismo que supoñen algúns dos aspectos da entrada en vigor da Lei orgánica 4/2010, do 20 de maio, do réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía. Pero tamén concordo en que iso é unha lei do Estado. E por iso nós aí non entramos, aínda sen compartido –o que tiñamos que dicir dixémolo no seu momento no Congreso dos Deputados–, porque realmente eu creo que a lei e a xustiza en moitos casos non van parellas. E neste caso –eu fago como a señora Paz– tamén convén que dediquemos nestes próximos meses de verán un certo tempo a ler determinados artigos do réxime disciplinario. A verdade é que é unha cousa sorprendente. Pero iso, para a maioría dos grupos que estamos aquí e que temos representación no Congreso dos Deputados, quizá sexa un dos deberes que nos deberíamos autoimpoñer para tratar de adaptar as leis á realidade e á normalidade.

E tamén era importante a súa modificación por canto a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 13 de novembro de 2014 consideraba discriminatorio o establecemento dun límite de idade para o acceso nos procesos de selección para o persoal dos corpos de Policía local. E isto estaba xerando problemas nas administracións locais, que teñen paralizados practicamente todos os seus procesos para dotarse de novos membros por baixas vexetativas ou, en fin, por outras circunstancias, ou porque moitos policía nalgúns casos teñan optado a prazas noutros municipios por distintas razóns de tipo persoal, económicas ou tamén polas diferenzas económicas –que é certo que existen– entre distintos concellos aínda que esteamos falando do mesmo cargo, coa mesma responsabilidade e entre concellos moi semellantes na súa categoría, por dicilo dalgunha maneira, en canto a poboación, recursos, estrutura, etc.

No noso caso –e quero recoñecelo publicamente, porque tamén cando criticamos o facemos con dureza e cando hai que recoñecelo hai que recoñecelo– entre as emendas aceptadas ou transaccionadas o 75 % das emendas que presentou o Grupo Parlamentario Socialista foron asumidas polo representante na ponencia da maioría parlamentaria desta Cámara. E cremos que con iso se lle fixo un bo servizo á Policía local, aos concellos de Galicia e, evidentemente, ao país, por canto a Policía local e os municipios cobren o cen por cento do territorio.

E facilitamos coas emendas e coas transaccións que foron aceptadas, tanto do noso grupo como doutros grupos, que a reforma fora un pouquiño máis alá que un mero trámite case administrativo e obrigado pola lexislación básica do Estado ou por sentenzas de tribunais europeos. E é certo que hai cousas que incluso se poden pulir máis, incluso se poden mellorar, pero aproveitando este trámite algo temos aportado.

Por exemplo, a colaboración entre concellos é fundamental, nun país coa estrutura municipal que temos en Galicia é fundamental. Eu creo que a ningunha das súas señorías lles escapa a experiencia, sobre todo se pasaron pola política local e en municipios pequenos, da celebración de determinados festexos no noso país ou calquera evento onde de facto moitos municipios estaban recorrendo a esa colaboración pero sen ningún tipo de cobertura legal máis alá da mera vontade de colaborar entre este alcalde ou aquel e dunha maneira non ordenada e, desde logo, non regrada. Creo que aquí puxemos as bases para que isto se faga.

Na representación é certo que faltan moitas cousas, e é posible tamén que incluso puideramos ir moito máis alá. Pero tamén é certo, e debo dicir que ademais con desgusto tamén para algúns deles, que a representación aumentou. Agora terán que poñerse de acordo en como seleccionan a ese representante, e aí tamén é onde se vai demostrar e onde imos ver na práctica cotiá a capacidade de negociar e consensuar tamén entre as organizacións da propia Policía local.

Para nós foi moi importante –e vou entrar no que nos queda, no que se nos aceptou e no que nos queda– que se rebaixara o requisito de ter polo menos cinco anos de antigüidade nun posto para poder promocionar nunha convocatoria que se fixera a outra praza. Iso coartaba moitas posibilidades de moitos policíaes que non teñen esa antigüidade, e que curiosamente en case todos os casos eran os policíaes mellor formados porque era xente que accedera máis recentemente ao posto e que en moitísimos casos teñen unha formación infinitamente superior –académica, quero dicir– a aqueles a quen van substituír, ou incluso con quen compiten. Pero simplemente o trámite de ter unha antigüidade determinada, cinco anos, supoñía... Aceptóusenos baixar a tres, creo que imos no bo camiño, pero queda unha pata que non se nos acepta, e é modesta, cando se di que polo menos o 25 % das prazas se reservarán para policíaes locais doutras policíaes locais de Galicia. E iso é como mínimo. A nosa proposta é ben modesta, é simplemente abrir o camiño para facilitar o acceso ao emprego; sobre todo en momentos coma este. Nós dicimos: ¡Oia!, baixemos un 5 %, deixémolo nun 20 %, que non pasa nada, señor conselleiro, que vostede creo que ten a capacidade como para convencer o seu grupo. Non pasa nada, porque, ademais, vostede sabe que as convocatorias en moitos concellos son dunha praza; de dúas prazas, como moito, na inmensa maioría dos concellos de Galicia. Polo tanto, a reserva implica na práctica que só pode acceder a determinadas convocatorias outro policía local. Non hai posibilidade na práctica, na

maioría dos casos, en que haxa unha apertura para que, nun momento como o que estamos vivindo, económico e laboral, alguén poida aspirar a construír un futuro desempeñando unha profesión, a veces incluso na súa propia localidade.

Non cambia moito, só é un 5 %, pero é un xesto, como antes falamos doutros moitos, e como creo que explicou a señora Paz. E creo que, en fin, o custo non é excesivo desde o punto de vista político. Sei que hai un consenso, seino, entre os sindicatos, a Fegamp e a Xunta de Galicia no texto que se remitiu aquí, é certo. Pero tamén é certo que os consensos ás veces constrúense sobre posicións de mínimos ou posicións máis ou menos asumibles por todos, pero non significa que non haxa aspiracións a ir un pouquiño máis alá, ou moito máis alá. Pero en aras do consenso ás veces sacrifícanse tamén moitas aspiracións.

Polo tanto, nós seguimos tendo a esperanza, nese mesmo espírito que imperou na ponencia, de que tamén isto se poida solucionar. E por iso tamén lle pedimos ao grupo parlamentario que manteña o esforzo negociador e de colaboración que tivo na ponencia.

Dixen antes que os nosos concellos demandan que aprobemos esta lei, que o fagamos o máis axiña posible –hoxe é o último trámite–. Porque temos moitos concellos de Galicia cos seus concursos paralizados e bloqueados en espera de que mudemos a normativa e poder sacar as bases con todas as garantías legais e que non poidan ser recorridas, e que non volvamos ter os problemas que tiveron no pasado recente.

Sabemos que a Fegamp está de acordo coa súa modificación nos puntos esenciais, e sabemos que conta co apoio e co consenso –xa o dixen antes e dixérono os outros intervenientes– dos sindicatos de clase máis representativos da Policía local. O noso grupo está disposto – como fixo na ponencia– a negociar, a falar e a discutir ata o final.

Non entro nas outras emendas que mantemos, porque a inmensa maioría teñen que ver, nos distintos apartados das distintas escalas, con esta porcentaxe de reserva. E, polo tanto, tampouco é cuestión de esgotar as súas señorías esgotando o tempo. A nosa disposición é total a negociar. E creo, señor conselleiro, que neste caso vostede é determinante.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Soneira.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidenta.

Moi bos días, señorías.

Tras os traballos previos en comisión e na ponencia, elévase a este Pleno o debate sobre o Ditame elaborado pola Comisión 1ª sobre este Proxecto de lei de modificación da Lei 4/2007 de coordinación de policía locais, unha lei elaborada durante o Goberno bipartito que cómpre reformar. E cómpre reformala por diversos motivos.

Trátase dunha modificación marcada, en primeiro lugar, polo Estatuto básico do empregado público, a Lei 7/2007, que xunto coa lexislación básica afecta tamén a normativa de coordinación de policía locais na súa parte xeral, e tamén pola entrada en vigor da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, que obriga tamén á adaptación dalgúns artigos da Lei 4/2007 á lexislación básica de ámbito estatal; en segundo lugar, tamén pola entrada en vigor da Lei orgánica 4/2010, do 20 de maio, do réxime disciplinario do Corpo Nacional de Policía, unha lei que pode parecer bastante farragosa e coa que se pode estar de acordo ou en desacordo, señora Soneira, pero que é unha lei que se elaborou por un goberno socialista no ano 2010; en terceiro lugar, pola necesidade de adaptar a lei aos pronunciamentos xurisprudenciais, máis en detalle, pola sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 13 de novembro de 2014, que considerou discriminatorio o establecemento dun límite de idade no acceso aos procesos de selección para persoal dos corpos de Policía local. O artigo 33 desta Lei 4/2007 establecía que tiñan que ter menos de 36 anos para poder acceder e unha sentenza da Unión Europea declarou discriminatorio a fixación deste límite, e dicíao porque non o xulgaba acorde coa Directiva europea 2000/78, da Comisión Europea, do 27 de novembro de 2000, agás a excepción recollida nela. Tamén aquí o noso máis alto tribunal de Galicia, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditou unha sentenza, a 681/2014, do 26 de novembro, na cal tamén se segue unha liña argumental derivada da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Porén, aínda que o representante de AGE falou aquí de que esta reforma chega tarde, pois, mire, chega tan pronto foi posible. Estas sentenzas son do ano 2014 e, polo tanto, non se podía facer antes do 2014 porque non había pronunciamentos xudiciais para facer esta reforma.

Por outra banda, esta revisión da lei do Bipartito resulta necesaria para dotar de seguridade xurídica procesos selectivos en desenvolvemento, así como para as expectativas doutros concellos de convocar estes procesos. Tratamos con esta iniciativa lexislativa, promovida pola Xunta de Galicia, de evitar –e hai que dicilo– a parálise case absoluta na convocatoria de prazas para estes corpos. Esta reforma é fundamental e vai permitir aos concellos a cobertura de prazas necesarias para manter adecuadamente o servizo de Policía local.

Tamén resulta necesaria para modificar certos artigos que a verdade é que se mostraron pouco efectivos para facilitar os avances e a actualización da propia lei. E trátase dunha reforma que chegou a este Parlamento consensuada coas administracións afectadas pola mesma, cos concellos e cos profesionais a quen vai dirixida. É un texto xurdido do diálogo e do consenso, redactado por un grupo de traballo con representantes de todos os colectivos presentes na Comisión de Coordinación de Policía Locais e referendado por unanimidade por esa comisión, unha vez o grupo de traballo lle remitiu a redacción definitiva. Conta cos parabéns de forzas sindicais, de UXT, Comisións Obreiras, CSIF, CIG e Axempol –o sindicato dos xefes e mandos–. A Fegamp tamén emitiu o seu informe favorable á Comisión de Coordinación de Policía Locais. A Secretaría Xeral de Igualdade xa no trámite de elaboración do proxecto emitiu unha serie de recomendacións e recolléronse as súas propostas, e a Dirección Xeral de Función Pública tamén fixo unha serie de recomendacións que foron tamén recollidas neste texto.

Esta modificación responde ás súas principais demandas, ás da Comisión de Coordinación das Policía Locais e ás dos axentes afectados: seguridade xurídica, eliminación de discri-

minacións arbitrarias, maior rigor nos procedementos de acceso libre, flexibilidade nos procesos de provisión de prazas por promoción interna, maiores posibilidades de mobilidade e facilidades para a permanencia en activo daquel persoal que así o desexe.

É un texto moi breve, con 18 apartados que se dedican fundamentalmente a eliminar as excesivas rixideces que estaban penalizando o bo funcionamento dos corpos de Policía local en Galicia.

E dende o Grupo Parlamentario Popular defendemos a necesidade de reformar esta lei por varios motivos:

Primeiro, porque dentro do noso programa electoral figuraba de forma expresa a potenciación dos mecanismos de colaboración en materia de persoal dos corpos de Policía local. Neste sentido, cremos que a nova redacción da lei dá flexibilidade aos mecanismos de promoción interna ou de permuta, alenta esa mobilidade, esa xestión óptima e conxunta do persoal dos distintos corpos de Policía local de Galicia.

En segundo lugar, porque o texto que hoxe se trae á Cámara e que estamos debatendo xorde –como acabo de dicir– dun grupo técnico de traballo creado no seo da Comisión de Coordinación de Policías Locais de Galicia, un órgano que conta coa participación da Xunta de Galicia, dos concellos, dos sindicatos e da Asociación de Xefes e Mandos. Esta reforma diseña mecanismos máis flexibles para conseguir cubrir as prazas que se convocan polo proceso de promoción interna, para facilitar as permutas e para facilitar tamén a prolongación da vida activa dos axentes que queiran permanecer en primeira actividade. Por iso dende o Grupo Parlamentario Popular estamos convencidos de que esta reforma vai ter unha repercusión moi positiva nesta xestión de persoal que deben facer os concellos, na medida en que vai permitir resolver, por fin, situacións que afectaban a prestación do servizo de policía.

Un terceiro motivo polo que o Grupo Popular vai apostar por este proxecto, coas melloras que se incluíron no trámite de ponencia coas transaccións –das que logo falarei na segunda quenda– e tamén coas emendas aceptadas dos grupos da oposición, é que, ao contrario do que fan outros grupos parlamentarios, a nosa intención non é instar o Goberno a non cumprir coas leis e coas sentenzas xudiciais, senón máis ben todo o contrario. Dende o Grupo Popular cremos que é a nosa obriga, a de todos, instar o Goberno a cumprir coa lei e coa sentenzas ditadas. Por iso gran parte desta reforma a traemos hoxe aquí a este Parlamento.

E contra o texto do Bipartito pesa unha sentenza –que acabo de citar– do Tribunal de Xustiza de Galicia que considera desconforme fixar o límite de idade de 36 anos que se impuxo para acceder aos corpos de Policía local de Galiza. Esta sentenza está a provocar –e aquí xa se comentou polos representantes dos outros grupos– serias dificultades para convocar oposicións, porque non hai seguridade xurídica sobre os criterios que deben ter estas convocatorias. E con esta lei –igual que coa Lei de medidas urxentes da Administración local, de 2014– a Xunta contribúe a dar seguridade xurídica ás actuacións municipais e evita que as dúbidas interpretativas poidan levar a disfuncións na prestación de servizos públicos fundamentais.

E o último –e para nós fundamental– é que este é o texto que queren os concellos. É o texto que queren os concellos e que queren tamén os axentes das policía locais galegas. Este texto foi aprobado por unanimidade pola Comisión de Coordinación, na que hai dez representantes municipais e cinco representantes sindicais.

É certo que no trámite de ponencia falamos e estudamos polo miúdo todas as emendas dos grupos que se presentaron, dos grupos da oposición. É certo que tratamos de ser construtivos nese estudo e chegamos a bastantes transaccións –36 emendas transaccionadas–; polo tanto, creo que merece a pena comentar algunhas delas pola novidade que representan con respecto ao panorama actual, á regulación actual:

En primeiro lugar, permiten que os concellos se poidan asociar para construír e equipar, por exemplo, equipamentos como unha galería de tiro, co fin de facer un uso conxunto da mesma. Modifícase, tamén, a composición da Comisión de Coordinación, de xeito que se engade un representante máis designado pola Asociación Profesional de Policía Local que acredite a maior representación do persoal funcionario dos corpos de Policía Local e non me cabe ningunha dúbida de que non haberá ningún problema e que haberá consenso entre as asociacións para nomear un representante. A participación de representantes dos corpos, polo tanto, vaise equiparar cos representantes da Xunta: cinco da Xunta e cinco de representantes sindicais e de asociacións de policía locais.

Unha novidade para nós moi relevante é que se vai permitir que dous ou máis concellos se poidan asociar para prestar os servizos de Policía Local. Serán concellos limítrofes cuxa poboación non supere, en conxunto, os 40.000 habitantes e teñen que cumprir unha serie de requisitos: que non dispoñan separadamente de recursos suficientes para prestar os servizos de Policía Local, que é o máis importante. E poderán asociarse para a prestación destes servizos, de acordo co establecido na disposición adicional quinta da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, e a normativa que o desenvolva. Será precisa, evidentemente, a sinatura dun acordo de colaboración e, con carácter previo á subscripción deste acordo, deberán solicitar e obter a autorización correspondente do órgano competente que non é o Goberno galego, senón que é o Ministerio do Interior.

Por outra banda, aos concellos susceptibles de obter a dispensa de cumprir os requisitos mínimos en canto á estrutura do respectivo corpo de Policía Local, agora dáselles un prazo de dous anos para que busquen a fórmula de asociación para a prestación deste servizo con concellos limítrofes para, así, poder acadar os mínimos exixidos na lei, contando coa asistencia da consellería competente en materia de seguridade.

Por outra banda –e xa se comentou aquí pola representante do Grupo do BNG–, ata agora bastaba demostrar o coñecemento da lingua galega e agora concrétese en facer un exame agás –evidentemente isto recóllese no texto definitivo– para aquelas persoas que demostren o seu coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.

Por outra banda, a antigüidade para acceder por concurso redúcese de 5 a 3 anos e creo que isto é opinable pero cremos que é unha importante achega de aproximación coas emendas da oposición e, evidentemente, creo que é bastante positivo que aceptemos entre todos esta redución de 5 a 3 anos de antigüidade.

Por outro lado, inclúese na lei a previsión de que os conceptos retributivos poidan ser comúns a todos os concellos respectando, iso si, iso temos que respectalo en moitos aspectos, tamén, á hora de dicir cando teñen que aprobar un regulamento porque iso é competencia da autonomía local, pois nese aspecto, respectando tamén a necesaria independencia dos entes locais, pois os conceptos retributivos deberán acordarse no marco da Comisión de Coordinación de policía locais. Pero sempre –insisto– respectando a necesaria independencia dos entes locais.

Regúlase, tamén, a posibilidade de que os concellos elaboren e aproben o seu propio regulamento de organización, o funcionamento do corpo de Policía Local. Aquí reitero que había emendas que dicían que se debía aprobar un regulamento, pero isto hai que deixalo a iniciativa de cada concello e, de feito, hai concellos, xa hoxe en día, que teñen aprobado o seu regulamento: o concello de Santiago de Compostela ten xa, dende o ano 2013, un regulamento aprobado. E dáse tamén un mandato para que, no prazo de seis meses, se aprobe a Orde reguladora da mobilidade horizontal entre os corpos de Policía Local de Galicia –norma na que me consta que se ten avanzado bastante–.

Trátase, señorías, por tanto, dunha lei necesaria, garantista e consensuada cos axentes afectados e cos concellos. Con esta lei resólvense múltiples problemas e actualízase o texto ás modificacións lexislativas e aos requirimentos derivados dos pronunciamentos xudiciais e, por tanto, non é soamente unha norma técnica, é unha norma que trata de emendar as eivas da lei aprobada polo Goberno bipartito no ano 2007 e é unha lei que trata de desbloquear, sobre todo, os procesos de introdución de novos axentes de Policía Local nos concellos galegos. E respectando –reitero de novo– a necesaria independencia municipal para regular certos aspectos, creo que hoxe poñemos fin a unha situación que tiña bloqueadas as convocatorias nos concellos. E, ademais, danse novas posibilidades para a cooperación entre concellos veciños para poñer en marcha o servizo de policía de forma conxunta. Creo que este é un avance, señorías, moi importante.

E tratándose dunha lei consensuada cos axentes implicados e na que foron admitidas o 42 % das emendas formuladas polo grupos da oposición en fase de ponencia, agardamos o seu apoio para sacar adiante unha lei tan agardada e tan demandada polos concellos. Así, poñerémonos ao servizo dos concellos de Galicia e poderase coordinar mellor o labor dos policía locais de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Dende o Grupo Mixto imos apoiar todas as emendas dos outros grupos parlamentarios –si que é certo que esta lei precisa unha revisión en profundidade–. Tamén comentar que tive-

mos coincidencias nalgúns puntos cos diferentes grupos da oposición e congratular polas aportacións a maiores do texto inicial que se presentaba para facer as reformas obrigatorias, as modificacións necesarias e destacar, así brevemente, emendas presentadas polo Grupo Socialista e de AGE –que eran as dúas de adición ao artigo 16– sobre a necesidade de actuacións de inspección precisas para as funcións de inspección de coordinación e para garantir o cumprimento dos parámetros establecidos pola lei; labores de inspección para cumprir o que é a propia función da Policía Local e evitar situacións de conveniencia e procurar unha homoxenización da propia función; ou as achegas que se fan ao artigo 18, sobre a composición da Comisión de coordinación, tamén feitas polo Grupo de AGE e do BNG, que foron rexeitadas, onde si se debería buscar un consenso á hora da representatividade. Consideramos que é moi importante pois os diferentes representantes de poboacións, onde hai unha disparidade –sobre todo polo número de habitantes–, non é igual unha cidade que unha vila porque traen outro tipo de problemáticas e ten que ver tamén co número de representación dos sindicatos máis representativos da propia Policía Local en Galiza.

Ou aquela do PSOE que é a número 5 ou de AGE número 6... Bueno, estou digamos agora mesmo resaltando algunhas delas para establecer un número determinado de policía locais en concellos de 5.000 habitantes. Como dixo tamén o representante de AGE unha demanda que piden os propios e as propias policía locais. Tamén é unha maior capacidade tamén dependendo dos propios orzamentos e da capacidade que teñan os diferentes concellos.

Ou a emenda número 11 de AGE onde se reducen a tres anos a posibilidade de promoción, que era o artigo 37, se non se cobren as prazas por medio de convocatorias de persoal público, ou incluso atopar ese equilibrio, esa flexibilidade para as persoas que se incorporan máis novas. Que sexa buscar un equilibrio, unha balanza dos traballadores, da xente nova que accede a este tipo de prazas e, tamén, que poida promocionar a xente con máis experiencia, pero non que uns teñan todos os dereitos e outros que non teñan ningún.

Ou aquela número 17 do PSOE, 24 de AGE sobre o que é a garantía de mobilidade. E tamén volver a reivindicar sobre o apartado do réxime do regulamento referente ás sancións a emenda do BNG presentada, número 6, sobre o consumo de drogas tóxicas onde se equiparan outro tipo de substancias e que exige unha importante revisión do propio regulamento.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Pola nosa banda, imos apoiar as emendas que nos presentan os compañeiros e compañeiras dos grupos da oposición porque coinciden basicamente no expresado por Alternativa Galega de Esquerda. Varias delas, de feito, como se puido reparar nas transaccións que nos ofreceu o Partido Popular, están realizadas a través do diálogo coas mesmas organizacións e, polo tanto, en moitos aspectos na súa textualidade son coincidentes e, polo tanto, non queda máis que dicir que apoiamos, sobre todo cando vemos as do PSdeG. Nese sentido vemos que traballamos coas mesmas organizacións de base.

Con respecto incluso ás do Mixto, ás do BNG, pois hai plena coincidencia. Importante o que se fai coas transaccións nas que se apela á necesidade de incluír un exame de galego, agás aquelas persoas que acrediten coñecemento da lingua conforme á normativa vixente; ou a transaccionada sobre a emenda 4 do BNG e a 5 do Mixto que tamén apoiamos e, en xeral, todas aquelas que quedan vivas porque entendemos que melloran –sobre todo as rexeitadas– o texto de base que se nos presentou no debate de totalidade e como vimos era necesario avanzar e profundar no traballo de emenda, no traballo de debate político. Aínda quedan moitísimos aspectos por tratar –e xa o dixemos case todos os grupos parlamentarios–, é necesario afrontar a necesidade de reformular esa lei de 2007, de darlle unha volta para avanzar en establecer a plena profesionalización do corpo da Policía Local, para que non se dean situacións de desequilibrio e de discriminación evidentes entre servizos, que debe ser o mesmo para toda a veciñanza e toda a cidadanía galega, e non por estar nun concello ou noutro verse provisto dun servizo ou verse desprovisto. E, polo tanto, cremos que é preciso darlle unha volta a toda a lei para avanzar nese aspecto.

Polo tanto, non reiterar máis que o noso apoio a todas as emendas presentadas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galegos, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Eu lamento que, nin sequera cando hai certos consensos e acordos básicos, o Partido Popular sexa capaz de saír aquí e non amentar o Bipartito nin facer descualificacións das posicións dos grupos parlamentarios, sobre todo porque eu creo que os demais tivemos un debate, desde ese punto de vista, bastante construtivo e sen facer descualificacións políticas e intentando simplemente falar do contido do proxecto de lei e, sobre todo, das necesidades que cremos que ten a Policía Local.

Dicir que os grupos da oposición non queremos que se cumpran as sentencias e a legalidade paréceme, señor Moreira, francamente que se lle foi a pinza un pouco, sobre todo se quixéramos sacar aquí de ronsel, de sentenzas incumpridas por parte da Xunta de Galiza, pero non é o caso. En todo caso, como esta é a rolda para posicionarnos sobre as emendas, dicir que este grupo parlamentario tamén vai votar favorablemente as emendas presentadas polo resto dos grupos, que na maioría dos casos –e tendo en conta a limitación da materia que se regulaba por este proxecto de lei– se refiren a cuestión similares ás presentadas polo Grupo Parlamentario do BNG, aínda que en moitas ocasións con maior amplitude, cun enfoque similar ou con maior profundidade, e que, en todo caso, cremos que mellorarían o proxecto de lei, e emprazar novamente a que tomemos en serio a modificación do marco legal non só da Lei de coordinacións de policía locais, senón do cumprimento da Lei 8/2007, que se desenvolva dunha vez por todas a Policía de Galiza.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señor presidente.

Primeiro, anunciar o noso voto favorable ás emendas que presentan os grupos da oposición polas razóns que xa aquí se dixeron. Son bastantes semellantes, simplemente é cuestión de estilo ou, en fin, profundan máis ou menos, pero basicamente coincidimos.

E logo hai algunhas cuestións das que me parece que deberíamos falar, señor Moreira. Vostede dixo que o texto é o que queren os concellos, o que queren as organizacións sindicais, os propios policía, e é certo, aquí chegou un texto consensuado e o Partido Popular non pode poñer encima da mesa como único argumento que hai que apoialo sen máis porque ese é o texto que se trouxo, porque en fase de ponencia se aceptaron, se transaccionaron –vostede mesmo o dixo– emendas que o melloraron sen ir para nada en contra dese consenso nin en contra da vontade tanto da Fegamp, dos concellos e dos policía locais que consensuaron a reforma que entrou nesta Cámara.

Polo tanto, si é posible engadir modificacións que permitan melloralo sen entrar para nada en lesionar os lexítimos intereses tanto de concellos como de policía. E, polo tanto, nós seguimos facendo un chamamento: ao igual que vostede dixo que fora un gran avance baixar a antigüidade para o acceso a determinadas promocións e convocatorias, de igual maneira a porcentaxe reservada para o propio corpo, ao que vostede non dixo nada, dixo que o diría agora, e espero que ese espírito de colaboración siga imperando, aínda que teño a impresión de que algún andazo debeu andar desde que traballamos en ponencia.

Porque, claro, xa non vou entrar en aspectos nos que entrou a señora Paz, pero un goberno que ten maioría absoluta, que cambiou leis no campo laboral, que tivo unha urxencia extraordinaria en modificar a Lei do aborto, a política sanitaria, a política educativa e no que por encima temos un ministro do Interior que a súa urxencia é condecorar trozos de materiais inertes aos que algúns lles teñen devoción e poñerlles medallas... Esas son as súas prioridades. E, por certo, tamén encerrarse no seu despacho para –nun país normal nunca se consentiría tal, e a estas horas debería estar cesado– planificar delitos. (*Murmurios.*) Si, planificar delitos.

Mire, o portavoz do Grupo Popular –e díxoo a señora Paz e díxoo moi ben–... Aquí viñemos falar do que viñemos falar, pero vostedes non o poden evitar, xeneticamente; cada vez que saen aquí, vostedes *tienen que meter la patita*, e, claro, a patita... Non a patita, a lingua no seu despacho meteuna o ministro do Interior, que está para outras cousas e non para planificar como endilgarlles delitos a representantes doutras forzas políticas; por certo, coas que eu non comparto practicamente nada. Pero é que me parece indecente, inmoral e canallesco que haxa un ministro do Goberno do meu país que aínda estea exercendo como tal despois de tal. (*Aplausos.*)

Así que, señor Moreira, se quere, falamos da Policía local e falamos da reforma, pero non me traia vostede aquí outras ovellas a pacer porque ao mellor sae trasquilado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Xa me estrañaba a min tanto xabón na primeira ronda. Xa estaba mirando por onde ía a min, pero xa vexo, señora Soneira, como resposta vostede. Aquí o único que eu atopo inerte é a oposición, dígollo sinceramente. (*Aplausos.*)

En relación coas emendas, coa orde de mobilidade –que xa se falou aquí desta cuestión–, xa lle dixen que están xa redactadas co consenso previo no grupo de traballo da Comisión de Coordinación de Policía Locais, no que, insisto, están representados os concellos e os sindicatos policiais.

En canto ás emendas do Grupo Mixto, falaba dos chalecos. Xa lle digo que xa se recolle no Regulamento de desenvolvemento que se ten a obriga de ter chaleco antibalas en todos os vehículos que presten servizos operativos. De todos modos, a súa emenda referida aos chalecos tampouco concreta nada, di que terán que levar chalecos. Vostede aquí nesta tribuna di que teñen que levar chalecos nos coches, para homes, para mulleres, pero na súa emenda non o especificaba, señoría, está máis especificado no regulamento. En todo caso, na próxima modificación do regulamento, no novo regulamento, xa se poderá contemplar, pero non é a lei o punto adecuado para facer esta determinación.

En canto ao informe médico, xa lle dixemos que vostede restrinxo que o informe médico se poida pedir ao médico do Sergas. É que, ao mellor, o médico de cabeceira do policía en cuestión nese momento non é o do Sergas. Hai que admitir tamén que sexa outro médico.

No réxime sancionador, poden estar de acordo ou poden estar en desacordo, pero no réxime sancionador non hai marxe de manobra, trátase de traspoñer a normativa que establece a lei, que establece o réxime disciplinario dos corpos de Policía Nacional, e aí non nos podemos mover, hai que respectar ese marco porque a competencia sancionadora é competencia básica do Estado.

De todos modos chámanme moito, bastante, a atención algunhas das emendas que vostede propón neste eido, e tomei a molestia de ler algunha, pero propón, por exemplo, reducir os prazos de prescrición das faltas e das sancións a un ano. Pois non creo que iso sexa moi positivo. Se buscamos que sexan punitivas as sancións, creo que restrinxir o prazo de prescrición non é positivo en canto á finalidade que se busca co réxime sancionador.

Outra. Limitan tamén o concepto de acoso laboral. Exixen que teña como resultado para a persoa afectada o seu menoscabo, maltrato ou humillación, ou ben que ameace e prexudique a súa situación laboral ou as súas oportunidades no emprego. A reforma non establece ningún tipo de limitacións, co cal, o concepto de acoso laboral é moito máis amplo. Vostedes quereño restrinxir.

Outras cuestións, señoría, como o tema do que falaba o representante de AGE, o control. Mire, desde o ano 2009 a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior vén publicando a me-

moria de actividades, na que se reflicte todo o control e os mecanismos de control que hai sobre a actividade da Policía local.

En canto á ratio das policía locais, que vostedes critican e que reclaman que sexa dun 1,8, pois, mire, é que a realidade, ao final, é que a ratio en Galicia é moi superior, porque votedes non están tendo en conta corpos de seguridade do Estado como a Garda Civil ou o Corpo Nacional de Policía. E se temos en conta todos os corpos, Garda Civil, Policía Nacional e policía locais suman 10.550 efectivos: 5.350 a Garda Civil, 2.700 a Policía Nacional e 2.500 as policía locais. ¿E sabe cal é a ratio de policía, polo tanto, en Galicia? Vostedes piden o 1,8, a Unión Europea recomenda un 2; pois se sumamos todos os efectivos, son 3,90 por cada 1.000 habitantes. Polo tanto, señora, o que hai que ter en conta é que se nun pobo hai Garda Civil, a Policía local xunto coa Garda civil son forzas e corpos de seguridade, non ten ningún sentido implementar e desproporcionar a presenza de Policía local cando xa hai efectivos doutros corpos de seguridade do Estado.

Dixo vostede, señor Ron, que a AGE non queda contenta. Pois, mire, non quedará contenta pero é unha lei que se fixo coas aportacións dos sectores implicados e é unha lei que enriquecemos, efectivamente, no trámite de ponencia, pero creo que fomos bastante xenerosos, votedes dixérono aquí nesta tribuna. Fomos bastante xenerosos na aceptación das súas emendas e, polo tanto, creo que xa dixemos no trámite de ponencia e no trámite de comisión ata onde poderíamos chegar. E, desde logo, se reiteran as súas emendas, son moi libres de reiteralas, pero, insisto, son un 42 % de emendas aceptadas nun texto que xa viña consensuado e practicamente feito pola Comisión de Coordinación de Policía Locais.

Señora Paz, ve vostede moitas eivas agora na Lei 4/2007, pero esas eivas non as viu vostede no ano 2007, porque isto é un proxecto de lei do seu partido e do Partido Socialista, e vemos que moitas cousas que agora reclaman que se reformen non as reformaron vostedes nin as tiveron en conta naquel momento.

Polo tanto, señorías, creo que é un moi bo texto, enriquecido coas súas aportacións, e, polo tanto, teño que dicir que, igual que lle dixemos no trámite de comisión, non imos aceptar as súas emendas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas.

Suspéndese a sesión ás doce do mediodía e retómase ás catro da tarde.

Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013, e, se é o caso, debate e votación do devandito proxecto

O señor PRESIDENTE: Teño a ben comunicar que a Mesa, oída a Xunta de Portavoces na reunión do día 21 de xuño de 2016, acordou propor ao Pleno da Cámara a tramitación polo procedemento de lectura única deste proxecto de lei ao abeiro do disposto no artigo 134.1 do Regulamento.

Antes de someter a votación a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única, ábrese unha rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios.

Ten, para iso, en primeiro lugar, a palabra, polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez; por un tempo de cinco minutos cada grupo parlamentario.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

O sistema de lectura única ten carácter totalmente excepcional, configurándose polas normas procedementais como un procedemento lexislativo especial. A técnica de lectura única caracterízase pola supresión de determinados trámites da fase central do *iter legis* común que supón a imposibilidade de presentación, debate e votación de emendas que habitualmente teñen lugar en comisión e a restrición no exercicio do dereito de participación das minorías parlamentares. Desaparece a posibilidade de negociación e transacción política sobre o texto orixinario, convertendo a Cámara nun órgano cuxa función única é aceptar ou rexeitar o texto lexislativo proposto polo Goberno.

En consecuencia, resulta evidente que a elaboración de normas a través deste procedemento especial produce unha redución de posibilidades de participación dos grupos da oposición na tramitación lexislativa. Por iso, a súa aplicación debe estar reservada para as materias ou textos de escasa transcendencia política... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...ou amplamente consensuados entre as forzas políticas.

Trátase, pois, dunha técnica procedementa a través da cal se pretende conseguir unha resposta rápida do Parlamento ante propostas lexislativas que non presentan grandes dificultades para consensuar ou acordar a súa aprobación, axilizando os trámites procedementais. Pero, evidentemente, este non é o caso; nin estamos a tratar dun tema menor ou intranscendente nin este proxecto de lei é froito do diálogo e o acordo entre as forzas políticas con representación neste Parlamento.

Este proxecto de lei forma parte... (*Murmurios.*) Hai un rumor... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Ten vostede toda a razón. Óese aquí un ruído que é moi molesto, por iso prego que, por favor, se poden respectar a quen está no uso da palabra. Grazas.

Prosiga.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Este proxecto de lei forma parte da campaña electoral do Partido Popular, que pretende converter unha sentenza do Tribunal Supremo que lle obriga a corrixir unha fraude ao persoal público nun acto de libre decisión do Goberno. Máis de mil recursos presentados, tanto en vía administrativa como xudicial, contra o recorte da paga extra motivaron numerosas sentenzas que condenaban a Xunta ao abono das cantidades retraídas nos salarios do persoal ao servizo da Administración autonómica. O 8 de marzo de 2016 o Tribunal Supremo notificaba a sentenza de desestimación do recurso de casación interposto pola Xunta de Galiza e que converte en firme a sentenza do Tribunal Superior de Galiza.

Respecto a este ano 2012, foron tantas as sentenzas que, finalmente, a Administración acabou pagando a débeda a todo o persoal. Pero, como sempre, o PP pretende facer campaña electoral dándolles a volta aos seus actos ilícitos, e hai que recoñecer que parece que lle sae ben. Así, o 11 de maio de 2015 –uns días antes das eleccións municipais–, o DOG publicaba o anuncio en relación coa recuperación dos importes deixados de percibir correspondentes ao mes de decembro de 2012 –iso en maio de 2015–. En outubro de 2015, Feijóo volvía anunciar –coas eleccións ao Estado xa convocadas– a baixada do IRPF, o cheque bebé, a redución do imposto de sucesións, unha dotación extra para as persoas que reciben pensións non contributivas e –no DOG do 16 de outubro– a publicidade do pago da retribución de carácter extraordinario da paga de 2012 e o incremento salarial do 2001.

Ante a repetición das eleccións no Estado e a convocatoria deste ano das eleccións galegas, seguimos coa propaganda. E así, neste ano 2016, o 25 de febreiro apróbase a oferta pública de emprego, en marzo a Xunta volve anunciar que se devolve a paga extra de decembro e a Consellería de Facenda promete aos sindicatos que en 2017 volverán cobrar as pagas extras completas, incluíndo o complemento específico que lle retirou en 2013 e que, sen embargo, agora pretenden vendernos como un acordo de negociación cos sindicatos na mesa xeral. É dicir, xa estaba decidido en marzo e agora veñen coa vía de urxencia e lectura única que xustifica a súa tramitación.

E agora, este proxecto de lei, cuxa publicación coincidiu a poucos días das eleccións estatais e o seu abono coincide preto das autonómicas, preséntase como unha acción voluntaria do Goberno. Nunca unha sentenza deu tanto xogo publicitario á parte condenada. Este proxecto de lei debeu tramitarse con tempo para poder presentar emendas parciais e debater sobre o deber de devolver ao persoal ao servizo da Administración galega todos os conceptos que lle foron subtraídos por parte do Goberno dende o ano 2012, nun acto que rompeu a boa fe que debe rexer calquera proceso de negociación colectiva.

Estou segura e convencida de que temos tempo de negociar unha lei que garanta a devolución de todos os seus dereitos e haberes ao persoal público e que teña o seus primeiros efectos no presente exercicio. Por iso, opómonos á súa tramitación por lectura única.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Boa tarde a todo o mundo.

A Alternativa Galega de Esquerda tamén se opón firmemente aos procedementos que emprega o Partido Popular, que emprega o executivo. Porque aquí do que hai que falar claramente é dunha imposición do executivo sobre o lexislativo, de tal forma que o traballo que podemos realizar nós queda absorbido pola vontade do executivo, que impón que isto se faga en lectura única e procedemento de urxencia. Nós vemos isto como un auténtico abuso, un abuso dese poder, desa maioría.

¿En que se xustifica a urxencia cando as sentenzas contrarias á acción que levou a cabo a Xunta de Galicia son coñecidas –unha delas, as últimas, desde o mes de febreiro–? E, como xa se dixo, desde marzo xa se sabía que a Xunta de Galicia tiña que atender as obrigas que derivaban das sentenzas xudiciais.

Esta decisión impide o traballo lexislativo, e só podemos facer constar a nosa conformidade ou desconformidade neste acto onde se solapan a forma e o contido. Polo tanto, nós entendemos que é un acto que vulnera as normas do debate democrático e do diálogo, e de poder emendar, que é onde é o traballo, ao suprimir a fase procedemental de comisión, pois loxicamente non podemos nin sequera corrixir unha coma e emendar, porque, loxicamente, no texto hai evidentes aspectos que emendar, porque só se restitúe unha das pequenas partes que foron roubadas, furtadas, pola acción austeritaria do Goberno do señor Núñez Feijóo.

É unha medida que vén –como xa se dixo–, ademais, en plena época preelectoral, no final de lexislatura, onde vostedes queren facer ver, usar esa máscara de bondade que están empregando ultimamente, e un pouco maquillar a súa acción austeritaria precisamente de cara ás vindeiras eleccións. Nós agardamos que isto non sexa ese blues que todo o mundo acaba tragándose. Nós opoñémonos firmemente a que vostedes usen esta Cámara para enganar a cidadanía, porque no fondo o único que fan é restituír pinga a pinga os dereitos que foron detraídos de forma global, de forma plena, e durante non só o 2013 senón no 2014, no 2015 e no 2016. E, polo tanto, preguntámonos que acontece con eses anos.

Isto é o mesmo que aconteceu o 29 de setembro do 2015, cando se trouxo aquí unha lei exprés daquel proxecto de lei onde se pretendía restituír o 25 % da paga extra do 2012. Aí xa dixemos que non era a forma de proceder, que non era a forma de proceder. Á parte de ser en si mesmo unha medida insuficiente, xa alí denunciabamos o que era unha forma absolutista, un abuso e, loxicamente, a publicidade electoralista da que se seguía facendo uso. Polo tanto, seguimos coas mesmas.

Logo, no turno, cando se trate de falar do contido, falaremos de por que estamos en contra incluso da textualidade, da redacción. Porque, ademais, se isto responde –como se di na exposición de motivos– a un acordo, nese suposto acordo falábase de que o compromiso da Xunta de Galicia era traer un anteproxecto. Un anteproxecto é algo moi distinto a traer un proxecto de lei totalmente mastigado e que se impón a través do procedemento de lectura única e de urxencia. Un anteproxecto é algo distinto, que permite camiñar, permite dialogar

e permite avanzar e emendar se se cumpren todos os procesos procedementais que se deben garantir para un proxecto de lei.

Nós entendemos que iso non sucede con isto que se nos ofrece, ao contrario. O único que nos queda –como dicimos– é manifestar a desconformidade e, polo tanto, a Alternativa Galega de Esquerda oponse firmemente a estes procedementos usados polo Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego oponse á tramitación deste proxecto de lei en lectura única polas seguintes consideracións:

Primeiro, o propio Regulamento da Cámara recolle este procedemento de lectura única como un procedemento de carácter excepcional reservado para aquelas materias e cuestións que, pola súa sinxeleza, pola súa simpleza ou polo seu carácter de atinxir unha cuestión moi reducida e moi concreta, poidan ser sometidas a un trámite de lectura única que, polo tanto, non precise dun debate demorado no Parlamento de Galiza. Porén, o Partido Popular, especialmente desde o ano 2009 e singularmente durante esta última lexislatura, ten realizado un auténtico abuso da utilización deste recurso establecido no Regulamento do Parlamento, xa que se ten utilizado para facer modificacións lexislativas e para aprobar textos legais que transcenden con moito –desde o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego– aqueles definidos no Regulamento como obxecto de tratamento por lectura única.

Para o Bloque Nacionalista Galego, trátase dun procedemento que pretende furtar o debate, dun procedemento profundamente antidemocrático, tendo en conta o tipo de materia que hoxe sometemos á consideración deste Parlamento, e que impide, na práctica, que haxa un debate que vaia máis alá de sucesivos monólogos dos grupos parlamentares, sen que de aí se poida deducir ningún tipo de acordo, ningún tipo de conclusión, ningún tipo de mellora do texto que se somete á consideración deste Parlamento. O propio Regulamento establece que a única posibilidade de emendar un proxecto de lei tramitado en lectura única é a través da presentación dunha emenda á totalidade con texto alternativo. E, finalmente, logo deses sucesivos monólogos que faremos cada un dos grupos parlamentares desde esta tribuna, someterase a votación a opción A ou a opción B, sen que en ningún caso haxa posibilidade, a través do que é normal nun Parlamento –que é do diálogo, do proceso de negociación, do proceso de transacción, do proceso de intentar chegar a acordos nunha ponencia–, de modificar nin sequera parcialmente algunha cuestión de carácter colateral, menor ou secundario –xa non digo de modificar substancialmente o texto que se somete á consideración por parte do Goberno–.

Por iso, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, porque consideramos que é un abuso por parte do Goberno, que é un sometemento do Parlamento ao Goberno, porque é converter este Parlamento nunha mera terminal de San Caetano, simplemente nun plató para que hoxe unha vez máis o conselleiro de Facenda veña aquí facer propaganda en período xa preelectoral da campaña das autonómicas, utilizando unha vez máis para esa campaña, para exhibirse neste plató, os dereitos, os intereses e os recortes que se lles fixeron aos e ás empregadas públicas. Consideramos, ademais, como xa dixen, que vai en contra dos principios democráticos dun parlamento e que constitúe claramente un abuso de dereito, xa que se perverte o que pon a literalidade do Regulamento, ao tratarse dun xeito de tramitación excepcional que por desgraza o Partido Popular está convertendo en habitual.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Boa tarde, señor conselleiro.

O certo é que vostedes sitúan este proxecto de lei como unha iniciativa que nós chamamos “de buenismo”, unha iniciativa de buenismo que non é certo, posto que é consecuencia das repetidas sentenzas xudiciais, que os obrigan a devolver a paga extra correspondente ao período entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 28 de febreiro dese mesmo ano, de tribunais que ditaminaron durante ese tempo que era ilegal a retroactividade da Lei 2/2013 do 27 de febreiro, así como a da Orde do 11 de marzo de 2013, esa que ditaminaba as instrucións para facer o axuste das nóminas dos empregados e das empregadas públicas.

Isto, señoras e señores do Partido Popular, señor conselleiro, non é nada novo. Non o revisitan como unha recuperación de dereitos pola súa boa vontade, nin o coloquen baixo o paraguas da negociación colectiva, esa na que vostedes nunca creron. Digan a verdade por unha vez. Digan que é consecuencia de que están perdendo reclamacións pola vía xudicial, algo que o Grupo Socialista advertiu en numerosas ocasións que ía ocorrer.

Nós solicitamos ao longo desta lexislatura en numerosas ocasións que se restituán os dereitos arrebatados aos empregados e ás empregadas públicas, que respecten e que comecen a tratar con dignidade, esa dignidade que merecen, os empregados e empregadas públicas. Fixémolo nos debates de orzamentos, fixémolo no debate do estado da Autonomía. E mesmo neste caso concreto que nos atinxe, na devolución da paga extraordinaria do ano 2013, o Grupo Socialista presentou unha proposición non de lei, que se debateu nesta Cámara o 16 de marzo, na que pediamos á Xunta de Galicia que desistira deses recursos, dos recursos de casación presentados ante o Tribunal Supremo sobre o complemento específico, ou o concepto equivalente para os laborais, iso das dúas pagas extra do ano 2013, iso que hoxe veñen vostedes vender-

nos. A iniciativa non saíu adiante polos votos en contra do Partido Popular, a iniciativa non saíu adiante polos votos do grupo que sustenta ao Goberno, señor conselleiro.

E si, pedímolos daquela. E o que realmente amosa isto é que estamos ante unha lei que non deixa de ser outra fraude propagandística máis do seu goberno, que o que fai é simular como que agora, como vai ben este país, se pode devolver a contagotas os dereitos arrebatados ás empregadas e empregados públicos cando a realidade é que volven utilizar unha vez máis os traballadores e traballadoras da función pública galega como moeda de cambio en época preelectoral. Amosan, ademais, a súa verdadeira faciana, posto que se regula, se modifica o regulamento, e recóllense nos diarios de sesións desta Cámara intervencións de membros do Partido Popular nas que falan de mellorar a democratización desta institución e, en canto teñen oportunidade, introducen un debate tan importante coma este a través do artigo 134, limitando o diálogo e subtraendo do debate desta Cámara reformas que vostedes emprenderon que afectan a función pública: amortización de prazas ou o propio debate para aprobar neste Parlamento un calendario, un cronograma, que devolva aos empregados públicos os dereitos e as pagas extra que foron arrebatadas.

A pesar disto, o Grupo Socialista vai actuar con responsabilidade, non se vai opor a que se leve a cabo este debate. Somos conscientes de que esa pequena parte, eses pequenos cartos que vostedes queren devolver a través deste proxecto de lei, é importante para milleiros de familias, para milleiros de familias de empregados e empregadas públicas. É importante porque vostedes non soamente converteron en traballadores pobres os da empresa privada, fixérono tamén con moitos empregados públicos, co cal este pequeno balón de oxíxeno que-remos que o reciba a cidadanía; neste caso, que o reciban os empregados e empregadas públicas na maior brevidade posible.

Tendo en conta isto, ímonos abster na votación da tramitación deste proxecto, aínda que dende logo non compartamos o procedemento a través do cal se leva a cabo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

Señora Noela Blanco, vexo que vostede tamén ten memoria selectiva, como o señor Pedro Sánchez e non recorda ese arrebato do 5 % das nóminas de todos os empregados públicos deste país que fixo o seu goberno. *(Aplausos.)* Ao Partido Socialista parécelle que o complemento específico é un gran drama, pero esquécese vostede daquel 5 %.

En definitiva, señorías, xa estamos acostumados a esta política do obstrucionismo destrutivo que practica a esquerda. *(Murmurios.)* Non falo de vostedes, estou falando da outra. Vostedes

vanse abster. Non son os obstrucionistas vostedes, que entendo que van votar a favor desta lei.

En definitiva, unha vez máis a oposición practicando este obstrucionismo destrutivo que os leva a ningunha parte. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero, en calquera caso, a poboación galega tamén o ten visto e tamén ten tomado boa nota deste comportamento, e así lles vai aos grupos políticos da oposición que presentan hoxe estas emendas á totalidade e que non están dispostos a que debatamos este asunto.

Argumenta o señor Ron que é un abuso que este proxecto de lei se tramite polo procedemento de lectura única, rachan as vestiduras, proclaman a morte da democracia, como adoitán facer sempre que a democracia dá uns resultados que a vostedes non lles gustan. É un pouco o que aconteceu con respecto ao pasado domingo. Eu enténdoo, vostedes perderon nos últimos seis meses 67.000 votos. É algo así como perder 11.000 votos ao mes. E, polo tanto, cando a democracia non lles dá a razón, entón é que..., claro, xa se sabe.

En definitiva, o procedemento de lectura única está previsto no Regulamento do Congreso dos Deputados, señora Acuña, do Senado e de todas as asembleas autonómicas de toda España. (*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*)...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!, señora Acuña.

O señor TELLADO FILGUEIRA: En todos eses casos está indicado naqueles proxectos de lei cuxa natureza ou simplicidade así o recomende, señora Acuña.

Hoxe temos ante nós un proxecto de lei coas seguintes características: é un texto único, ten un único obxecto, que é o aboamento da parte do complemento específico da paga extra devengada nos meses de xaneiro e febreiro de 2013. É dicir, é un proxecto de lei moi concreto, só toca un tema, ten un único artigo con sete apartados. O texto do articulado, señorías, cabe en catro carillas. É dicir, estamos ante un proxecto de lei tremendamente breve, un proxecto que vén derivado dun acordo asinado entre a Xunta de Galicia e tres das catro centrais sindicais representadas na Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos. A esas tres centrais sindicais vostedes hoxe queren dicirlles que nada, do que acordaron, nada de nada, porque vostedes están en posesión da verdade.

E ten unha urxencia que claro que está xustificada, porque a esta altura da lexislatura suporía un aforro, ademais, de gastos burocráticos para o persoal, que sen esta lei tería que reclamar individualmente estes cartos.

Polo tanto, díganme, señorías do Grupo Mixto, de AGE, do BNG, se este proxecto de lei breve e conciso, xa dialogado con todos os axentes sociais, non cumpre os condicionamentos do procedemento de lectura única. Claro que os cumpre. De verdade que nos resulta sorprendente a súa actitude, sobre todo se temos en conta que nesta mesma lexislatura desenvolvemos nesta Cámara un traballo de reforma do Regulamento do noso Parlamento e ningún dos grupos que hoxe está a protestar pediu a supresión do procedemento de tramitación por lectura única. ¡Caramba! Non se acordaron. ¿Ou entón non era un problema? ¿Ou é que do

que se trata é de protestar por protestar porque niso teñen vostedes convertido o seu labor de oposición?

Polo tanto, señorías, este é un texto –como dicía– pactado cos sindicatos e, polo tanto, nós imos ir adiante con el, porque é o que acordamos e é o que o persoal da Administración pública nos demanda.

Miren, nesta lexislatura tramitáronse 40 proxectos lei nesta Cámara, só en 6 o Goberno solicitou a tramitación en lectura única; polo tanto, señor Ron, abuso en ningún caso. Non se coarta a capacidade de actuación dos grupos da oposición. Mire, voulle dar algunha cifra. Como sempre adoita dicir o noso voceiro, o señor Pedro Puy, en cada pleno o 80 % das iniciativas que se levan a pleno parten dos grupos da oposición ¿Quen coarta a quen?, señor Ron. O presidente e os conselleiros contestan moito máis aos grupos da oposición que cando aquí había un goberno presuntamente de esquerdas. Polo tanto, nós non aceptamos ningunha das súas críticas.

Non sei se pensan que con esta actitude que vostedes manifestan van obter algún tipo de rendibilidade electoral. Eu creo que o pasado domingo demostrouse claramente que non. Polo tanto, señorías, España e Galicia acaba de demostralo, valoran de forma negativa estas políticas de bloqueo, de obstrucionismo que vostedes practican. En definitiva, vostedes non lle fan oposición ao Partido Popular, non lle fan oposición á Xunta de Galicia, vostedes fanlle oposición a Galicia e no día de hoxe aos empregados públicos da Administración galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Procedemos, polo tanto, á votación da proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do proxecto de lei.

Votación da proposta para a tramitación polo procedemento de lectura única e urxencia do Proxecto de lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir da parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 11; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposta de tramitación deste proxecto de lei polo procedemento de lectura única.

O señor PRESIDENTE: Entramos, polo tanto, xa no debate. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Debate e votación, polo procedemento de lectura única e urxencia, do Proxecto de lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013

O señor PRESIDENTE: Como comentamos antes, agora é o debate.

Para presentar o proxecto de lei, ten a palabra o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Presento hoxe ante a Cámara o Proxecto de lei para aprobar unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia. Esta iniciativa permite a recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o primeiro de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.

O Goberno galego quixo traer a este Parlamento esta iniciativa o antes posible para que tamén o antes posible poidamos devolver aos empregados públicos o complemento específico devengado, o equivalente da primeira paga extra do ano 2013, o correspondente –como dicía anteriormente– aos meses de xaneiro e febreiro.

Chegamos a este punto logo de que a Xunta acudise ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para clarificar a non aplicación neses dous primeiros meses de 2013 do complemento específico da paga extra dese semestre, de que a Xunta confirmase, como consecuencia da boa marcha da economía, que dispoñemos da marxe suficiente orzamentaria para poder afrontar esta devolución de maneira íntegra neste ano, que custará aproximadamente uns 25 millóns de euros, e de que a Xunta negociase con todas as centrais sindicais e que acadase un acordo con tres de catro –coa Confederación Sindical Independente de Funcionarios, con Comisións Obreiras e coa UXT– para levar a cabo esta devolución.

Polo tanto, quero subliñar que o Goberno actuou de maneira responsable, primeiro, negociando cos sindicatos devolver a parte xa devengada dese complemento específico e acadando un acordo, e, posteriormente, aprobando no Consello da Xunta este anteprojecto de lei para poder traelo ao Parlamento neste período de sesións co fin de realizar a modificación orzamentaria necesaria para acometer este pago o máis axiña posible.

Consideramos que, unha vez tidos en conta todos estes factores, o máis responsable é presentar este proxecto de lei por ser o máis beneficioso para todos os empregados públicos galegos. Porque con este texto, en primeiro lugar, estendemos esta devolución con carácter universal a todos os empregados públicos autonómicos, tanto ao persoal funcionario como ao persoal laboral como ao persoal estatutario da sanidade, ao persoal docente e non docente

do ensino, ao persoal da Administración de xustiza e ao persoal das entidades instrumentais do sector público autonómico.

En segundo lugar, mediante este proxecto de lei tamén podemos estender esta devolución ao persoal das universidades e ao persoal do ensino concertado cuxas retribucións están referenciadas ao persoal do ensino público.

En terceiro lugar, evitamos que os traballadores teñan que presentar recursos para a súa obtención. E, en quinto e último lugar, evitamos igualmente que os empregados públicos teñan que facer unha declaración complementaria do IRPF do ano 2013, que si terían que cumprimentar en caso de presentar o recurso.

Con esta devolución completada, cada empregado público galego recibirá unha media de 180 euros. Señorías, supón un esforzo moi importante por parte do Goberno galego para poder acometer esta devolución de maneira íntegra este mesmo exercicio, pois o montante, como lles dicía anteriormente, aproxímase aos 25 millóns de euros.

O Goberno galego blindou por lei, hai algo máis dun ano, a recuperación salarial dos empregados públicos galegos, consciente sempre do esforzo que realizaron durante a crise e que permitiu salvagardar a prestación dos servizos públicos no mellor momento de caída do ingreso público. E a Xunta está cumprindo co aprobado. Por iso, este pago prodúcese, ademais, nun momento en que os empregados públicos galegos están completando a súa recuperación salarial comprometida. Neste momento o Goberno galego xa ten aprobada a devolución da paga extra aprazada polo Goberno central en decembro de 2012, que se completará o vindeiro mes de setembro. Recorden que o 50 % desta paga extra xa se devolveu no ano 2015 e o resto estámolo devolvendo entre abril e setembro deste ano.

Señorías, o proxecto de lei que hoxe traemos á Cámara, xunto co acordo asinado cos sindicatos, supón cancelar os axustes retributivos xerais aos empregados públicos galegos que tivemos que acometer por este goberno para blindar o servizos públicos. O acordo asinado cos sindicatos que sustenta este proxecto de lei tamén fai posible a reposición das pagas extras completas. Porque no acordo asinado coas organizacións sindicais tamén comprometemos a recuperación, a partir do primeiro de xaneiro de 2017 –un ano antes do inicialmente previsto–, do pago do complemento específico equivalente nas pagas extras dos empregados públicos. Así pois, os empregados públicos galegos, que axudaron tanto a soportar a crise económica, recuperarán a partir do vindeiro primeiro de xaneiro as súas pagas extras completas que tiñan antes da crise económica. Porque, señorías, en definitiva, o Goberno galego cumpre coa palabra dada. E tal e como comprometeu, está, tan pronto como nos é posible, devolvendo aos empregados públicos ese esforzo realizado durante a crise económica. E estámolo facendo tamén de maneira pactada cos seus representantes, ao igual que vimos facendo nos últimos anos para, na medida do posible, realizar melloras no desempeño do traballo por parte dos empregados públicos.

Citarei tan só uns exemplos que demostran como se está a plasmar a vontade de mellora que comprometemos para os empregados públicos de Galicia. Por exemplo, máis prazas de emprego público, pactamos coas organizacións sindicais incrementar as prazas de promo-

ción interna para persoal laboral, para esta oferta do ano 2016. E esa duplicación significa que temos case o dobre, ou practicamente o dobre, do que foi no ano 2015. A deste ano é a oferta pública de emprego máis numerosa dos últimos sete anos. E tamén acordamos cos representantes dos traballadores públicos que a oferta de emprego público do ano 2017 se centre nas categorías de persoal laboral con maior temporalidade. Tamén nas xubilacións parciais de persoal laboral acordamos cos sindicatos que, de maneira voluntaria, un traballador poida solicitar a partir dos 61 anos unha xubilación parcial cunha redución da súa xornada entre un 25 % e un 75 %. Cada unha desas xubilacións tradúcese nun novo traballador ocupado. Por cada traballador que se xubila contrátase un desempleado.

Tamén nos días de vacacións e libre disposición chegamos a un acordo cos sindicatos, para repoñer os días de vacacións e de libre disposición para o conxunto de empregados públicos. Poucas comunidades autónomas teñen realizado esta reposición.

Ademais, tamén aprobamos outras importantes medidas para favorecer as condicións de traballo dos empregados públicos e a súa inclusión na Administración autonómica, como foron neste caso as primeiras oposicións de discapacidade intelectual que convocamos para persoas con discapacidade intelectual. E asinamos convenios tanto con Fademga como con Down Galicia para facilitar o seu ingreso na Administración. En concreto, son máis de 509 familias galegas con algún membro con discapacidade intelectual que xa están inscritas para participar neste proceso selectivo e poder obter un emprego estable na Administración autonómica. De feito, na próxima lexislatura tomarán posesión os primeiros funcionarios galegos seleccionados a través dunha convocatoria específica para este tipo de persoal con discapacidade intelectual, cousa da que me sinto persoalmente moi orgulloso.

Tamén respecto do tema da conciliación aprobamos novas medidas para reforzar a conciliación da vida laboral e familiar dos empregados. Implantamos un novo permiso de preparto para as mulleres embarazadas, creamos un permiso retribuído para aqueles que queiran ir ás oposicións noutras administracións. Estendemos o permiso de lactación, que os empregados públicos farán uso del independentemente de que o outro proxenitor non traballe. E completamos con medidas importantes acordos como os que permiten que na actualidade 8.500 empregados públicos xa teñan a flexibilidade horaria ou a regulación do teletraballo.

Por tanto, señorías, pido o apoio de todos os grupos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Eu estou lendo o texto do proxecto de lei, sei de que vai... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Si, si! ¡Silencio! Se non lles gusta a vostedes, van ter despois un turno e poden rebatelo. Pero isto a min paréceme que está na cuestión. *(Protestas.)* Si, si, equivalente a retribucións. Non lle vou dicir agora o que significa isto, pero está falando de conceptos equivalentes a retribucións. Hai que ler un pouco os proxectos, ¡eh!

Polo tanto, prosiga, señor conselleiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Este proxecto de lei, en resumidas contas, permite que os empregados públicos recuperen a totalidade xa neste ano da parte devengada da súa primeira paga extra de 2013. Responde –algo que parece que alporiza moito– a un acordo asinado cos representantes dos empregados públicos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Parece mentira, ¿verdade? Estende a devolución no entorno de 180 euros de media a todos os empregados públicos do sector público autonómico, pero tamén ao persoal das universidades e ao persoal do ensino concertado. Evita que os empregados públicos teñan que presentar recursos –e alguén estará sensiblemente doído por esta medida–. Evita que os empregados públicos teñan que modificar a súa declaración do ano 2013 do IRPF, e, xunto co acordo sindical, supón cancelar os axustes retributivos xerais aos empregados públicos galegos que tivemos que acometer por este goberno para blindar os servizos públicos.

Moitas grazas, e non nos alporicemos moito. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Xa que o conselleiro falou do que lle deu a gana, a min interésame falar do Brexit. Non sei se ten moito que ver co tema, pero paréceme un tema interesante. Porque veu vostede aquí a contarnos o que vostede di que foi un acordo cos sindicatos de temas que non veñen para nada neste proxecto de lei, e que non veñen para nada a conto. Acábanos de vender unha película para aumentar o que lles van pagar. Non soamente se lles vai devolver xaneiro e febreiro de 2013, senón que ademais acordamos xubilación parcial, a OPE, dez mil... Iso non ten nada que ver con esta lei, non vén nada diso nesta lei, ¡nada! De feito, a emenda que presentamos vai precisamente para recuperar todo iso que vostede agora intenta vir vender. Pero vostedes non o fixeron constar na lei, vén aquí a facer propaganda de algo que non consta na lei, de algo que non está escrito, de algo que non existe, dun compromiso que non existe. Polo tanto, está vostede, como sempre fai o Partido Popular, utilizando esta Cámara para facer propaganda electoral do Partido Popular, para crear unhas expectativas inexistentes e, dende logo, para mentir e enganar a poboación.

Tamén me teño que referir á intervención do señor Tellado. Di o señor Tellado –e eu dicía: *ni el caballo de Santiago*– que isto é o que reclaman os traballadores e as traballadoras. Señor Tellado, está vostede equivocado, reclaman moito máis. Reclaman que se lles devolva todo o que se lles roubou, porque o que fixeron vostedes foi un roubo. Porque non pode ser que o que se acorda mediante negociación unha das partes o rompa unilateralmente mediante decreto. Iso é un roubo, iso non é democracia, iso é un atentado á democracia. Pero, claro, vostedes entenden a democracia como a entenden. Por iso teñen o valor, señor conselleiro, porque hai que ter valor, para vir dicir aquí que se presenta por lectura única porque o texto é breve. O que non ten nada que ver coa súa transcendencia, evidentemente, pero, como é

breve, a vostedes xa lles vale, ¿non? E ademais evita denuncias individuais. ¡Que cara, señor conselleiro! ¡Que cara cando recorreron ata ao Supremo!, cando intentaron non pagarlles aos traballadores o seu salario ata que o Supremo lles dixo que non tiñan máis remedio que pagar. E agora di que é por facerlles un favor aos traballadores e ás traballadoras. ¡Que cara hai que ter! E, ademais, falar do esforzo que vai facer o Goberno, o Goberno, porque o diñeiro é do Goberno, debe ser do PP. O esforzo non o fan os galegos e as galegas, o esforzo faino o Goberno, que é quen se esforza e súa a camiseta. ¡Pobriño!, baixáronse o salario ao mínimo para poder pagar, ¡pobre Goberno!

Non, señor, o esforzo é da sociedade galega, da sociedade galega. E vostedes mal usan os cartos dos galegos para tiralos nas súas campañas publicitarias e para roubarlles aos traballadores públicos os seus dereitos, como así fixeron.

Pero a pesar desta lei, quedan pendentes aínda cousas. Eu teño, primeiro, que empezar por recoñecer que na emenda de substitución que presentei, a emenda á totalidade, fáltame poñer “ano 2013” no punto 1, no terceiro parágrafo. Só falta iso, pero para que vostedes teñan claro que é unha errata. E se a queren aprobar, a errata é fácil de corrixir.

Queda pendente, por tanto, a recuperación completa das extras de 2013 a 2016. En principio, podíanse pagar –que é o que reclamo na miña emenda– as extras completas de 2013, 2014, 2015, e que este ano se aboan as pagas completas de 2016 e para o ano as de 2017. Porque nos veñen aquí vender un acordo con tres centrais sindicais como un acordo da Mesa que se toma no mes de xuño –polo menos anúnciase o acordo no mes de xuño– cando vostede mesmo anunciou en marzo estas medidas. Polo tanto, anunciou antes de negociar. Simplemente llo presentou á Mesa de Negociación. E a Mesa Xeral, evidentemente, aceptou esa migalla porque é mellor iso que nada, evidentemente. Pero iso non é o que piden os traballadores e as traballadoras.

Así que estamos, pois, ante unha nova utilización electoral do persoal da Administración pública. Pero, para facer realmente ben a campaña, vostedes deberían aceptar a emenda á totalidade que presento e derrogar a Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais. A dita lei, na súa exposición de motivos, di: “A grave situación orzamentaria e a necesidade de reducir o déficit público fan necesario adoptar unha serie de medidas extraordinarias urxentes e de carácter temporal”. Isto dise no ano 2012. *La temporalidad va para eterna*, dende o ano 2012 roubándolles salario aos traballadores e traballadoras públicos.

E continúa, referíndose ás circunstancias económicas: “...obrigan a actuar con celeridade por parte da Xunta para dotar de xeito inmediato medidas que garantan o principio de estabilidade orzamentaria”. Entendo que, despois de todo o que nos levan vendido, *somos los campeones del control; esto está más que superado*.

E segue: “A imposibilidade de aprobar estas medidas por medio de decreto lei...”. ¡Por favor! ao PP lle gusta gobernar por decreto lei. A pena disto é que non puido facer un decreto lei e tivo que traelo ao Parlamento porque, se puidera, aquí non había nin un debate, e recolleo na propia lei: non puidemos facelo por decreto lei, tivemos que levalo ao Parlamento e aturar a oposición.

Engade a exposición de motivos tamén: “O carácter desta lei é temporal polo que a súa circunstancia e a súa vixencia quedan supeditadas á subsistencia de difíciles circunstancias económicas” –que entendo que levan un ano anunciando que se acabaron esas situacións tan difíciles– “e abrangue a totalidade dos empregados e das empregadas públicas”. Polo tanto, evidentemente, a lei ten que incluír a todos.

Evidentemente, se facemos caso da información que traslada a esta Cámara tanto o presidente coma vostede, conselleiro de Facenda, as circunstancias económicas son das mellores do Estado. O día 11 deste mes Feijóo anunciaba nunha reunión con empresarios galegos que o Goberno galego prevé un crecemento da economía maior do anunciado; quedaría nun 2,8 fronte ao 2,5 inicial, e unha décima por encima do que fixara o Banco de España.

Explicaba que a revisión á alza é polos bos datos das exportacións, a redución do IVE, do IRPF, a produción industrial e o emprego. ¡Aquí vai todo maravillosamente ben! ¿Por que non se lles paga aos traballadores e traballadoras públicos? Galicia, di o presidente, vai crecer algunha décima por riba do Estado. ¡É que estamos que botamos por fóra! ¿E seguimos roubándolles aos traballadores públicos? Non.

Ante unha situación económica que permite baixar impostos e medrar por riba da media do Estado, que, segundo Rajoy, xa medra por riba da media de Europa, *si hablo de Galicia, es que se sale de su sitio*. Crecemos por encima da media do Estado, que crece por encima da media de Europa. ¡Fomos os mellores do mundo! Polo tanto, fai innegable o dereito dos traballadores e traballadoras públicas a recuperar as cantidades deixadas de percibir entre o 1 de marzo de 2013 –que é o que non cobre esta lei– e o 31 de decembro de 2015, e despois aboar xa en 2016 as pagas extras completas, adiantando a 2016 ese acordo de 2017, o que vostedes venden como un acordo.

Solicitamos nesta iniciativa a derogación das medidas temporais adoptadas na Lei 1/2012 porque suspende prestacións da Seguridade Social en caso de baixa por enfermidade, porque suspende toda convocatoria, concesión e aboamento da acción social, porque modificou a Lei da función pública, prolongando a permanencia no servizo activo, porque afectou os días de libre disposición –que vostede agora nos vén vender aquí, fóra da lei, unha película que non sabemos de que vai– e porque faculta o Consello da Xunta para poder reducir a xornada e o salario do persoal interino ata cinco anos; é dicir, unha lei moi agresiva para a clase traballadora.

En liña co establecido para o conxunto do sector público, a Lei 1/2012 suspende a vixencia tamén de determinados artigos do V Convenio colectivo –junha fraude a negociación colectiva!–. Así, modifica o artigo 19 respecto da libranza de domingos e festivos. Eu non sei se esta modificación é o que a Xunta entende por conciliación da vida laboral, persoal e familiar: obriga a traballar máis domingos e máis festivos ao persoal que xa traballa a quendas domingos e festivos, impedíndolles os seus descansos; quitoulles tamén dereito a comedor, dereito á gratificación por xubilación, e a disposición adicional terceira sobre o dereito ao descanso en Nadal ou Semana Santa. Ese persoal, que traballa os festivos en Nadal, en Semana Santa, ¡que chinche!, porque ¿que máis dá, se a maioría non se enteran nin do que é a precariedade laboral?

Son medidas tomadas con base nunha lei, porque non puido facerse por decreto, pero que, en todo caso, non se negociaron coa representación sindical, aínda que todas elas son materia de negociación na Mesa xeral. Un acto que rompeu a base da boa fe na negociación que debe rexer toda a relación laboral, porque cada dereito usurpado a través das modificacións legais foi un atentado aos dereitos da clase traballadora, á democracia e ao compromiso de honor que debe ter todo pacto. Porque un convenio é un pacto, un compromiso, un contrato que non se pode romper impunemente por unha parte e moito menos cando esa parte é o Goberno que legisla para legalizar o ilegal, deixando na máxima desprotección a clase traballadora. Dereitos que foron loitados, gañados pouco a pouco, negociados en detrimento doutros e que foron roubados, a través da Lei 1/2012, das sucesivas leis de orzamentos xerais tanto da Xunta como do Estado e do Real decreto 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, que foron directamente a polos dereitos da clase traballadora mentres se amnistiaba os defraudadores.

Esa foi a súa política. Por iso vostedes non entenden cando aquí se fala de fiscalidade progresiva, non entenden que o diñeiro público non se pode utilizar impunemente para que os defraudadores poidan vivir ben, para que Rodrigo Rato e compañía limpen diñeiro e paguen menos impostos dos que tiñan que pagar, perdendo o Estado millóns de euros roubados, cos seus amigos; iso si, despois seguimos sendo amigos de cuchipanda e non pasa nada. E ese diñeiro que roubaron, todo o diñeiro que roubou o Partido Popular, por exemplo en Valencia –que está acusado de ser unha organización criminal que se une para poder utilizar o diñeiro público no seu beneficio–, todo iso saíu dos cartos do pobo. Vostedes roubáronllo directamente ao pobo, por iso eu non entendo o resultado electoral. Non podo entender como o señor Tellado pode vir aquí alardear dun resultado electoral que, dende logo, do único que pode falar é da falta de calidade democrática deste país. (*Murmurios.*)

Eu xa sei que a vostedes lles fai graza porque, como non cren na democracia, failles graza. Para vostedes a democracia é votar cada catro anos e ter a capacidade legal e a posibilidade legal de romper os acordos que vostedes mesmos asinan para prexudicar as clases populares en beneficio dos roubos dos seus propios cadros políticos.

Por iso defendemos esta emenda á totalidade, na que se establece a recuperación dos dereitos usurpados ás traballadoras e aos traballadores públicos entre os anos 2013 e 2015, ingresándolles a parte íntegra dos seus salarios, que lles foi detraída no mes de setembro. A lei di este ano, a semana anterior ás eleccións autonómicas, *para subir los votos*, por aí máis ou menos; é dicir, o descaro é tan enorme, a falta de ética política é tan enorme, que algo do que se falou no mes de marzo da súa aplicación vaise levar ás eleccións autonómicas, para que miren o bo que é o Goberno do Partido Popular e o moito que se preocupa polos traballadores e as traballadoras públicas.

Tamén propoñemos a recuperación das pagas extraordinarias íntegras xa no 2016 e a derogación da Lei 1/2012, que anulou por decreto os dereitos conquistados na loita sindical.

Polo tanto, se de verdade todo iso que nos contou... Como comprenderá, aquí vén e cóntanos non sei que dos días de libre disposición. O normal era que tivera un informe sobre eses acordos, a ver ata onde se recuperan e como se asinaron eses acordos, porque, en principio,

non hai absolutamente nada. Se de verdade, vostede, tal e como dixo aquí, quere falar non só desa parte de xaneiro e febreiro, senón de moitos outros dereitos que lles foron usurpados, roubados, aos traballadores e traballadoras públicas, é o momento. Neste momento podemos aprobar que os traballadores e traballadoras públicas recuperen todo o que se lles roubou, e é máis –je fíxese que bos somos!–, non pedimos intereses... *No se ría, señora Romero.* (A señora Romero Fernández: *Yo no me río.*) Se eu vou ao meu banco e lle digo: agora non pago porque me vén mal, *te detraigo lo que pago y después además tampoco te pago ni intereses...* É un acto vandálico; o que fixeron vostedes foi vandalismo institucional. Entón, se, desde logo, o queren solucionar, devolvan todo o que usurparon e, se non, non veñan aquí con propaganda, porque este non é un lugar para facer propaganda, para iso xa teñen outros.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Agora tócanos comentar o contido, porque realmente vostede veu falar doutra cousa e non do contido do proxecto de lei –que non anteprojecto, que era o que si figuraba nese acordo que vén no DOG do 8 de xuño de 2016–. Falábase claramente dun anteprojecto, e vostede mesmo tivo ese lapsus, falou de anteprojecto e logo de proxecto de lei. Efectivamente, vostede falou da OPE, falou da conciliación, falou de aspectos nos que di vostede que chegaron a eses acordos cos sindicatos. ¡Home!, polo menos, no acordo que temos diante, no DOG, non figura nada diso. Entón, eu ás veces non confío só nas palabras que se dan, necesito outros aspectos. Porque se era de confiar na palabra que se dá e na palabra que se escribe, no punto cuarto di claramente: “A Xunta de Galicia comprométese a recuperar na Lei de orzamentos para o 2017 as dúas pagas adicionais do complemento específico ou retribucións equivalentes na Administración de xustiza e no ensino concertado segundo o seu sistema retributivo”. Eu busquei no texto do proxecto de lei, no articulado –non na exposición de motivos, que a exposición de motivos non ten esa forza de lei–, e non o atopei. Polo tanto, permítame que dubide de que realmente as intencións vaian realmente na liña do que aquí figura.

Cando vostedes falan, parece que as cousas sucederon por unha especie de imposibilidade, de intervención divina, que os obrigou. Foi unha decisión política recortar os dereitos salariais e laborais dos traballadores e traballadoras do sector público de Galicia. Foi unha decisión política. Non os deixaron de percibir porque fose case como unha vontade, un esforzo; un esforzo non, foi unha obriga, unha obriga pola que se lles recortou, efectivamente, primeiro o 5 % e despois todas esas normas que emanaron da dereita autoritaria que quería someter a clase traballadora ao seu frenesí austericida, e así foi. Por iso dicimos claramente que todos os ataques e a suspensión de dereitos que viviu realmente a clase traballadora veu da man da Lei 1/2012, do 29 de febreiro. Ese é o piar sobre o que se sustentan os ataques futuros que viñeron a través dos orzamentos e que incluso quedaron na Lei de emprego de 2015. Aí están.

Polo tanto, por iso nós queríamos un texto real, un proxecto de lei real para poder traballar, emendar e ver se había vontade no Executivo –porque sabemos que xa a división de poderes é unha falacia– de aceptar ese diálogo cos grupos da oposición a través do traballo de

emenda. Por iso nos opoñemos á lectura única, non por mero obstrucionismo, como dicía o señor Tellado ou “o ausente Tellado”. É dicir, esa era a vontade. Nós entendemos que se produciron unha serie de ataques á clase traballadora, aos seus dereitos; dereitos que as sentenzas están recoñecendo como dereitos de xustiza. E vostedes, sobre todo a través deste proxecto, que di: “...prestados no período comprendido entre o 1 xaneiro e o 28 de febreiro de 2013”, saben que os orzamentos empezaron a partir do 1 de marzo de 2013 e que actuaron mal, e esa actuación de forma retroactiva é a que se está penalizando. Vostedes están na obriga, desde as sentenzas que así se recoñecían –como vostede recoñece no propio acordo, a colectiva, a do quinto convenio persoal, a colectiva do quinto convenio–, de actuar.

Polo tanto, non é esa a vontade, ese carácter amable co que vostedes queren vestir: “É que é a boa marcha da economía”. Eu teño fortes sospeitas sobre esa boa marcha da economía. Outra cousa é que vostedes usen ben os resortes que teñen para divulgar, maquillar e manipular a realidade. Iso é distinto. É que teñen uns altofalantes moi poderosos e resoantes aí fóra, na escena mediática, está claro. Iso é porque, ademais, como vivimos nunha era do capitalismo, o clientelismo págase a través de diñeiro. Ben, entendemos perfectamente que é difícil romper esa blindaxe que vostedes están facendo con respecto a esa fábula tecnocrática que nos están vostedes introducindo a través da restitución de dereitos, pero pinga a pinga. Isto vai ben, a marcha da economía funciona, pero imos pinga a pinga, cando mellor nos convén, cando nos interesa, aínda que teñamos sentenzas en contra desde hai meses. E agora é urxente e necesario e aceleramos o proceso, pero sen poder facer que a oposición debata e dialogue realmente, senón impondo a nosa vontade da maioría a través do Executivo. Porque iso é o que é no fondo este proceso que hoxe estamos discutindo en lectura única: urxencia, e con voto, que –xa digo– o noso, loxicamente, non vai ser favorable ao que vostedes nos traen aquí. (*Murmurios.*)

Polo tanto, o que vostedes están facendo ademais con iso é unha especie de: en vez de recoñecer que vostedes actuaron de forma incorrecta e irregular ao aplicar de forma retroactiva esa devengación, esa subtracción de salario, en vez de recoñecelo –que non figura en ningún momento porque vostedes usan moi ben as palabras para non dar a entender que actuaron mal–, en vez de recoñecer ese efecto, vostedes o que fan é traernos unha esmola, unha especie de esmola: ¡a clase traballadora vese favorecida pola nosa magnanimidade, polo bo comportamento da economía, e, claro, como se esforzaron tanto, aquí vai o premio a ese esforzo!

Falamos de dereitos conculcados, de dereitos roubados, de dereitos que quedan degradados, porque vostede fixo un eloxio de todo o que di que vai facer, de todos eses acordos supostos, acordos que figuran por detrás. Ben, eu podería dicir que a percepción que temos é que queda un precariado, que queda un salario empobrecido, que quedan traballos inestables temporais e parciais. Agora repuntará no verán, (*Murmurios.*) claro, temporada de servizos e de hostalería (servizos-turismo-verán), pero volveremos á realidade e de forma estrutural quedará un precariado. E iso é o que vai quedar porque temos os salarios máis baixos de todo Estado e temos as pensións máis baixas de todo o Estado, esa é a realidade. Cando un 30 % da clase asalariada cobra 700 euros ou menos, pois ¡xa me dirá vostede! Poderíamos falar desa fábula, claro, e da contrafábula porque, loxicamente, nós temos a nosa ollada e vostedes teñen a súa, tan lexítima ou non como a nosa. Ben, imos seguir.

Polo tanto, vostedes, o Goberno Feijóo –ademais, recordemos– decidiu recortar o complemento específico ou equivalente nas dúas pagas extra de todo o seu persoal, sendo Galicia unha das poucas comunidades que o fai. Aplícase un recorte adicional á xa debilitada capacidade adquisitiva do persoal funcionario. Desde maio de 2010 traballadores e traballadoras do público teñen as pagas extra incompletas ao seren recortados compoñentes de soldo e trienios, e en Galicia engadímoslle o complemento específico ou equivalente. Ben, nós dicimos que a actuación que vostedes traen aquí está lonxe de ser guiada por un principio igualitario. O proxecto só apela á recuperación dese complemento específico sen aludir ás restantes compoñentes, sen discutir o principio sobre o que se sustenta o ataque aos dereitos salariais e laborais do persoal do sector público –e xa o dixen antes–, a Lei 1/2012. Esta lei debера ser derogada.

Debemos apelar á recuperación íntegra de todo o salario que foi roubado das nóminas dos traballadores e das traballadoras, non só do 2013, senón do 2014, 2015 e 2016. Ou, cando menos, neste proxecto de lei vostede debía traer un calendario, unha canlendarización da recuperación íntegra das pagas extra. É dicir, este vai ser o compromiso polo menos para saber que non é simplemente isto do 2013 e despois a ver que pasa. E, polo tanto, nós non cremos –xa o dicimos– nas palabras que nos dá a dereita, non cremos en absoluto, e veremos ver feitos.

Para o noso grupo –reiteramos– é inaprazable a inclusión nun proxecto de lei alternativo da derogación da Lei 2012. Nesta lei –recordemos– marcábase un prazo de dous anos para revisar a súa vixencia. Xa o dixo antes a voceira do Mixto, xa van catro anos da súa promulgación, a temporalidade en vostedes é longa, e así vai. Por iso estamos nun traballo cada vez máis precario, e ese traballo precario esténdese cada vez máis porque vostedes, efectivamente, actúan conforme a necesidade e, si, con visión electoralista e partidista. É así como actúa o Executivo do Partido Popular. E, sobre todo, fano cando non se fardan de afirmar a recuperación económica. Vostede díxoo aquí: a marcha da economía vai ben. Bueno, eu teño as miñas dúbidas, AGE ten as súas dúbidas de que vaia ben a marcha. As persoas non viron os beneficios desa recuperación nos seus fogares, non viron os beneficios desa recuperación na súa capacidade adquisitiva nin se eliminaron copagos e repagos en determinados accesos aos servizos públicos; para nós seguen estando degradados eses servizos públicos.

Polo tanto, o proxecto de lei non responde a un desexo de boa xestión do Executivo, responde a unha obriga. Están na obriga de pero non queren recoñecelo porque as sentenzas están aí, e se houbera moitas máis sentenzas sería un goberno bastante cuestionable, desde logo. Iso é o que motiva este proxecto de lei, que non anteprojecto, que era o que se pedía para poder debater e dialogar.

Faltan, polo tanto, moitísimos aspectos, como é –repetimos– a derogación da lei, o recoñecemento explícito, a recuperación íntegra do complemento específico e demais complementos dos anos 2013, 2014, 2015 e 2016, así como a recuperación de dereitos retributivos laborais e sociais e a recuperación do acordo sectorial. Vostede falou dalgúns que xa acordaron. Gustaríanos ver os textos escritos, como este, que figura no DOG, porque aquí, neste acordo que supostamente debe emanar da mesma discusión, non se recollen eses aspectos. E, curiosamente, o que si figura nel non se recolle no articulado do proxecto de lei de forma

firme, polo tanto, non sabemos cal é a intención do Executivo, cal é a intención que teñen vostedes. Será verdade que vostedes activan isto como unha esmola de forma interesada e partidista, electoralista, para cumprir co desexo do Partido Popular de aparentar ser un bo xestor e de que cando veñan as eleccións en breve iso quede aí, por iso actúan de forma magnánima vostedes agora. Espero que a xente, que a sociedade galega, non se deixe enganar por vostedes.

En fin, poderíamos seguir falando do propio acordo, pero a min gustaríame simplemente recordar que vostedes, efectivamente, estenden a cada traballador o dereito que ten de por si. Vostedes falan aquí de que é bo universalizar. Efectivamente, vostedes universalizaron os recortes, ou universalizaron os recortes de golpe. Claro, é lóxico que universalicen a restitución, pero fano de forma parcial e fragmentada; polo tanto, é o mínimo que se agarda dun goberno que aplicou os recortes de forma universal e global, total, de golpe, sen compaixón. E, polo tanto, non pensen vostedes que nos temos que alegrar da súa magnanimidade, porque vostedes aplican a universalidade de forma fragmentaria. Nós apelamos a unha universalidade de forma plena, total, recuperando o total do que foi demoucado, do que foi detraído de todas as nóminas desde o 2013 ata agora. Porque non se trata só dun ano, trátase de varios, trátase de moita capacidade adquisitiva, máis os intereses, os xuros de demora, que están aí.

Por iso nós non podemos apoiar favorablemente este texto porque faltan moitísimos aspectos e porque unicamente o que fan vostedes é un lavado de cara; un lavado de cara que, ademais, non recolle de forma firme o compromiso de que no 2017 se recuperen as pagas extra. Non figura no articulado de forma firme. E, polo tanto, se non figura no articulado de forma firme, non sei se me podo fiar dunha exposición de motivos onde si figura, porque a exposición de motivos non ten rango de lei, só o articulado, segundo teño entendido dos xuristas.

Polo tanto, nada máis e moitas grazas. E agardo firmemente que vostede con esa fábula que se creou, que nos intentou relatar aquí, pense un pouco na realidade e non intente maquillar para manipular o imaxinario da sociedade galega.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde novamente, señoras e señores deputados.

Permítame, señor Tellado, que lle dedique soamente un minuto á súa intervención para dicirle que, se o Goberno quixer, este proxecto de lei podía ser tramitado polo procedemento ordinario, xa que a sentenza se coñece desde febreiro de 2016. Pero poñéndonos en que vostedes son tan demócratas e en que lles deu así un aire de demócratas nos últimos meses e

quixeron esperar a que estivese aprobado, acordado, coas organizacións sindicais que asinaron o acordo, tendo en conta que o acordo se asinou o día 2 de xuño, podíase ter tramitado pola vía de urxencia pero polo procedemento ordinario, como, por certo, señor Tellado, estamos facendo coa Lei de transporte tamén para arranxar un desaguisado do Partido Popular (*Murmurios.*) –si, si– en función dunha sentenza xudicial. E, en lugar de estar debatendo aquí un proxecto de lei en lectura única, teriamos debatido a toma en consideración no anterior pleno e hoxe estaríamos en ponencia intentando chegar a acordos, intentando negociar e intentando facer unha lei que de verdade respondese aos intereses dos traballadores e das traballadoras e non unicamente ao interese propagandístico do Partido Popular.

Porque, señor conselleiro, permítame que lle diga que a maior constatación de que isto era para vostede simplemente un plató para facer propaganda foi a súa propia intervención na defensa deste proxecto de lei, na que falou absolutamente de todo menos do contido desta lei. E falou de todas as cuestións en relación cos empregados públicos, incluso das que aínda non se fixeron en canto á restitución de dereitos. E, desde logo, nin sequera facía falta a súa intervención para saber que isto é unha vez máis unha burda manipulación dos dereitos dos traballadores do sector público galego, porque vostedes, por desgraza, neste ámbito teñen numerosos antecedentes.

Pero imos ao debate do que temos enriba da mesa. Temos un proxecto de lei que presenta o Goberno que simplemente obedece á restitución da legalidade. Hai unha disposición –unha actuación, máis ben– da Xunta de Galiza que a Administración de xustiza considera ilegal con relación aos traballadores afectados polo quinto convenio, que é que, coa aprobación dos orzamentos da Xunta para o ano 2013 o 27 de febreiro de 2013, que entran en vigor o 1 de marzo, vostedes, en aplicación deses orzamentos, deciden con carácter retroactivo retraerlles –roubarlles, é a terminoloxía que estamos utilizando habitualmente neste pleno– aos empregados públicos tamén a parte proporcional do complemento específico correspondente aos meses de xaneiro e febreiro. Iso claramente é vulnerar o principio de irretroactividade das leis cando afectan a particulares. E iso é nin máis nin menos o que di o Tribunal Superior de Xustiza dese conflito colectivo e posteriormente o Tribunal Supremo no recurso que se presentou.

Polo tanto, o que fan vostedes con este proxecto de lei é cumprir estritamente cunha sentenza xudicial en virtude de que vostedes, o Goberno da Xunta de Galiza, cometeron unha ilegalidade. Punto final. Ningunha bondade, nada lle regalan vostedes a ninguén, simplemente cumpren unha sentenza que manda reparar unha ilegalidade. E o menos que se podía esperar dun goberno que pretende presumir de que lles quere restituír dereitos aos empregados públicos e de que quere mellorar as condicións de vida dos traballadores públicos, e sobre todo que iso redunde no mellor funcionamento dos servizos públicos, é que vostede, en lugar de vir aquí facer propaganda coa oferta de emprego público despois de que se destruíron miles de empregos públicos no noso país nos últimos anos, en lugar de vir falar aquí dunha conciliación practicamente inexistente ou da xubilación parcial, debería de vir aquí falarnos de cando e como pensa vostede restituírles os dereitos que lles foron quitados ao longo destes anos aos empregados públicos.

Porque hai que recordar, señor conselleiro, que é certo que o primeiro roubo que se cometeu cos empregados públicos galegos e de todo o Estado cometeuno en 2010 o señor Zapatero.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, si, ¡por suposto!, pero todo isto xa o dixen neste tribuna en múltiples ocasións. Si, si, cometeuno o señor Zapatero cando, por decreto lexislativo, decidiu detraerlles o 5 % das súas retribucións aos empregados públicos. Pero é que a Xunta de Galicia foi o alumno máis avantaxado do señor Zapatero á hora de roubarlles dereitos aos empregados públicos. Porque a vostedes o 5 % pareceulles pouco. Por iso, na Lei de orzamentos de 2013 decidiron que, ademais do 5 %, había que quitarlles o complemento específico das pagas extra, e non lles chegou con facelo en 2013. Fixérono no 2013, no 2014, no 2015 e no 2016. E, aínda así, parecíalles pouco, señor conselleiro. Aínda así parecíalles pouco e tamén, a través da Lei 1/2012, decidiron non só recortes salariais –curiosamente unha lei que entrou neste Parlamento a escasos días de terse aprobado a Lei de orzamentos, onde non se vía a necesidade de facer eses recortes– senón que ao cabo dunha semana había que recortarlles máis dereitos aos empregados públicos. Porque, en realidade, vostedes o que querían era facer rebaixas ideolóxicas de dereitos, e non era unha cuestión simplemente de aforro.

Por iso o Bloque Nacionalista Galego presenta unha emenda á totalidade con texto alternativo. Señor Tellado, nada de obstrucionismo, nós presentamos aquí un texto alternativo que substitúe o seu artigo único por varios artigos. E di no artigo 1 que imos cumprir a sentenza do Tribunal Supremo e, polo tanto, imos, con carácter inmediato, devolverlles a todos os empregados e empregadas do sector público galego a parte proporcional correspondente a xaneiro e febreiro de 2013, que é o que di a paga extra. Pero non llelo imos devolver ao longo do que queda de 2016, porque ese é, señor conselleiro –e sábeo vostede tamén– outro elemento de manipulación electoral. ¿Queren devolvérllelo o día antes, dous días antes, tres días antes da data que o señor Feijóo sinala para ter que ir votar os galegos e as galegas? Non, ímoslle poñer data aquí e agora, e a data ten que ser coa nómina de agosto. Dá tempo, señor conselleiro, dá tempo perfectamente para que os servizos administrativos de todo o sector público galego teñan preparadas as nóminas, porque xa se establece a habilitación orzamentaria a través deste propio documento para que se pague coa nómina do mes de agosto.

Establezamos un punto segundo, que é que o resto do que queda de 2013, desde o 1 de marzo de 2013 ata decembro de 2013, ímosllelo devolver no que queda de ano. Iso si, efectivamente, imos devolverlles no que queda de ano o que lles resta por percibir de 2013.

Nun novo artigo imos establecer a obriga para o Goberno galego, sexa cal sexa o que haxa e que teña que elaborar os orzamentos de 2017, de que se consignen neses orzamentos para 2017 as cantidades necesarias para ao longo do ano 2017 devolverlles os complementos específicos que deixaron de percibir no 14, no 15 e no 16.

E imos tamén corrixir un esquecemento do Goberno, porque vostede falou aquí dese acordo coas organizacións sindicais, pero vostedes esqueceronse de plasmar na lei a obriga para o Goberno, sexa cal sexa o que saia das urnas e o que teña que cumprir con esta lei e que teña que elaborar os orzamentos para o ano 2017, de que nos orzamentos de 2017 xa se contemple a recuperación da integridade das pagas extra de todos os empregados do sector público galego, o que significa que as pagas extra teñen que ser equivalentes á totalidade de calquera retribución mensual, agás, por suposto, produtividade ou conceptos similares.

Porque, señores do Partido Popular, aquí hai un debate de fondo que se mestura, que eu mesturei premeditadamente e que agora quero aclarar. Hai un debate sobre legalidade, e a legalidade neste caso trata de reparar o que o Tribunal Supremo considera ilegal, que é o dos meses de xaneiro e febreiro de 2013. Pero hai un debate sobre ilexitimidade que tamén temos que abordar neste Parlamento, é o debate sobre se foi lexítimo que fosen os empregados públicos os que pagasen, en menor medida coas súas retribucións, os recortes do Goberno da Xunta de Galiza. Tamén hai que debater acerca de qué é o lexítimo agora que o Partido Popular leva tres meses presumindo dese fondo de superávit de responsabilidade, que seica nos saen os cartos polas orellas á Administración galega, que case cada consello da Xunta é coma se fose unha especie de pedrea do señor Feijóo repartindo bonos e axuda por doquier e comparencias do conselleiro tamén aquí en plan pedrea, obras en colexios, institutos, patios cubertos, melloras, etc. Pois xa que esa é a situación, o xusto e o lexítimo tamén é que o Goberno da Xunta de Galiza contemple dentro dese proceso un cronograma, que é o que nós propoñemos a través desta emenda á totalidade con texto alternativo, de cando se van ir restituíndo progresivamente os dereitos que lles roubaron durante estes anos aos empregados públicos.

Sei que estamos falando de cantidades considerables desde o punto de vista orzamentario porque botamos as contas, pero, se temos en conta que o propio Goberno fala de recuperación económica, que as previsións que fai o Goberno son que vai medrar o PIB, desde logo é perfectamente asumible nese escenario que prevén vostedes dun crecemento do 3 %, que representa aproximadamente 1.700 millóns máis de produto interior bruto no noso país e que, polo tanto, iso redundará tamén, segundo a súa doutrina, nos ingresos públicos. Polo tanto, é perfectamente asumible co cronograma que nós establecemos esta emenda á totalidade.

Finalmente, tamén introducimos nesta emenda á totalidade –ademais das cuestións que xa expliquei e da habilitación do crédito extraordinario necesario para facer fronte ás obrigas que este texto que nós presentamos establece para o ano 2013– unha disposición derogatoria coa que pretendemos derogar a Lei 1/2012. Mire, señor conselleiro, vostede aquí en setembro –perdón, en outubro ou setembro–, cando debatemos a anterior lei de devolución dunha parte da extra de 2012, díxonos que ía negociar cos sindicatos a recuperación de todos os dereitos da Lei 1/2012. Algúns, efectivamente, fóronse negociando, pero hai unha cuestión fundamental que vostede non negociou e que é central: a recuperación do dereito á negociación colectiva, que vostedes vulneraron sistematicamente tanto coa aprobación da Lei 1/2012 como coa aprobación dos sucesivos recortes que se introduciron a través das leis de orzamentos da Xunta de Galiza. Polo tanto, hai que derogar xa esa lei, que, por certo, na súa propia disposición establecía que se revisaría nun prazo de dous anos se as condicións económicas o permitían. Eu, neste parlamento, ao PP levo anos escoitándolle que imos de marabilla, que estamos recuperándonos máis ca ninguén. E, sen embargo, non ocorre esta revisión.

Finalmente tamén consideramos –e insistimos, isto xa o presentamos tamén con ocasión da lei que mencionei con anterioridade– algunhas modificacións na Lei de emprego público, concretamente no seus artigos 118 e 132, a través dos cales nós mantemos que se reduciron dereitos dos empregados públicos que ademais quedan consolidados a través da lei. E, fi-

nalmente, tamén presentamos unha modificación da Lei 16/2010, de organización e funcionamento do sector público de Galiza, porque hai conflitos laborais en distintas entidades públicas dependentes da Administración pública galega que se resolverían se a Xunta cumprise a lei tal e como está agora mesmo. Pero nós, digamos que a través desta modificación, pretendemos que xa se lles empece a aplicar a todos os traballadores do sector público galego que non teñan convenio propio o V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galiza. Porque en caso contrario estanse vulnerando os seus dereitos, estase incorrendo en tremendas desigualdades no ámbito da Administración pública.

Remato, señoras e señores deputados do Partido Popular. Aquí temos dous textos, un texto que simplemente o único que fai é actuar en función do que lle ordenan os xulgados, de reparar a ilegalidade cometida polo Goberno da Xunta de Galiza, e por outro lado temos un texto, a emenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego, que, ademais de reparar a legalidade, tamén é un acto de xustiza progresivo neste exercicio e no seguinte de restitución de dereitos que nós consideramos que lles foron quitados ilexítimamente aos empregados públicos deste país. E, polo tanto, pretende devolverlles a lexitimidade a este Parlamento, que foi onde se aprobaron esas leis, e tamén ao Goberno da Xunta de Galiza en relación cos empregados públicos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, parecía que estaba en calquera país nórdico, parecía vostede o ministro, o responsable público, dun país que está crescendo e que toda a súa cidadanía o está notando. Pero o certo é que esa non é a realidade, por non dicir países nórdicos con dereitos como dos que vostede falaba, de conciliación, aos que vostedes tanto lles custou que os socialistas lles meteramos na cabeza durante tantos anos. O certo é que estamos debatendo un proxecto porque o Goberno leva desoíndo as advertencias que durante estes anos tanto as organizacións sindicais como os grupos da oposición fixemos acerca do posicionamento que vostedes tomaron en canto á reclamación subsidiaria, así como á demanda lexítima de devolución destes complementos a todo o persoal que estaba afectado polos retallos. E non soamente dos sindicatos e da oposición, senón, como dixeron o resto dos voceiros e o que é moito máis grave, que levan facendo caso omiso das sentenzas que confirmaban a ilegalidade das actuacións que estaban levando a cabo.

Acaban de dar vostedes o brazo a torcer, acábano de dar a torcer por unha resolución que afecta ao persoal laboral, e coa que pretenden colgarse unha medalla preelectoral. O certo é que é ao que nos teñen acostumbrados durante estes últimos meses: a traer iniciativas, a traer proxectos de lei, que o que pretenden é lavar a cara, é lavar a desastrosa xestión que vostedes cometeron durante estes anos, unha desastrosa xestión da que, por suposto, non escapa a función pública galega.

Aos que nos estean vendo, esta non é a canle da teletenda –e dígoos con todo o respecto que lle teño a esta Cámara–, isto é un Parlamento, é a canle do Parlamento de Galicia, posto que están vostedes constantemente facendo ofertas. E dígollelo así, parece a canle da teletenda, están todos os días facendo ofertas de época preelectoral. Publicidade e propaganda que, como lle dicía na miña primeira intervención, é unha fraude, señor conselleiro, porque vostedes veñen aquí, como dicía o señor Ron con anterioridade, a enmascarar que cometeron un erro gravísimo. Aproveitando que o Pisuerga pasa por Valladolid, ofrecen que a partir de xaneiro de 2017 van repoñer o complemento específico ou concepto equivalente nas pagas extraordinarias, algo que, segundo din, se plasmará na lei de orzamentos para o vindeiro exercicio.

Todo no aire, señor conselleiro. Porque nós preguntámonos onde está a lei de orzamentos que vai facer realidade esa volta a que os empregados públicos cobren esa porcentaxe que lles foi arrebatada. Non existe, non figura no articulado deste proxecto, aínda que si na exposición de motivos. ¿Saben vostedes que hai eleccións este ano? ¿Saben vostedes que hai...? Bueno, si, si o deben saber, porque como todo o que están presentado nesta Cámara é electoralista, pois seguramente o saberán. E ¿saben que o máis probable é que non estean á fronte do Goberno? Isto, os sillóns do Consello da Xunta e as sillas de aquí, isto non funciona coma a presidencia do Partido Popular de Ourense, isto non se herda. Isto gáñase cos votos da cidadanía. É unha ousadía e unha falta de respecto estar facendo promesas electorais cando estamos a piques de ter unhas eleccións, e de comprometerse a facer algo así, que dende logo sabemos que non o van facer. ¿Pensa de verdade vostede que os empregados e empregadas públicas os cren, señor conselleiro? (*Murmurios.*) Si, si. Pois, para responder a esa pregunta, soamente temos que botar a vista atrás e ver se vostedes cumpriron as súas promesas electorais. Porque eu non considero que a cidadanía nin que os empregados e empregadas públicos sexan parvos, señor conselleiro, e así llo digo.

Non sei vostede, pero estou convencida de que os traballadores e traballadoras da función pública galega non esquecen aquelas declaracións –e o vou volver repetir cada vez que suba a esta tribuna–: “Eu aos funcionarios non lles vou pedir máis esforzos dende o punto de vista retributivo, xa fixeron bastante”.

Vostede dixo hoxe, e volveu mentir, unha frase, que apuntei: “O Goberno galego cumpre coa palabra dada”. ¿E vostede cre que o señor Feijóo cumpriu cando lles dixo aos funcionarios que non lles ía retallar máis en plena precampaña electoral? ¿Vostede cre que cumpriu cando naqueles mesmos días nos micrófonos de Radio Nacional dicía que non facía falta retallar os salarios, que era perfectamente conciliable con reducir gastos de persoal? Afirmou: “Nos orzamentos de 2013 a Xunta vai ter unha capacidade enorme para aforrar neste gasto, pero por vías como o control do absentismo, nunca con retallos”. ¡Maldita hemeroteca, señor conselleiro!

Mesmo nas seis páxinas que o seu programa electoral, o programa electoral do Partido Popular, dedicaba á función pública galega non había ningunha referencia a estes retallos inminentes.

E cando nós, o PSdeG, repetiamos ata a saciedade que vostedes estaban mentindo, chamá-bannos mentirosos a nós, acusá-bannos de mentir e de enganar, cando se demostrou, cando

volveron ser reelixidos, que os que enganaron e os que mentiron foron vostedes, que nin sentían empatía nin entendían a desesperación daquelas persoas, dos miles, dos milleiros de persoas, que se manifestaran naquela época en Madrid contra os retallos, tamén aos empregados públicos, do señor Rajoy.

Porque, señor Tellado, voulle dicir unha cousa que non sei se sabe. O señor Zapatero non está gobernando, jeh! Dígollo por se lle queda algunha dúbida, non está gobernando. En Andalucía si que gobernamos, pero o señor Zapatero non. Levan vostedes gobernando catro anos, e sete anos e medio nesta comunidade autónoma.

O señor Feijóo inicia este camiño cara á reelección coa mesma consigna que tiña nas anteriores eleccións autonómicas: renegando de toda a súa política de función pública e mentindo. Porque todos sabemos que, aínda que non van gobernar, teñen escondidos, por se acaso, nun caixón novos retallos. E dígoo cinguíndome aos datos, pois só tardou dous meses, despois das anteriores eleccións, en anunciar a redución do 4 % de media no salario dos empregados e empregadas públicas no ano 2013, a través do retallo do 40 % das súas pagas extras, a través dos complementos específicos. Si, esa mesma medida que hoxe pretenden reverter, que hoxe pretenden vendernos nesta Cámara como unha consecuencia da melloría económica. Eu, señor conselleiro, non sei para quen é esa melloría económica. Porque imaxino que vostede viu hoxe os datos do informe de estrutura salarial do INE, imaxino que si. Imaxino que viu que temos un 12 % menos de salario bruto que a media estatal, imaxino que viu que somos a terceira comunidade autónoma cos salarios máis baixos. Así que non entendo moi ben a quen está chegando esa recuperación que vostedes están vendendo.

Esa medida, como lles dicía, que pretenden vendernos foi unha medida ideolóxica. Porque vostedes nunca creron nos servizos públicos e empregaron a crise como coartada para facer o que sempre quixeron facer: recorrer ás privatizacións e recorrer ao desmantelamento de todo o público.

E –repítollo– se agora reverts esa situación, se agora traen este proxecto de lei, non é porque vostedes cambiaran de ideoloxía, non é porque deixaran de querer desmantelar os servizos, é porque o fan forzados por decisións xudiciais, e fano porque estamos en precampaña electoral.

Se botamos a vista cara atrás, nos últimos dez anos a perda de poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras públicos en Galicia foi do 33,5 %, un descenso de máis de catro puntos superior ao que sufriron os empregados das administracións públicas no conxunto do Estado, que chegou ao 29,2 %.

E repítollo unha vez máis, porque antes vinlle cara de non saber moi ben de que estaba falando: o Grupo Socialista nesta Cámara, a través dunha PNL debatida o 16 de marzo deste ano, pediu á Xunta de Galicia que desistira do recurso de casación presentado ante o Tribunal Supremo sobre o complemento específico das dúas pagas extras do ano 2013 de todo o seu persoal; iniciativa que non saíu adiante porque o Partido Popular votou en contra. Cando se rexistrara esa iniciativa, viñamos de coñecer xa a cuarta sentenza que neste caso recoñecía ao persoal funcionario dos servizos centrais da Xunta o dereito ao cobro íntegro dos com-

plementos específicos das pagas extras dese ano. Ademais, condenaba á Xunta a pagar as custas; recoñecendo a xustiza en moitas sentenzas, nas que non houbera silencio na reclamación administrativa con carácter xeral, a reclamación subsidiaria do terzo do complemento específico de xuño, ou sexa, a parte reivindicada en xaneiro e febreiro ata que entrou en vigor a Lei de orzamentos galega dese ano. É dicir, sabíase que había ilegalidade, sabíase, señor conselleiro, por moitas sentenzas incluso firmes. Xa lle recordamos daquela que para o persoal laboral a reclamación por vía de conflito colectivo, que fora resolta no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, estimara esa reclamación subsidiaria. Pero vostedes seguiron insistindo e recorrérona ao Tribunal Supremo co obxecto de atrasar na maior medida posible o inevitable. O que, ademais de implicar a posibilidade de pagar as custas destes procesos, que saíron do peto de todos os galegos e galegas –e pónolle como exemplo este persoal funcionario de servizos centrais que condenou en Santiago de Compostela o 29 de xaneiro a 400 euros en custas á Xunta de Galicia–, contribuíron a saturar a vía xudicial.

E por se fora pouco que traian vostedes este proxecto anunciado *a bombo y platillo* que só anuncia a devolución dunha porcentaxe da paga extra de 2013, que, como lle comentaba é por obrigación das sentenzas xudiciais, sen concretar nada máis, resulta que deixan fóra a máis do 50 % das persoas que traballan na función pública galega. Si, déixana fóra porque, utilizando linguaxe sexista, invisibilizan todas as mulleres que traballan na función pública galega. É vergoñento, señor conselleiro, que o informe de impacto de xénero teña que corrixir esta cuestión e que non apliquen na súa xestión diaria, de maneira transversal, esa linguaxe non sexista.

E, por favor, non me fale de que vostedes valoran o traballo dos empregados e das empregadas públicas. ¿Sabe vostede que é isto? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor Tellado, vostede tamén. Isto son os empregados da televisión pública galega, estes son os empregados da televisión pública galega entrando no despacho da directora de informativos... (*Murmurios.*) Si, señor Tellado, si. Son os traballadores entrando no despacho da directora de informativos da Televisión Galega para pedir a súa dimisión; si, e entrando tamén na mesma redacción. E pedíana porque o pasado día 23 o tratamento que deu ao escándalo do ministro de Interior en funcións foi vergoñento, señoras e señores do Partido Popular. Si, protestaban contra o que se consideraba unha manipulación brutal, intolerable e inadmisibile nun medio público que se debe ao dereito á información que ten a cidadanía galega. Non é posible que quen di que respecta os servizos públicos atente contra a liberdade de comunicación e atente contra o traballo que están a realizar os profesionais da televisión pública galega. Daquela ofreceran o señor Fernández Díaz como unha vítima, como unha vítima, sen dar información veraz sobre un feito gravísimo, sobre un feito que recorda, señor conselleiro, a outras épocas. O de vixiar partidos políticos e o de utilizar politicamente as institucións para destrozarse a outros partidos, si, señor conselleiro, é propio doutras épocas. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio, por favor. Todo é posible. Silencio. (*Murmurios.*)

Ás emendas, sobre as emendas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Con respecto á emenda á totalidade do Grupo Mixto, imos votar a favor. Imos votar a favor porque sempre temos defendido que os dereitos laborais dos empregados e empregadas públicas deben ser restituídos inmediatamente, pois nunca deberon ser retallados. Imos votar a favor tamén da emenda do Bloque Nacionalista Galego.

A respecto da emenda de devolución de AGE ímonos abster, porque comentei na miña primeira intervención que, aínda estando de acordo con que o procedemento non é axeitado, isto suporía un retraso no pago para estas familias. E nós consideramos que, de verdade, hai xente que o necesita.

Señoras e señores do Partido Popular, se de verdade queren restituír aos empregados e empregadas públicas os seus dereitos, voten a favor dunha moción que o Grupo Socialista presentará mañá neste hemiciclo, do contrario seremos aínda máis conscientes de que o de hoxe só é unha consecuencia da precampaña electoral e de que se ven obrigados polas sentenzas xudiciais.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

Señor conselleiro, son as consecuencias da resaca electoral da xornada do pasado domingo. É a desesperación, a frustración de ver como o seu discurso non casa coa realidade do noso país e o seu discurso, ademais, é rexeitado pola maioría social do noso país. Por iso responden desta forma. *(Aplausos.)* Non razoan, seguen instalados na política do bloqueio, esa política que os leva a perder o pulso da rúa, a perder o pulso da realidade. E nós o que temos que facer é seguir gobernando para a xente, para a xente do común e para a xente que está na rúa, que vive os problemas do día a día, que traballan na Administración pública galega e que saben perfectamente que ese 5 % o recortou o Partido Socialista. Esa é a realidade.

E eu, para Galicia, ¿que quere que lle diga?, eu para Galicia quero un conselleiro de facenda do Morrazo, non un ministro de economía dun país nórdico, como dicía vostede. *(Aplausos.)* Eu quero un conselleiro de facenda do Morrazo. Perdeu vostede a ocasión de pedir desculpas por esa retallada do 5 %, foi unha mágoa. Pero, en calquera caso, eu o que si agardo é que nesta ocasión o voto do seu grupo o teñan falado, cando menos, co señor Leiceaga, e que mañá non atopemos na prensa que o señor Leiceaga non comparte a opinión do seu grupo e que este aliñamento coa esquerda máis radical non é compartido polo seu candidato.

Ensina vostede fotos. Eu tamén lle quería ensinar unha foto. ¿Saben quen son? ¿Non sei se a ven ben? (*Murmurios.*) ¿Sabe quen son? ¿Non sei se o ven ben? Estes son traballadores. Son tamén traballadores, son traballadores do Concello de Ferrol que protestan pola política de emprego do goberno bipartito conformado por Partido Socialista e as Mareas de Podemos. Estes protestan, estes queren acordos, acordos como os que si firma o goberno sustentado polo Partido Popular.

Nós vimos aquí cunha proposición que vén avalada pola maioría sindical, por tres sindicatos. Vostedes veñen aquí coas mans vacías, e o que pasa en Ferrol iso dá igual. Porque alí non chegan vostedes a acordos, están en contra de todo. Esa é a súa política.

En definitiva, vostedes insisten no error, non aprenden nada, e é francamente triste. Eu o que lles teño que dicir é que, miren, hai un ano, efectivamente, nas eleccións municipais de hai un ano, o Partido Popular recibiu unha chamada de atención por parte do electorado. Esa chamada de atención nós escoitámola e decidimos facer autocrítica. (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*)

Escoite, señor Fajardo, e deixarán de perder votos. Escoite, señor Fajardo, e deixarán de perder votos. (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio.

Silencio, por favor. (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*) Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Efectivamente, nós recibimos unha chamada de atención do electorado hai un ano nesas eleccións municipais, e podíamos facer dúas cousas: mirar para outro lado, como fai a esquerda radical, ou facer autocrítica sobre o que tiña decidido. Nós decidimos facer autocrítica, nós decidimos renovar equipos, renovar actitudes, renovar políticas e detectamos dous temas nos que a cidadanía cría que non estabamos a actuar... (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio, por favor!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...rexeneración política e inclusión social.

E nós puxémonos a traballar, non estabamos coma vostedes fastidiados no escano...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...nós puxémonos a traballar...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Aplaudir é libre, pero...

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós aprobamos un programa de impulso democrático...

Perdoe, señor Tellado, perdoe un momento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Aplaudir é libre, claro que é libre, pero eu pídolles que respecten quen está no uso da palabra. Porque se este grupo cando falen vostedes fai o mesmo, aquí é imposible manter a orde. Entón, pídolle que respecte porque, se non, cando falen vostedes van facer o mesmo, e vos-
tede é o menos indicado para falar.

Polo tanto, silencio, por favor. Silencio.

O tempo será compensado, tranquilo.

(Interrupcións.) (Murmurios.)

¡Home, claro!

Prosiga, señor Tellado, prosiga.

O señor TELLADO: ¿Sabe que pasa? Que isto non é Venezuela. Isto é unha democracia e hai que respectar os demais. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Hai que respectar os demais. Esa é a realidade.

Señor Ron, vostedes pensan que vostedes son os únicos demócratas e, por iso, cando pasa o que pasa o domingo, a xente está equivocada...

O señor PRESIDENTE: Señor Fajardo, chamada á orde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Chamada á orde por interrupción reiterada. E que é o de sempre, señor Fajardo, ata me dá a min certa vergonza ter que andalo chamando sempre á orde a vostede, pero teño que volver chamalo á orde.

Prosiga, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Pois ben, nós en vez de interromper as intervencións dos demais, o que fixemos foi autocrítica, entender que por algo deixaban de votarnos. E nós o que fixemos foi poñer enriba da mesa plans e programas.

Programa de impulso democrático, vostedes non o apoiaron. Impulsaba maior participación cidadá, máis prevención da corrupción, máis transparencia, control das finanzas dos partidos. Máis adiante, o Consello da Xunta aprobou un plan de loita contra a desigualdade económica, con medidas no eido da vivenda, da enerxía, material escolar. Este plan culminou hai poucos días coa aprobación da nova axenda social única, acordada coas ONG de Galicia.

E o certo é que, dende a humildade, nós soubemos corrixir aquilo polo que críamos que a xente nos tiña castigado nas eleccións hai un ano. E nós acertamos: o Partido Popular recuperou o pasado domingo 40.000 votos. Esa é a realidade. E vostedes, o certo é que, xuntándoos a todos, perderon 100.000 votos: 67.000 de AGE ou as Mareas, 5.000 do PSOE, 26.000 do BNG, que se dividiu á metade. Esa é a realidade. Polo tanto, teñan un pouco de humildade,

escoiten o grupo maioritario, o grupo que apoia o 41 % dos galegos, e, polo tanto, teñan un comportamento democrático. *(Risos.)* Esa é a realidade. *(Murmurios.)*

E ese castigo que vostedes tiveron ten unha lectura moi sinxela: a cidadanía non valora o bloqueo, a cidadanía non valora actitudes destrutivas, non valora a ausencia de diálogo, non valora o desprezo ao rival político, que vostedes practican no día a día. A cidadanía castiga a prepotencia e a soberbia, que é polo que se ten caracterizado a súa actuación nos últimos meses.

Señorías, nós estamos aquí para arreglar un problema, vostedes non queren. Vostedes practican a política de canto peor, mellor, canto peor lle vaia á xente, mellor lle irá á oposición de Galicia, e nós, dende logo, non compartimos esa actitude. Vostedes aliñanse cos que queren boicotear os acordos.

Miren, nós traemos un proxecto de lei acordado con tres das catro centrais sindicais, ás que vostedes hoxe lles van votar en contra. Esa é a realidade e, polo tanto, cada quen sitúase onde cre preciso. Pero nós cremos que vostedes se equivocan, por facerlle oposición ao Partido Popular, por facerlle oposición a Galicia, vostedes fanlles oposición aos representantes dos traballadores, vostedes fanlles oposición aos empregados públicos do noso país, vostedes fanlle oposición a Galicia, a Galicia. Vostedes están en contra de Galicia, esa é a única realidade; están nesa actitude de canto peor, mellor. E, dende logo, nós o que lles temos que dicir é que nós non estamos dispostos a que esa situación ocorra en Galicia.

Miren, a nosa postura, a postura da Xunta de Galicia, a postura do Partido Popular de Galicia, é diametralmente oposta. Durante a crise tivemos as tensións lóxicas coas centrais sindicais, pedimos esforzos, era necesario facer axustes que non foron do gusto de ninguén, e do noso tampouco. Pero entón empeñamos a nosa palabra e dixemos que aqueles axustes eran temporais, e dixemos que, en canto a situación económica mellorase, serían revertidos. Vostedes están en contra de todo.

En abril do ano pasado aprobamos nesta Cámara a Lei de emprego público, que comprometía un fondo para ir devolvendo a paga extra de 2012, pouco a pouco, ata o ano 2018. Non só cumprimos o que prometemos, senón que nos adiantamos: en setembro deste ano os empregados públicos terán recuperado o cen por cento daquela paga extra.

En setembro do ano pasado o Estado devolveu aos seus empregados públicos os días de vacacións e os días de libre disposición que lles foran retirados e habilitou ás comunidades autónomas para facer o propio co seu persoal. Un mes despois, só un mes despois, a Xunta asinou un acordo coas tres centrais sindicais para levar a cabo esta medida canto antes, un mes despois. A primeira das comunidades autónomas do noso país.

En febreiro deste ano acordamos tamén con tres centrais sindicais, Comisións Obreiras, UGT e CSIF –esas ás que vostedes hoxe lles van votar en contra–, con esas tres, acordamos tamén a elevación das prazas de oferta de emprego público para reforzar os servizos sociais e o servizo de prevención e extinción de incendios. E, neste mesmo mes, no mesmo acordo no que a Xunta se comprometeu a tramitar este proxecto de lei, acordamos coas centrais sin-

dicais que, a partir de xaneiro do próximo ano, o persoal empregado público recuperará a totalidade do complemento específico nas pagas extras. Facémolo un ano antes do previsto, un ano antes do previsto; vostedes están en contra. Esa é a realidade. E ¿por que están en contra? Porque vostedes desprezan absolutamente todo. Esa é a situación, a actitude na que están instalados.

A vostedes dálles igual que haxa oito mil cincocentas persoas beneficiándose do sistema de flexibilidade horaria que implantou este Goberno; dálles exactamente igual. A vostedes dálles igual que ampliáramos o permiso de maternidade; dálles exactamente igual. (*Murmurios.*) A vostedes dálles igual que instauráramos un sistema de adaptación da xornada para aqueles empregados públicos que estean sometidos a tratamentos de radioterapia e quimioterapia, a vostedes dálles igual. A vostedes dálles exactamente igual porque, dende logo, vostedes queren seguir dicindo que este Goberno maltrata os empregados públicos. E non é verdade, non é verdade.

E ¿sabe que pasa? Que os funcionarios o saben. Os funcionarios saben o que aquí se vai votar e saben grazas a quen van cobrar e grazas a quen non cobrarían se nós non tiveramos unha maioría que garante a estabilidade política e institucional de Galicia. (*Aplausos.*) Sábeno perfectamente. Non enganan vostedes a ninguén, a ninguén. E, polo tanto, os funcionarios entenderon perfectamente o que significaba un axuste temporal e entenden, e valoran –como que están a demostrar asinando estes acordos coa Xunta de Galicia– que este goberno cumpre co compromiso dado e que, na medida das posibilidades, nós adiantamos os prazos establecidos.

Os funcionarios entenden que o primeiro deber deste goberno foi soste os servizos públicos cuns orzamentos moi reducidos. Entenden o que é ter que xestionar a escaseza, porque eles mesmos viven no día a día de xestionar esa escaseza. Se vostedes non gastasen no bipartito o que non había, posiblemente non estiveramos na situación actual. (*Murmurios.*) Sigán vostedes negando a realidade, sigán vostedes negando a realidade, que lles vai moi ben.

E miren, os funcionarios entenden, ademais, que este proxecto de lei vai acompañado dunha memoria económica que cifra exactamente o custo da retribución extraordinaria: 25 millóns de euros, que están enriba da mesa. Polo tanto, esa é a realidade. Dubido moito que os funcionarios entendan, señor Ron, esas emendas e os textos alternativos do BNG e do Grupo Mixto, que son unha carta aos reis magos; iso si que é propaganda electoral, pero propaganda da mala. Dubido que entendan as súas mentiras, as mentiras da oposición de Galicia. Falan de destrución salvaxe do emprego público cando en Galicia foi a metade da media das comunidades autónomas de todo o país; a metade, señora Blanco. Esa é a realidade, que sigán falando de catro mil docentes menos cando xa se lles explicou nesta Cámara, de forma reiterada, que están a facer a comparativa cun dato inflado do ano 2010, no que se contabilizaban por duplicado as prazas de funcionarios e interinos.

Polo tanto, miren, os empregados públicos, igual que a cidadanía galega en xeral, están a ver un partido e un goberno que cumpre co que di e que está amosando sentido da responsabilidade, un goberno que está a demostrar que os sacrificios foron temporais e necesarios para conseguir salvar a nosa comunidade desa bancarrota e do rescate ao que os socialistas nos tiñan abocados.

Esa foi a realidade, e, dende logo, estamos revertendo a situación. A nivel de emprego público, coa sucesiva devolución das pagas extras, dos días e dos complementos, pero tamén o estamos facendo a nivel xeral, con ese superávit de responsabilidade que me alegro que a señora Paz Franco citase, ese superávit que nos permite facer neste verán obras nun centro de garderías, na metade dos centros educativos de Galicia, obras en setenta e catro centros sociais e obras en vinte e tres centros de saúde. Iso é o superávit de responsabilidade; ese é o superávit da boa xestión dun goberno que traballaba mentres vostedes se entregaban abertamente á demagogia. E, polo tanto, ese superávit da responsabilidade permítenos tamén estender a tarxeta benvida, permítenos tamén apostar polo bono coidado e permítenos apostar, tamén, pola gratuidade do transporte público.

Polo tanto, vostedes sigan así, sigan nesa actitude porque, en fronte da responsabilidade e do rigor, o que hai é unha oposición na que cada vez os galegos cren e confían menos, unha oposición que dicía que os axustes ían ser así para sempre e que agora ven como a situación se reverte e eses axustes se devolven. Polo tanto, esa é a situación, unha oposición que vive instalada no pataleo e no bloqueo permanente. Esa é a política que vostedes practican. Iso é o que ve a cidadanía de Galicia, señores da oposición, e por iso pasou o que pasou este domingo; pasou o que pasou e, por iso, esta oposición perdeu cen mil votos, mentres que o Partido Popular recuperaba confianza de corenta mil galegos. Así lles vai, así lles irá. Sigán por ese camiño, nós imos seguir traballando polos galegos...

O señor PRESIDENTE: Emendas, sobre as emendas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...e, dentro dos galegos, tamén polos empregados públicos do noso país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: As emendas é evidente que non teñen ningún sentido, que a lei ten un obxectivo claro e, polo tanto, nós o que pedimos á oposición é que abandone a demagogia...

O señor PRESIDENTE: Non acepta as emendas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que escoiten os cidadáns e que dean o seu voto a favor a este proxecto de lei.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Réplica dos grupos emendantes.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bueno, eu estou un pouco perdida porque nos falaron de garderías, de centros de saúde, de conciliación, de permiso maternal... que eu non sei que ten que ver con esta lei. E seguimos insistindo en falar de calquera outra cousa para obviar e que non quede constancia de que o que está facendo o Goberno con este proxecto de lei é dar cumprimento a unha sentenza. O que non queren que quede claro é que o Goberno recorreu todas as sentenzas dos tribunais de primeira instancia, e a sentenza do Tribunal Superior de Galicia, e que paga porque non lle queda máis remedio, pero que a vontade do Goberno era seguir roubándolles aos traballadores e traballadoras públicos, que tiveron que recorrer á xustiza unha vez e outra. E a Xunta, utilizando cartos públicos e utilizando medios públicos, dedicouse –con eses bens públicos– a ir en contra dos dereitos dos traballadores e traballadoras públicos. ¡É un roubo á cidadanía o que fixeron vostedes! Insistir na xustiza en non pagar e agora vir aquí en plena campaña electoral dicir que isto é vontade do propio Goberno.

Eu non sei que valor lles dan vostedes aos contratos que asinan como goberno, non sei que valor lles dan vostedes aos acordos que asinan. O que teño claro é que o valor que lles dan vostedes aos acordos que asinan coa representación sindical é cero, porque se lo saltan cando a vostedes lles parece. Están vostedes violando a lei ao incumprir os acordos que asinan coas organizacións sindicais.

Polo tanto, vostedes non son de fiar, porque hoxe aprobamos esta lei, pero se mañá lles parece ben, sácanos automaticamente outra onde desdín todo e volven quitarlle dereitos á clase traballadora, aos traballadores e traballadoras públicos, e aquí non pasou nada. Porque, como vostedes poden, que son os que lexislan e teñen maioría absoluta, esta é a súa cancha e fan desta Cámara o que vostedes queiran, e o último que lles interesa son os traballadores e traballadoras públicos, a clase traballadora en xeral e a cidadanía en xeral. Porque non son só recortes que lles pegaron aos traballadores e traballadoras públicos, son todos os recortes, copagos, repagos e máis pagos que lle meteron a toda a cidadanía, independentemente dos seus ingresos.

Polo tanto, veñen aquí facer propaganda outra vez a conta dos empregados públicos. Son sempre, foron, os máis castigados, por decreto lei quitáronselles os seus dereitos e, ademais, agora séguenos utilizando como propaganda electoral.

Din vostedes que é unha proposta avaliada pola maioría sindical, aceptada pola maioría sindical. ¿E que lle vai dicir a maioría sindical? Cumpran a sentenza. Claro, ¿que querían que lle dixeran os sindicatos? ¿Que non cumpran a sentenza? (*Murmurios.*) Evidentemente. O que pasa é que había un sindicato que dicía: non, débennos moito máis. E xa que se lles enche a boca falando do ben que vai economicamente, do listos que son e o ben que o fan e de todo o superávit que teñen, paguen aos empregados públicos, iso é o que lles di o sindicato. E os outros dinlles: cumpran a lei; claro, pois cúmplana, evidentemente que a teñen que cumprir.

Fala vostede de que loitaron contra a desigualdade económica e con grandes acordos con ONG. E que iso é como entenden vostedes a igualdade social; a igualdade social non é depender da caridade, non é que os pobres teñan axudas. O que hai que facer é repartir os ingresos e os gastos, o que hai que facer é cambiar a fiscalidade de forma que quen máis gane

máis pague para que todos teñamos os mesmos dereitos, para que ninguén teña que ter un carné de pobre para poder ter dereitos. É unha vergonza que en pleno século XXI haxa galegos e galegas que teñan que ir co carné de pobre para poder pagar a calefacción, co carné de pobre para poder comer, co carné de pobre para todo. E vostedes séntense orgullosos de manter a sociedade do carné de pobre, ¡que marabilla, señores!, ¡que gran marabilla! Subvencións mentres tanto para os grandes medios de comunicación que lle fixeron a campaña electoral, a ver, ¿ou somos tontos?, ¿ou somos tontos? ¿A que viñeron as subvencións de primeiro de ano amais das que xa tiñan? Para que lle fagan a campaña. Vostedes manexan moi ben, dende logo, as grandes empresas e os grandes medios.

Di vostede, señor Tellado –creo que foi vostede–, que canto peor, mellor para a oposición. Pois mire que ben o fai o Partido Popular: empobreceu a clase media a niveis que xa non se recordaban, aumentou a brecha social dunha maneira increíble, cada vez os pobres son máis pobres, os ricos son máis ricos, cada vez hai máis pobres, cada vez hai menos ricos pero os ricos teñen máis; é dicir, unha brecha salarial inmensa. Aumentou a brecha salarial de xénero, aumentou a pobreza infantil. O PP entende, polo tanto, iso, a caridade. Vostedes non fan política, fan caridade. E ademais alardeaba o señor Tellado dicindo: non, xa trouxemos aquí que a paga extra do 2012 a iamos pagar e terminariamos de pagala no 2018. ¡É alucinante!

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Débenche unha paga extra...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...póñena en seis anos a pagar a contagotas e o señor Tellado vén aquí facer un alarde de que pagaban unha débeda que teñen, unha ilegalidade absoluta, en contagotas ata o 2018.

E xa para rematar, o máis indecente que teñen feito vostedes é que a estas alturas de democracia, a estas alturas de século, teñen traballadores e traballadoras sen convenio de aplicación, aplicándolles o Estatuto dos traballadores en vez de aplicarlles –como levan anos xa obrigados– o V Convenio do persoal laboral.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Unha indecencia política.

Nada máis.

O señor PRESIDENTE: Pronúnciese, por favor, sobre as emendas dos outros grupos.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Apoiarei as emendas dos outros grupos, evidentemente, porque no fondo todos reclamamos exactamente o mesmo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, a verdade que non ten perda escoitar a modestia do señor Tellado expresarse nesta tribuna porque con el parece ser que o Partido Popular recupera a súa cara máis amable e o traballo político máis aderezado con sabedoría, argumentos e profundidade epistémica. Agardo saiban entender a miña ironía porque, desde logo, cada vez que o escoito prodúceme, de verdade, abraio intelectual, por dicir algo amable. *(Murmurios.)* Ben, imos seguir.

Como dicíamos, o señor Tellado tamén aproveitou a súa ocasión para disparar contra todo o que se movía: disparar contra Zapatero, contra o Bipartito, disparar contra as mareas, por suposto, as mareas de Podemos. Así con esa sorna con que vostede o di constantemente, ignorando a realidade política, sabemos que o fai por maldade e non por vontade política... *(Murmurios.) (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, señor Tellado, aprenda as siglas políticas que figuran e saberá algo máis, pero vostede vive na súa panacea ou no seu mundo superficial aéreo *(Murmurios.)* e, polo tanto, non se entera de case nada do que acontece ao seu redor. *(Murmurios.)* Non, non...

O señor PRESIDENTE: Iso o di vostede, non pasa nada. Eu entendín todo, eu entendino perfectamente a vostede.

(Murmurios.)

O señor RON FERNÁNDEZ: Claro, non pasa nada. *(Murmurios.)*

Ben, con respecto *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ao de canto peor, mellor –que dicía o señor Tellado–, canto peor, mellor; nós consideramos que ese é o seu lema: canto peor o fan, mellor podemos camuflar a realidade, esa realidade que vostedes están ocultando, que vostedes manipulan e que vostedes aproveitan, loxicamente, de forma ben interesada, tamén intelixente, loxicamente, a intelixencia é saber manipular, sábeno todos desde a época do señor Goebbels, a manipulación aplica unha dose alta de intelixencia para ter efecto. E vostedes sábeno facer moi ben... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor RON FERNÁNDEZ: ...pero o que quedará da súa herdanza será precariado –non se rebateron eses datos porque a desigualdade, segundo os índices de Gini, non deixou de dispararse en Galicia e no Estado, ao longo destes anos–, a fenda entre os que máis teñen e os que menos, medrou. Aquí hai 7.388 persoas que posúen o 55 % do PIB de Galicia. Viven na illa da oligarquía; aí é onde vostedes gobernan. Claro, dicía: democracia. O señor Tellado sabe moi ben para quen goberna, para esa minoría, para esa oligarquía, non para esa maioría social, non, non, porque vostede sabe moi ben quen sustenta o poder *(Murmurios.)* e quen sustenta as redes do poder das que vostedes viven, *(Murmurios.)* esas redes sabe moi ben quen as sustenta. *(Murmurios.)*

Polo tanto, este proxecto de lei, que non é un proxecto de lei de debate, non é un proxecto de lei que poidamos discutir máis que hoxe para dicir que non compartimos as súas formas

procedementais e non compartimos, desde logo, os argumentos. Porque –reitero– eu podería lerlle o que figura no texto que di: “recuperar na Lei de orzamentos para o 2017 as dúas pagas adicionais do complemento específico ou retribucións equivalentes”. Iso figura no acordo, (*Murmurios.*) si, figura. ¿Figura no articulado? Non, iso é incuestionable. ¿Figura no articulado a recuperación dos outros dereitos conculcados pero que vostede aproveitou para facer publicidade deles? Non, neste proxecto non figuran. Entón non me veña falando do que están facendo vostedes, que están recuperando dereitos conculcados, que están dando días de vacacións, que están favorecendo a conciliación laboral e familiar. Por favor, xa se ve como está o índice demográfico neste país, como están precisamente as estruturas do rural desabastecéndose e perdendo servizos a pasos axigantados e perdendo xente por ese motivo. E non deixemos de lado os números de docentes que se empregan –a veces de forma desinteresada–, pero, desde logo, houbo perda de profesorado en Galicia, os datos oficiais falaban de 1.250, quedándonos cos datos oficiais do ministerio. E iso é así. E perdemos tamén capacidade de emprego no sector público por moito que vostede agora veña facendo fachenda da OPE deste ano, da taxa de reposición deste ano. Pero sume, sume todo o que se perdeu en postos de traballo ao longo destes anos e faga unha suma e verá que perdemos, perdemos capacidade nos servizos públicos, perdemos calidade e, ademais, a cidadanía perdeu o dereito de acceso a eses servizos porque se introduciron copagos e repagos para acceder ao que era un dereito. E mesmo pasou coa sanidade, deixémolo aí.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, por favor.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, con respecto ás emendas, como non pode ser menos imos apoialas porque defenden a recuperación íntegra do salario roubado á clase traballadora. E, polo tanto, desde ese punto de vista contará co noso apoio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Eu vou procurar non exercer de tertuliana como o señor Tellado e falar do que nos convocou hoxe aquí que é o proxecto de lei sobre o que estamos debatendo e as distintas emendas, porque efectivamente o señor Tellado durante os seus quince minutos –cada un emprega o seu tempo como lle peta, por suposto– falounos de Ferrol, de bipartitos, do sexo dos anxos, das eleccións..., non sei de cantas cousas máis, pero non se dignou a falar das emendas que presentamos os grupos parlamentarios. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Simplemente dedicou un segundo a dicir que ían votar en contra porque non tiñan ningún sentido, foi o que dixo. Entón eu quixera preguntarlle ao Partido Popular o seguinte:

Mire, primeiro quixera aclararlle algúns conceptos ao señor Tellado. Mire, vamos ver, o proxecto de lei que vostedes traen aquí trátase única e exclusivamente de cumprir unha sentenza, ¿si ou non? Única e exclusivamente, e de facela extensiva –igual que se fixeron os recortes,

por certo– ao conxunto dos traballadores e traballadoras do chamado ou denominado sector público galego. O Bloque Nacionalista Galego presenta unha emenda á totalidade con texto alternativo na que se contempla literalmente, literalmente, literalmente –a ver se lles queda–, o mesmo que pon o seu proxecto de lei a respecto do que ordena a Sentenza de reparación da ilegalidade coa única excepción –e, insisto, literalmente– de que nós dicimos que a paga proporcional de xaneiro e febreiro de 2013 en lugar de pagarse ao longo de 2016 –é dicir, á véspera das eleccións ao Parlamento galego– se pague coa nómina do mes de agosto. (*Murmurios.*) Señor Tellado, ¿cal é a falta de sentido? ¿Ten vostede ou o Goberno algún argumento para que non se poida aceptar que en lugar de poñer que se pague ao longo de 2016, do que queda de ano, se poida poñer que se pague...? ¿Hai algún impedimento de orde económica, de orde administrativa? ¿Existe algún impedimento? ¿Cal é a falta de sentido? Iso respecto ao artigo 1.

Artigo 2. No artigo 2 da nosa emenda di que o resto do 2013 se pague no que queda de ano. ¿Existe algún impedimento para poder facelo? ¿De índole económica ou simplemente de vontade política de que o Partido Popular só funciona a golpe de sentenzas xudiciais e non é capaz de reparar ningún dereito nin de recoñecerlle ningún dereito a ninguén se non é a través da imposición dunha sentenza xudicial, ademais, xa cando é absolutamente inapelable como ao Tribunal Supremo?

A respecto do artigo 3, ¿onde está a falta de sentido, señoras e señores do Partido Popular, en que nun proxecto de lei, nun texto legal, recoñezamos que aos empregados públicos lles quitamos dereitos salariais durante o 2014, 2015 e 2016 e que vamos ao Goberno que veña, sexa cal sexa, obrigarlle a que recolla nos orzamentos para o 2017 os recursos necesarios para pagarlles? Se é un problema de cartos eu creo que o señor presidente nos dará tempo, ou mentres se debate a seguinte lei, para que fagamos entre todos os grupos unha transacción; e se non pode ser no 2017 e pode ser unha parte no 2017 e outra no primeiro semestre do 2018 pois igual o podemos falar. Pero vostedes veñen aquí simplemente intoxicar e utilizar o Parlamento para facer a súa campaña política e non dar argumentos políticos, nin económicos, nin dicir por que se poden facer ou por que non se poden facer as cousas.

E a respecto do punto 4, eu desde logo vou marchar de aquí cun trastorno de personalidade, (*Murmurios.*) si, si, con trastorno de personalidade, así llelo digo. O Goberno asina un acordo, que se publica o día 8 no DOG, coas organizacións sindicais nas que di que se van incluír nos orzamentos para o ano 2017 as cantidades necesarias para que a partir de xaneiro de 2017 –enténdese– os empregados públicos recuperen o complemento específico nas súas pagas extraordinarias. Eu xúrolles que en todo o dossier que mandaron vostedes aquí busquei moitas veces ata intentar encontrar no articulado como se reflectía iso e non existe. Entón, busquei moitas veces ata intentar encontrar no articulado como se reflectía iso, e non existe. Entón, por favor, se non queren ser culpables do meu trastorno de personalidade, díganme onde están o sensentido...

O señor PRESIDENTE: Por favor, señora Paz...

A señora PAZ FRANCO: ... do artigo 4 que propón o Bloque Nacionalista Galego, que é establecer unha obriga legal de que o Goberno que teña que facer os orzamentos para 2017 inclúa iso nos orzamentos da Xunta de Galiza.

E, finalmente....,

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

A señora PAZ FRANCO: ... señoras e señores deputados, é a terceira ou cuarta vez que traemos a este Parlamento que se restitúan outros dereitos dos empregados públicos que vos tedes tamén utilizan reiteradamente para facer propaganda pero que nunca restitúen.

E, para finalizar, eu votarei a favor das emendas presentadas polos outros grupos, e simplemente quero dicir que a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego non vai en contra de ningún acordo sindical, en absoluto. Simplemente quere blindar o acordo sindical e blindar, a través deste proxecto de lei, que tamén se restitúan os outros dereitos que non están aínda contemplados nese acordo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Debateremos agora e votamos o ditame elaborado pola Comisión 5ª.

Debate e votación do Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Para presentar o ditame da comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, dona Marta Rodríguez-Vispo

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO (Rodríguez-Vispo Rodríguez): Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

A Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, presentada polo Grupo Popular de Galicia, tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 19 de febreiro de 2016, e cualificouse pola Mesa do Parlamento o 22 de febreiro. Logo da súa toma en consideración na sesión plenaria do 15 de marzo, a Mesa, na reunión do 21 de marzo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, e a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o día 29 de abril de 2016 coa formulación dun total de 46 emendas: 21 do Grupo Mixto, 8 do Grupo da Alternativa Galega de Esquerda, 7 do Grupo do Bloque Nacionalista Galego e 10 do Grupo dos Socialistas de Galicia.

Pola súa parte, a ponencia designada na sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do pasado 6 de maio, estivo composta polos seguintes ponentes titulares: dona

Marta Rodríguez Arias, do Grupo Popular de Galicia; dona Carne Gallego Calvar, do Grupo dos Socialistas de Galicia; dona Carne Adán Villamarín, do Grupo do Bloque Nacionalista Galego; dona Eva Solla Fernández, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda; e dona María Consuelo Martínez García, do Grupo Mixto. Constituíuse o 10 de maio e rematou o informe o 13 de xuño.

Posteriormente, a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do 17 de xuño, aprobou o ditame.

Este texto articulado consta de exposición de motivos, dun artigo único dividido en 9 puntos e a súa parte final, que se integra por unha disposición transitoria, unha derogatoria normativa e dúas derradeiras.

Cómpre, pois, rematar a tramitación deste procedemento lexislativo co debate e votación do ditame da comisión emitido sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que acabo de presentar.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde ás persoas que nos escoitan dende o público, moitas delas relacionadas con estes servizos sociais.

O Grupo Mixto presentou 21 emendas, das que ningunha foi transaccionada e só dúas aceptadas –a corrección da linguaxe sexista é unha, e a outra é a emenda número 8 ao artigo 33 *quater*, que eliminaba a palabra “privada”, simplemente–.

Evidentemente, o concepto de servizos sociais que defenden Cerna e o Partido Popular son moi diferentes, pero incluso, cando parece que o discurso se aproxima, as medidas que se propoñen desmenten tal aproximación. Por iso, aínda sabendo que esta proposición de lei é unha reclamación das entidades sociais prestadoras de servizos sociais, teño que recoñecer aquí, tal e como fixen no debate en ponencia e en comisión, que esta proposición de lei, tal e como está redactada, vai beneficiar fundamentalmente as entidades privadas con ánimo de lucro e a Igrexa Católica. E quero tamén volver expresar o meu desexo de estar errada, mais as emendas rexeitadas non dan lugar para moita esperanza.

Para empezar, mantemos a emenda número 2 para que os servizos sociais relacionados coa violencia de xénero e protección de menores baixo a tutela da Administración sexan prestados sempre baixo a fórmula de xestión directa, xa que a súa correcta atención require equipos multidisciplinares que, ao meu entender, só a Administración pública pode garantir.

Sei que esta delegación de funcións xa estaba contemplada no artigo 20 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza, que hoxe estamos a modificar. Mais precisamente porque a estamos a modificar é o momento de corrixir aqueles aspectos que poidan ser mellorados.

Ao entender de Cerna, a gravidade, intensidade e evolución da violencia de xénero na nosa sociedade exige a implicación directa da Administración, pondo á disposición da loita contra toda forma de violencia de xénero todos os medios necesarios na xudicatura, servizos sociais, policía, vivenda, sanidade e emprego. Pero tamén esta implicación directa desde a Administración obriga a mesma a rematar coa violencia institucional que consente a discriminación de xénero no ámbito laboral, a utilización sexista da imaxe da muller na publicidade e a educación segregadora.

Hai que rematar coa violencia institucional que supón xustificar como un acto persoal as proposicións sexuais a cambio dun posto de traballo na Administración pública, que non pode entenderse pola sociedade. Pero tamén debe ser atendida directamente pola Administración galega a tutela dos e das menores ao seu cargo. No seu informe “Menores vulnerables, desprotección e responsabilidade penal”, o Valedor do Pobo vese obrigado a facer constar –e dígoo literalmente–: “Non se trata de políticas discrecionais, senón que constitúen un piar obrigado do Estado social, debendo recordarse que as administracións públicas están obrigadas por lei a previr aquelas situacións que poden poñer en perigo a vida, a integridade e o desenvolvemento persoal do menor, e que un dos principios reitores de actuación dos poderes públicos respecto da protección de nenos, nenas e adolescentes é a priorización da prevención das situacións que poidan prexudicar o desenvolvemento persoal destes”.

As recomendacións do Valedor do Pobo indican medidas “que deben ser desenvolvidas e xestionadas directamente” –di o propio Valedor– “pola Administración: desenvolver dispositivos que permitan a detección precoz de situacións de risco e de desprotección, tales como o rexistro unificado de maltrato infantil; potenciar os servizos sociais de base dos concellos, dotándoos dos recursos materiais e humanos dos que carecen, dispensando aos profesionais a formación básica imprescindible; maior e mellor implicación dos axentes sociais educativos, sanitarios, policiais e xudiciais; creación de novos centros de día, por ser un recurso dual de apoio intensivo ás familias en crise que evita a separación do menor ou da menor do seu núcleo familiar; dotar de máis medios materiais e humanos os equipos técnicos de menores, os equipos de acollemento, de adopción e de psicólogos itinerantes; axustar as remuneracións que se han de dar ás familias ao custo real do gasto que se efectúa; e, por último” –di o Valedor– “potenciar o acollemento familiar fronte á institucionalización”.

Ningunha medida do Valedor fala de que a política con menores a leve outra institución, senón que di que debe ser adoptada directamente pola Administración. Por outra banda, información tan sensible como a que consta nos expedientes, tanto de violencia de xénero como de menores, non debería estar en mans externas á Administración pública.

Tamén reclama esta emenda que a xestión directa sexa a modalidade preferente da prestación de servizos sociais, sen impedir a súa xestión indirecta. Foron rexeitadas todas as

emendas dirixidas a garantir a igualdade de oportunidades entre a iniciativa privada con ánimo de lucro e as entidades de iniciativa social.

Así, foi rexeitada, por exemplo, a emenda número 6, que introduce como medida de discriminación positiva o arraigamento na localidade ou a porcentaxe do cadro de persoal con discapacidade; ou a emenda número 10, que di: “A prestación de servizos complementarios non gratuítos non poderá ser tida en conta á hora de avaliar as concesións do servizo” Contemplan na avaliación a concesión de servizos non gratuítos só beneficia as entidades con ánimo de lucro, xa que comparten persoal e servizos con persoas usuarias privadas. Teñen máis doado o acceso a créditos e menos escrúpulos á hora de realizar contratacións laborais precarias para ofertar servizos de pago que se cubran con gardas non presenciais. Hai centros privados que anuncian dispoñer de médicos, de persoal de enfermería, incluso de perruquería, pero que despois non existen nos centros, simplemente se chaman nalgúns casos; sobre todo porque é unha oferta que se lles fai ás persoas que acoden como privadas e que aproveitan para poñer nos pregos cando saen os concursos. Por iso considero que ningún servizo de pago pode terse en conta á hora de adxudicar os servizos; se non, as entidades de iniciativa social saen perdendo.

Por iso eu desconfío desta lei moitísimo, e de verdade que espero estar equivocada. Pero todo o debate en ponencia e en comisión lévame a pensar que, dende logo, as menos beneficiadas van ser as entidades de iniciativa social, xa que non poden dispoñer dese capital para cubrir, por exemplo, o que se nos vai dar despois co acordo marco.

Considero tamén que beneficia a empresa privada e a Igrexa Católica o establecido no punto 2 do novo artigo 33 *septies*, que establece a posibilidade de subscribir un único concerto con varios centros ou prestacións de servizos cando sexan prestados pola mesma entidade titular. É dicir, estamos dirixindo a lei a esas grandes empresas tipo Geriatros, tipo Eulen, que teñen múltiples servizos, que teñen múltiples centros no territorio e que, polo tanto, poden actuar dentro dun acordo marco e xa non teñen que presentarse a máis concursos e licitacións, é unha adxudicación directa. Ningunha entidade de iniciativa social será capaz de competir coa capacidade para dar de alta centros de prestación de servizos sociais como as entidades privadas con ánimo de lucro.

Pola mesma razón, manteño a emenda 19, que establece que os acordos marco necesitarán contar para a súa aprobación co acordo da maioría das entidades sen ánimo de lucro prestadoras de servizos sociais. Rexeitar esta emenda indica a disposición do Partido Popular a aprobar os acordos marco coa oposición da maioría das entidades de iniciativa social, o que non fai máis que aumentar a desconfianza sobre o verdadeiro obxectivo desta lei.

Tamén mantemos a emenda 14 ao novo artigo 33 *sexies* para establecer a vixencia máxima dos concertos. Non hai vixencia máxima para os concertos sociais, e ten que haber unha vixencia máxima, nalgún momento haberá que revisalos. Nós establecemos unha vixencia máxima de catro anos, dado o carácter plurianual que consta na lei, e o establecemento tamén por parte da Administración galega dun catálogo de servizos sociais susceptibles de ser prestados baixo a modalidade de concerto social. Debería haber un catálogo de cales son posibles dalos a través desta modalidade. Así como debería ser público un prezo por praza

cunha ratio mínima de persoal, porque iso equipararía as ofertas que fan as empresas que se presentan, as entidades que se presentan. Se non, estamos xogando con que quen máis precarice os postos de traballo vai ser quen gañe os concursos e, polo tanto, seguimos en contra das entidades de iniciativa social.

Mantemos tamén as emendas 16 e 19, que establecen a obriga de realizar inspeccións periódicas para garantir a calidade do servizo. Sen embargo, o informe “Menores vulnerables”, do Valedor do Pobo, inclúe entre as súas recomendacións a necesidade de cumprir a previsión do artigo 21.3 da Lei orgánica de protección xudicial do menor, que establece a obrigación da entidade pública competente en materia de protección de menores de realizar a inspección e supervisión dos centros e servizos semestralmente, e sempre que así o exixan as circunstancias. É dicir, hai unha recomendación do Valedor que di que hai que facer as inspeccións nos centros, hai unha lei, a Lei orgánica de protección xudicial do menor, que di que hai que inspeccionar os centros. E vén a Xunta de Galicia e di: Non, nós negámonos a aceptar ningunha emenda que fale de que temos que inspeccionar os centros.

Mantemos tamén, para rematar, as emendas relacionadas coa igualdade de xénero e os dereitos laborais, o dereito á subrogación dos traballadores e das traballadoras. Non podemos aceptar a transacción acordada co Partido Socialista, porque propón textualmente: “Sempre que, por aplicación da normativa laboral, as prestacións estean suxeitas á subrogación dos traballadores e das traballadoras recollerase expresamente nos pregos ou documentos reguladores da licitación”. É dicir, nada. Remite o dereito á subrogación a que xa teñan o dereito recoñecido nun convenio colectivo de referencia ou nunha norma que lle sexa de aplicación. Polo tanto, o que estamos é volvendo a poñer en mans da negociación colectiva, en mans da negociación entre patronal e sindicatos, o dereito á subrogación cando a Xunta se comprometeu de palabra nesta Cámara a que a subrogación dos traballadores e das traballadoras quedaría plasmada por lei en todos os contratos que fixera a propia Administración.

Mantemos tamén a emenda número 5, que introduce entre os criterios para a formalización dos concertos o cumprimento da lexislación laboral. Non sei por que vostedes non queren poñer que as empresas que contraten coa Administración teñen que cumprir a lexislación laboral. ¿Por que permiten e apoian que as empresas incumpran a lexislación laboral? Supoño que porque a Xunta tamén o incumpre. Acabamos de ter agora un proxecto de lei falando disto, ¿non?

A introdución da perspectiva de xénero, tampouco o queren valorar. A implantación de plans de igualdade nas empresas, tampouco o queren valorar. E nin sequera esa gran campaña que levan este ano cara ás eleccións, de avanzar na conciliación familiar e laboral, tampouco a queren aceptar como unha emenda que se valore dentro dos concursos. E tampouco nin sequera as medidas contra a violencia de xénero no ámbito laboral; tampouco van valoralo.

Mantemos xa, por último, a emenda número 9, que obriga a entidade privada que concerta a prover os servizos, ademais de nas condicións establecidas na lexislación sectorial, tamén nas condicións establecidas na lexislación laboral e no convenio colectivo aplicable.

Polo tanto, e posto que esta proposición de lei procede dunha solicitude das entidades de iniciativa social, pero manteño dúbidas moi serias sobre o seu desenrolo e sobre o seu obxectivo real, non votaremos en contra da mesma por respecto ás entidades de iniciativa social, e tampouco podemos votar a favor porque cremos que non vai beneficiar precisamente as entidades de iniciativa social, senón as entidades de iniciativa privada e con ánimo de lucro. Polo tanto, absterémonos na súa votación.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Imos repetir un discurso ou un debate semellante ao mantido na Comisión 5ª.

En primeiro lugar, quero agradecer o debate mantido durante a ponencia. Alternativa Galega de Esquerda, como outros grupos da oposición, incorporou algunhas das recomendacións das entidades de carácter social, do Cermi e de EAPN concretamente, que tamén foron trasladadas ao resto de grupos, e, neste senso, algunhas das emendas foron aceptadas e transaccionadas por parte da ponencia. Sen embargo, eu, obviamente, xa non me vou centrar no debate destas emendas que xa están aceptadas ou transaccionadas, senón nas que non foron aceptadas, que, ao noso teor, eran as máis importantes e que, obviamente, mantivemos vivas tanto para a comisión como agora para este pleno. E eran aquelas ou son aquelas adicadas a preservar a prevalencia, a preferencia, da xestión directa do servizo público.

Entendemos, pola nosa banda, o interese das entidades de carácter social na aprobación desta norma pola introdución do contrato social como nova modalidade contractual na que estas poidan prevalecer precisamente sobre as entidades con ánimo de lucro, sobre a empresa privada, o que pasa é que dependerá das características do propio contrato, das condicións que se poñan nese momento, xa que co texto legal que temos sobre a mesa non quedan excluídas as empresas privadas tampouco dese contrato social. Hai que lembrar que, se ben a priori a vontade semella ser boa, non necesariamente sairán beneficiadas as entidades sociais se non hai unha vontade de quen teña que poñer en marcha ese contrato social ou ese concerto coas entidades.

Este grupo considera máis positivo, obviamente, que sexan as entidades de carácter social ou as entidades sen ánimo de lucro as que xestionen os servizos sociais antes que as empresas privadas con ánimo de lucro –xa o temos defendido nalgunha ocasión–. E en moitos casos son estas entidades as que se fan cargo de servizos esenciais que, desgraciadamente, debería asumir a propia Administración, pero, ante o baleiro, en moitos casos fóronse xerando estas entidades, traballando precisamente para proporcionar servizos, uns servizos de calidade que non existían. Sen embargo, este grupo parlamentar considera tamén que a forma preferente para a proporción do que son os dereitos das persoas, os dereitos en saúde, en educación, en sanidade e tamén en servizos sociais, debe ser a xestión directa, é dicir, os

servizos públicos; é practicamente o ADN deste grupo parlamentar e o que defendemos en todas as materias. Polo tanto, entendemos que a súa preferencia, que a preferencia do servizo público, non queda reflexada neste texto legal, e preocúpanos bastante. Por iso mantemos vivas precisamente as emendas adicadas a esta materia e que non foron aceptadas nin transaccionadas durante o debate.

Dende a comisión mantiñamos a esperanza de poder chegar a algún acordo, pero finalmente non houbo unha oferta de transacción; de feito, nalgunha –agora farei referencia– agardabamos que, efectivamente, como se nos trasladou, houbera unha proposta de transacción.

Mantemos, polo tanto, a emenda número 1 de Alternativa Galega de Esquerda, o apartado 1, que modifica o artigo 29 e que solicita que os servizos sociais se presten por parte das administracións públicas de xeito directo, e que só se recorra á xestión indirecta cando non exista ese servizo público creado ou exista unha imposibilidade por motivos económicos ou administrativos de xerar ese servizo público. É dicir, é bastante laxa incluso a emenda porque se enmarca no contexto de que algunha administración poida ter problemas para xerar ese servizo público. O que pretendíamos era que, en primeiro lugar, tivese preferencia o servizo público, a xestión directa, e, en segundo lugar, fose a xestión a través de entidades de carácter social, e a partir de aí en graduación ata a empresa privada con ánimo de lucro, que nós entendemos que non debería facerse cargo dos servizos sociais. Polo tanto, tratábase de primar unha discriminación positiva cara ao servizo público. Esa emenda non foi aceptada, non houbo ningunha proposta de transacción, a pesar de que dende a propia ponencia se admitiu que se entendía o sentido da propia emenda. Queríamos que a excepcionalidade fose a externalización e non ao revés.

Sucede o mesmo coa emenda número 6, na que a oferta de transacción do Partido Popular eliminaba un aspecto chave da propia emenda, que é a frase que di que será obxecto de revisión dos concertos dispor dun servizo público de xestión directa para a prestación cuberta. Nós non temos ningún problema –repito– en que, no caso de que a xestión sexa indirecta, sexa mellor unha entidade social que unha empresa privada con ánimo de lucro, obviamente, pero entendemos que o que ten que primar é o servizo público. Con este texto legal, obviamente, non se garante que isto vaia ser así.

E ficamos preocupadas tamén polo xeito en que se establece a libre elección. Debatémolo tamén durante a ponencia, e si que, neste caso, se nos dixo que había a posibilidade de que se trasladase unha proposta de transacción, pero finalmente observamos que non foi así; e, polo tanto, mantemos a emenda ao artigo 33 *octies*.

Explicamos en comisión que, pese ás diferenzas que, obviamente, existen coa xestión e coa provisión dos servizos sanitarios, a nós nos preocupaba que acontecese algo análogo –salvando as diferenzas– co que aconteceu cando se estableceu a libre competencia a través da libre elección entre servizos sanitarios públicos e privados. No caso dos servizos sociais, ben é certo que pode existir un beneficio para algunhas persoas determinadas, usuarios e usuarias, e poñiamos como exemplo o conflito relativo ás persoas usuarias que acudían ao centro de San Francisco, no caso de Vigo, que, por mor da norma do Partido Popular, tiveron que acudir a un centro privado con ánimo de lucro, cando se estableceu, unha vez que saíu o

concurso outra vez, e entendiamos que, efectivamente, nalgún caso concreto esa libre elección podía beneficiar certos usuarios e usuarias. O problema é que non existe un marco delimitado que limite a competencia nin tan sequera entre os servizos públicos e o resto de xestión indirecta, pero nin tan sequera para as entidades de carácter social. Porque nesa libre elección que se establece nese artigo 33 non se delimita que as entidades de carácter social non teñan que competir coas entidades con ánimo de lucro, coas empresas privadas con ánimo de lucro. E aí entendiamos que cabía a posibilidade dunha modificación que asegurase que esa libre elección, xa non falamos nin sequera de que vai en detrimento do servizo público, que nós entendemos que si, pero é que ademais pode ir en detrimento das propias entidades de carácter social se non se delimita que non vaian competir cunha empresa privada. É dicir, os usuarios e usuarias, efectivamente, tal e como queda recollido este texto, poderían escoller a empresa privada e non a entidade social e, polo tanto, isto ser un problema á hora de, obviamente, primar ese suposto “interese” que parece ter a lei –e que nós poñemos entrecomiñado– de que non sexa a empresa privada a que, efectivamente, finalmente se faga cargo deses servizos sociais.

Polo tanto, mantemos esas emendas vivas porque consideramos que non existe unha discriminación positiva dentro do texto legal que priorice os servizos públicos no caso de que xa existan ou no caso de que se poidan crear. E, polo tanto, entendemos que –repito e remato xa– toda vez que, obviamente, este grupo prefire que sexa unha entidade social antes que unha empresa privada con ánimo de lucro, ten que priorizarse sempre o servizo público. Polo tanto, se non hai ningunha outra posibilidade de transacción, obviamente, imos absternos, á espera da intervención agora da voceira tamén do Partido Popular, porque nos queda a dúbida de como se vai aplicar esta lei, de cal vai ser a súa utilización e de se, obviamente, non vai ser precisamente en detrimento dos servizos públicos e da calidade que este grupo defende.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Moitas grazas, señora Solla.

Polo Grupo do BNG, señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados.

Tamén boa tarde ás persoas representantes das entidades que hoxe nos acompañan entre o público. E tamén agradecerlles as aportacións que nos fixeron chegar para este texto de lei, parte das cales este grupo parlamentario ten recollido nas emendas presentadas e que, como explicarei a continuación, moitas delas foron transaccionadas ou foron admitidas no trámite de ponencia e na propia comisión.

Estamos a debater unha lei que é unha modificación da Lei de servizos sociais que veu a esta Cámara no ano 2008 e que foi aprobada na sesión do 25 de novembro do 2008. Unha lei que, efectivamente, buscaba mellorar os servizos sociais de Galiza, quitarlle o seu carácter asis-

tencial e darlle un carácter de universalidade, de innovación na xestión, de planificación, de participación, de calidade, de corresponsabilidade financeira tamén con outras administracións –enténdase os concellos– e unha garantía pública; unha garantía de que os servizos sociais tenderan cara ao ámbito do público, recoñecendo que a propia historia de como se foron desenvolvendo os servizos sociais e as carencias que levaron fixo que exista unha realidade tan importante como que as asociacións, as entidades de iniciativa social, durante anos, durante décadas, se fixeran cargo deses servizos sociais, e, dende logo, o que hai é que agradecerlles todo ese servizo que prestaron.

De feito, na propia lei recoñeciáase, e así, revisando os debates que se deron tanto o 30 de setembro de 2008 como o 25 de novembro a respecto da toma en consideración e despois do trámite final desa lei, recollíase que a propia norma que hoxe modificamos regulaba, regula a día de hoxe e farao tamén con posterioridade, a participación desa iniciativa social e das entidades privadas na xestión dos servizos sociais, sempre dende un punto de vista de complementariedade coa oferta pública de servizos.

Nese momento o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e tamén o Goberno, que nese momento foi o encargado da redacción da lei coas aportacións das entidades, cría nese espírito, e nós a día de hoxe tamén seguimos defendendo esa necesidade de que sexa entendido dende a complementariedade, nunca dende o ámbito da substitución. Nese sentido, formulamos sete emendas; unha parte importante delas –é dicir, seis– foron transacionadas ou foron tomadas en consideración, o cal nós recoñecemos como un esforzo por traballar no trámite de ponencia. E tamén quero felicitar as compañeiras polo traballo que realizamos, o esforzo e as moitas reunións que puxemos para mellorar na medida do posible este texto.

Mais quero xustificar o noso voto neste momento respecto da lei na emenda número 1, a primeira emenda que presentamos ao artigo 29, que é unha emenda de modificación na cal nós consideramos que a maiores da introdución do concerto social –o cal consideramos necesario, importante e, dende logo, un paso adiante–, debe introducirse como deberá ser a xestión directa –e cito textualmente a nosa emenda–: “...a xestión directa, que terá preferencia sobre outras modalidades”. Simplemente recollemos ese punto. Creo que é unha cuestión moi..., imos dicir coloquialmente, *light*, porque simplemente recolle esa preferencia da xestión directa, que prioriza nada máis que de forma contextual no ámbito da lei. E así estaríamos de acordo co resto da transacción realizada por parte do Partido Popular co Partido Socialista neste punto concreto.

Nós por iso mantemos viva esta emenda número 1. Realmente o que mantemos vivo simplemente é esta frase “que terá preferencia sobre outras modalidades” porque nos parece importante que así quede recollido no ámbito da lei, no ámbito da Lei de servizos sociais, na modificación que agora se nos propón. Estamos totalmente de acordo cos outros apartados respecto do que se nos recolleu do ámbito laboral, do que se recolleu das aportacións que nos fixeron as entidades e que reitero que volvemos agradecerlle, pero si que consideramos necesario –é un debate que tivemos creo que en reiteradas ocasións e é bo que o saiban as deputadas e deputados, pero tamén as persoas que nos acompañan dende a tribuna e tamén o conselleiro que está presente neste debate– que quede marcada e fixada esa preferencia do público no ámbito dos servizos sociais.

Por iso nós, no caso de que se nos aceptara esta emenda que segue viva, esta parte dunha emenda, porque realmente nun apartado votariamos a favor... De non ser o caso, nós dende logo que non queremos obstaculizar nin moito menos esa modificación da lei, simplemente nos absteríamos. Esta é a postura que mantivemos en comisión, a que traemos ao pleno e a que deixamos aberta neste momento á espera do debate por parte do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Soneira Tajés): Por parte do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoras deputadas, señores deputados.

Conselleiro e membros das organizacións que representan as entidades do terceiro sector de iniciativa social, moitas grazas por acompañarnos hoxe pola tarde neste debate e moitas grazas, ademais, por aportarnos a todos os grupos políticos que estamos representados neste Parlamento a contribución, sen a cal sería imposible aprobar no día de hoxe esta proposición de lei.

Quero trasladarvos tamén desde o Grupo Parlamentario Socialista os parabéns para Anxo Queiruga, porque esa nova responsabilidade a nivel estatal que acaba de adquirir creo que vos representa e vos honra a todos e todas os que formades parte do Cermi Galego.

O Grupo Parlamentario Socialista presentou dez emendas a esta proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular, dez emendas que, como digo, en parte teñen que ver coas aportacións que se fixeron desde as entidades que representan o Cermi, algunhas tamén desde a Rede Galega contra a Pobreza, EAPN, e outras desde a Asociación Galega contra o Maltrato de Menores, Agamme. Esas tres entidades foron as que nos trasladaron cando menos ao Grupo Socialista o seu parecer acerca desta proposición de lei e fixeron que esas emendas que presentamos ao texto, presentado polo Grupo Popular, tiveran razón nas súas aportacións.

Destas dez emendas que presentou o Grupo Socialista foron transacionadas ou aprobadas na ponencia e na comisión oito delas, co cal, quedaron dúas vivas para este pleno.

As dúas emendas que hoxe persisten aínda, e que eu agardo que neste último debate aínda a portavoz do Grupo Popular poida aceptarnos para que sexa a satisfacción completa do Grupo Socialista para esta proposición de lei, teñen que ver coa emenda número 8, na que desde o Grupo Socialista entendemos que, tal e como está redactado o texto actual, coas transaccións feitas co Grupo do BNG e co Grupo de AGE, só se refire a prórroga de concertos á entrada en vigor desta lei e, polo tanto, parécenos que outro tipo de figuras xurídicas de contratos da Administración pública quedan fóra deste enunciado; consideramos que debería incluírse tamén “ou contratos” cando menos.

E a outra é o punto 5 da emenda número 5, que é unha demanda do conxunto do Cermi que ten que ver co IVE. Como sabemos todos e todas os que estamos aquí, as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro están exentas de IVE; polo tanto, diante dun concurso público da Administración pública, cando o prezo do servizo que se saca a concurso se establece sen o IVE engadido, estas entidades están en inferioridade de condicións con respecto ás entidades de iniciativa privada de iniciativa mercantil, de iniciativa puramente mercantil. E o que pedimos nesta emenda o Grupo Socialista é que o prezo público que se saque desde a Administración pública sexa o prezo final da prestación, IVE engadido, e así as entidades estarían en igualdade de condicións con respecto ás de iniciativa de carácter mercantil.

En calquera caso, sexa cal sexa o destino destas dúas emendas que mantén vivas o Grupo Socialista diante desta proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular, nós imos votar a favor da súa aprobación final, por unha razón moi sinxela: porque esta lei nin é orixinal do Grupo Parlamentario Popular nin é orixinal do Goberno do señor Feijóo. E o conselleiro que está aquí presente darame a razón, se quere, cando eu diga o que vou dicir a continuación. Esta lei do Grupo Parlamentario Popular nace despois de que o Grupo Socialista presentara o ano pasado unha proposición de lei para regular o concerto social en Galicia, ao igual que xa se regulara o concerto social noutras comunidades autónomas do noso entorno de distinta cor política, por exemplo, Asturias, Murcia, Baleares ou outras comunidades autónomas –creo que Aragón tamén a tiña–.

Cando nós presentamos aquela proposición de lei –da que o PP rexeitou a súa toma en consideración e, polo tanto, xa non puidemos entrar a debater sobre o fondo do asunto–, os argumentos dados polo Grupo Popular para o seu rexeitamento foron moi vagos, moi imprecisos, porque en realidade foi unha decisión política da conselleira daquela de Traballo e Benestar de non querer aceptar que unha proposición de lei do concerto social fora presentada polo Grupo Socialista, porque en realidade aquela proposición de lei viña mellorar a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e viña responder á reivindicación que estaba tendo o Cermi a nivel estatal, e tamén o Cermi galego.

Pero como o novo conselleiro de Política social, cando chegou ao cargo, se deu conta de que, efectivamente, o seu grupo político, o grupo que apoia o Goberno, se equivocara naquela cuestión, pois trouxeron esta proposición de lei por este método, porque se o Goberno se pon a tramitar un proxecto de lei a día de hoxe non estaríamos debatendo aquí a súa resolución final. Esta é a verdade. Pódese disfrazar de moitas maneiras, pero a realidade é que estamos hoxe debatendo, adoptando, esta proposición de lei do Grupo Popular que regula en Galicia o concerto social, porque antes o Grupo Socialista trouxo unha iniciativa aquí, e o Grupo Popular naquel momento, diante desa iniciativa, non foi capaz de conceder que un grupo da oposición puidera ter unha iniciativa que era boa para o conxunto do terceiro sector de acción social.

Cando nós trouxemos aquela iniciativa, ao igual que esta, o que queríamos era frear unha tendencia privatizadora absoluta en materia de servizos sociais por parte da Comunidade Autónoma de Galicia, porque é certo que a Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, ben entendida, ben aplicada e con vontade política, podería suplir as carencias que puidera ter con respecto a esa norma e podería priorizar perfectamente que foran as entidades de ini-

ciativa social sen ánimo de lucro as que levaran a maior parte dos concursos, concertos ou contratos públicos de prestación de servizos sociais, porque xa existe no articulado desa lei materia para facer esa priorización ou ese premio, digamos, ás entidades de iniciativa social fronte ás entidades de iniciativa mercantil.

Pero a deriva do Goberno Feijóo foi outra, e a verdade é que nos últimos anos unha serie de empresas moi coñecidas todas polas entidades do terceiro sector foron levando a maior parte do pastel, e esas empresas son –e direino unha vez máis–: Eulen, Troncoso, Fesan, Geriatros e Doral Residencial. Son cinco as que foron levando todo o pastel, digamos, dos servizos sociais na nosa Comunidade Autónoma. Cando isto xa tomou tintes escandalosos co caso –e está aquí o presidente de Fademga– de San Francisco, en Vigo, cando Doral Residencial quixo quedar co persoal e cos servizos que prestaba San Francisco, en Vigo, pois foi cando o Goberno empezou a reaccionar e empezou a ver que estaba tendo un problema coa xestión dos servizos sociais. Por iso hoxe estamos aquí debatendo esta proposición de lei do Grupo Popular.

Eu quero dicir que o Grupo Socialista é partidario de que os servizos sociais sexan públicos e universais, ao igual que a sanidade e a educación. (*Aplausos.*) Para nós son un dereito, un dereito de cidadanía, e, polo tanto, a mercantilización e a privatización dos servizos sociais non a imos aceptar nunca. Outra cousa é que entendamos que determinadas prestacións de servizos ou determinadas instalacións non estean ao completo no noso país, que o mapa de infraestruturas sociais –digámolo así– no conxunto do territorio galego non estea completo a día de hoxe e que, polo tanto, namentres non se completa por parte das administracións públicas ese mapa de infraestruturas sociais se poida establecer o concerto para as entidades de iniciativa social, para as entidades sen ánimo de lucro, fronte ás entidades de carácter mercantil. E ese é o leitmotiv do Grupo Socialista tanto para presentar aquela proposición de lei como para darlle o voto favorable hoxe a esta que estamos debatendo.

Sobre as emendas que nós mantemos vivas, xa falei antes, e quero tamén dicir o que enriquecen as emendas que o Grupo Popular e os demais grupos transacionamos e acordamos co Grupo Socialista con respecto á lei, tal e como saíu das filas do Grupo Popular.

Grazas ás emendas do Grupo Socialista, por exemplo, á emenda número 2, queda máis claro que os concertos serán para as entidades de iniciativa social, porque non estaba recollida esta previsión no texto orixinal, e que na atención á infancia se vai priorizar na selección de persoal a formación específica. Non é o mesmo que profesionais da psicoloxía, da psiquiatría ou da medicina estean especializados, por exemplo, en maltrato infantil e sexan eses os que presten os servizos en caso de violencia machista –tamén exercida ou tamén prexudicial para os menores– que que eses profesionais non estean especializados en menores. Non é o mesmo e, polo tanto, para nós e tamén para a Asociación Galega contra o Maltrato a Menores era importante que na lei aparecera especificado que se vai primar a formación específica sobre os menores.

A emenda número 3 do Grupo Socialista incorpora que queden incluídos dentro do ámbito da aplicación desta lei e do concerto social todos os colectivos máis alá da Lei 13/2008, de servizos sociais, tamén os colectivos da Lei de inclusión social de Galicia e en xeral todas as

persoas nalgunha situación de vulnerabilidade, sexa cal sexa a razón desa situación de vulnerabilidade.

A emenda número 6, que tamén foi transacionada ou acordada, establece que na renovación ou extinción dos concertos se contemple a subrogación de traballadores e traballadoras; unha petición das centrais sindicais e tamén das entidades do terceiro sector moi importante para todos os colectivos.

E a emenda número 10 establece algo que é fundamental cando se vai aprobar un texto legal, que é un prazo para o seu desenvolvemento, porque o texto que nos presentaba o Grupo Popular non establecía ningún prazo para o desenvolvemento regulamentario desta lei, e poderíamos estar, polo tanto, diante dunha non aplicación da mesma, como nos sucede coa Lei de inclusión social, que tamén é certo que, aínda que establecía un prazo de seis meses, dous ano e medio despois segue sen desenvolverse, conselleiro.

Polo tanto, nós cremos que as emendas que presentou o Grupo Socialista e que, insisto, moitas delas son froito do acordo e do traballo das entidades do terceiro sector, tanto do Cermi como de Agamme, como da Rede Galega contra a Pobreza, enriquecen o texto orixinal presentado polo Grupo Parlamentario Popular. Ese é o motivo polo que imos dar o voto favorable a este texto de lei, porque a nós non nos importa quen sexa o autor do texto de lei, o que si nos importa é ser útiles á cidadanía e, neste caso, ser útiles ás entidades de iniciativa social do terceiro sector e ás entidades que representan, en definitiva, no noso país as persoas con algún tipo de risco de vulnerabilidade. E por iso, primando ese interese e non o interese partidario, apoiamos esta iniciativa do Grupo Parlamentario Popular neste caso.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer a todos os representantes e ás entidades sociais que hoxe estades aquí con todos nós o voso traballo, agradecer as vosas aportacións, agradecer as horas que nos tedes dedicado e, sobre todo, agradecervos todo o voso traballo, porque sen vós estou segura de que hoxe este Parlamento non estaría pechando e debatendo un texto tan importante como este. Moitas grazas ás entidades sociais. *(Aplausos.)*

Quero agradecer tamén ao conselleiro o seu apoio ao grupo parlamentario durante todo este proceso de debate e redacción desta proposición de lei e agradecer tamén a todos os grupos parlamentarios as aportacións que fixeron co fin de mellorar o texto que se presentou.

O obxectivo desta proposición de lei está clarísimo, é abordar unha modificación parcial da Lei de servizos sociais de Galicia. ¿E para que? En primeiro lugar, para introducir un novo modelo de xestión dos servizos sociais, o concerto social. En segundo lugar, para reforzar o

papel das entidades de iniciativa social. E, en terceiro lugar, para garantir dereitos esenciais ás persoas usuarias. Tendo claro isto de base, dende logo, queda claro o texto que hoxe se vai someter a votación.

Abriuse un proceso de diálogo, en primeiro lugar, coas entidades sociais porque era imprescindible para modificar unha lei tan importante como a Lei de servizos sociais abrir un proceso de diálogo coas entidades sociais, porque tiñamos que acadar un marco consensuado con todas as garantías. Polo tanto, en primeiro lugar, era necesario abrir ese proceso de diálogo; e, en segundo lugar, era fundamental abrir un proceso de diálogo entre todos os grupos parlamentarios desta Cámara. O noso grupo deixou claro dende un primeiro momento que este documento era un documento aberto e que estabamos volcados en intentar consensuar con todos os grupos para que este texto saíra adiante co maior respaldo posible. Os grupos parlamentarios presentaron un total de 46 emendas a este texto e houbo resultado dese proceso de diálogo cos grupos da oposición. Durante as reunións da ponencia o Grupo Parlamentario Popular non rexeitou ningunha das emendas presentadas nin polo Grupo Socialista nin polo Grupo do BNG nin polo Grupo de AGE. O cen por cento das emendas ou foron aceptadas ou foi presentada unha proposta para transaccionalas. Finalmente, houbo un acordo nun 83 % das emendas presentadas por estes grupos parlamentarios; concretamente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas presentou 10 emendas, 3 aceptáronse na súa totalidade e das outras 6 ofreceuse unha proposta de transacción; do Grupo Parlamentario do BNG aceptáronse 4 emendas e 3 propostas de transacción foron ofertadas; e do Grupo Parlamentario de AGE aceptáronse 2 emendas e ofrecéronse 6 propostas de transacción. Por iso, ás veces quedo un pouco sorprendida porque, bueno, se todo este esforzo serviu para conseguir a abstención do Bloque Nacionalista Galego e de AGE, benvido o diálogo e benvido o esforzo que fixemos todas as deputadas nese proceso, nesas reunións de ponencia.

Caso á parte son as emendas do Grupo Parlamentario Mixto, digo caso á parte porque interpreta que o obxecto desta lei é favorecer a Igrexa católica e as entidades privadas. Entenderán todos vostedes que, tendo este argumento, é moi complicado chegar a acordo e aceptar determinadas emendas do Grupo Parlamentario Mixto, porque de verdade que eu intentei explicarlle á portavoz do Grupo Mixto en que consistía esta modificación, pero a verdade é que foi moi complicado porque repiten unha e outra vez que estiman como verdade que esta lei vai favorecer a Igrexa católica e a empresa privada, cando o que se pretende é todo o contrario, e agora verémolo. Aínda así, nós aceptamos 2 emendas do Grupo Mixto e ofrecemos 4 propostas de transacción baseadas en aportacións das entidades sociais, e foron rexeitadas. Dende logo, pola nosa parte houbo toda a vontade de chegar a acordo.

E do que estamos falando agora é dun novo modelo de xestión dos servizos sociais, pero non estamos facendo unha nova Lei de servizos sociais de Galicia –que parece ser que confundimos–, estamos facendo unha reforma puntual da lei que está en vigor para introducir e regular o concerto social. Porque neste momento a Lei de servizos sociais é unha lei que está en vigor; por certo, non é unha lei do Partido Popular, que parece ser que o Partido Popular redactou e puxo en marcha esa lei. Hai unha lei de servizos sociais que establece dúas fórmulas claras de xestionar os servizos sociais, que é a través da xestión directa e a través da xestión indirecta a través de diversas modalidades de contratación establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público. Polo tanto, aquí hai dúas deputadas –que estaban

no Parlamento ou no Goberno de Galicia– que participaron na redacción, na aprobación e na posta en marcha desa lei. En ningún momento, cando se aprobou esta lei, se dixo que a prioridade e a preferencia era a xestión directa fronte á xestión indirecta. Pero o que imos facer con esta reforma é superar as limitacións que ten esta normativa actual para a prestación dos servizos sociais por parte das entidades sociais e regular o concerto social como un novo modelo de xestión.

¿E que limitacións ten a normativa actual? Para nós está moi claro porque para regular a colaboración das entidades na prestación dos servizos sociais neste momento coa lei en vigor as administracións públicas tiñan que remitirse sempre á Lei de contratos do sector público. Polo tanto, cando se fala aquí de privatización do Goberno Feijóo ou non se enteran de en que consiste a Lei de servizos sociais actualmente... Pero si, señor Losada, é que é increíble que un grupo parlamentario que participou na redacción e na aprobación veña dicir que agora hai que facer prioridade coa xestión directa, cando hai unha lei neste momento en vigor. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿E cal é a novidade? Pois a novidade é que hai unha directiva europea de contratación pública do ano 2014 que establece que os estados membros e os poderes públicos teñen liberdade para organizar os servizos sociais de maneira que non sexa necesario celebrar contratos públicos. Polo tanto, esta directiva europea abre a porta a un novo modelo de xestión coas entidades sociais, que é o concerto social. Pero hai que garantir unha cuestión: suficiente publicidade e que se axuste aos principios de transparencia e non discriminación. E moitas das emendas que este grupo rexeitou dos grupos da oposición non respectan a directiva europea cando fala de garantir a suficiente publicidade e que se axuste aos principios de transparencia e non discriminación. O réxime de concerto social é unha nova alternativa para a xestión dos servizos sociais, unha alternativa que se axusta ás directrices europeas; unha modalidade diferenciada dado o concerto xeral regulado na normativa de contratación do sector público, porque en moitas emendas dos grupos da oposición non facían esta diferenciación. Hai outras comunidades –como o País Vasco, Baleares, Asturias e Murcia– que estableceron legalmente xa o concerto social como nova modalidade para a mellora da xestión dos servizos sociais. E agora en Galicia imos facer o mesmo, respectando esa directiva europea e respectando tamén o que se regulou noutras comunidades autónomas.

E hai un principio clarísimo, que é a prioridade ás entidades sen ánimo de lucro. Para o establecemento dos concertos as administracións públicas darán prioridade ás entidades sen ánimo de lucro. ¿Como? Aplicando medidas de preferencia, medidas de discriminación positiva, criterios sociais, de calidade, de experiencia e traxectoria acreditada. Iso si, sempre que se garanta a libre concorrência e os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia. E iso é o que reflicte o texto que estamos hoxe a debater.

Tamén se garante a estabilidade das entidades sociais na prestación dos servizos sociais cando regulamos o concerto social. Os concertos sociais teranse que establecer sobre unha base plurianual co fin de garantir a estabilidade na súa provisión, e poderán ser renovados. Os concertos sociais establecerán tamén fórmulas que garantan a continuidade na prestación dos servizos por parte das entidades que os viñan prestando. Para nós estas dúas cuestións

son fundamentais para favorecer a continuidade das entidades sociais que traballan neste sector e que contan con acreditada experiencia para a prestación deses servizos sociais.

Tamén se recoñecen por primeira vez unha serie de dereitos ás persoas usuarias. No establecemento dos concertos sociais atenderanse os seguintes principios: dereito á libre elección para as persoas usuarias –algo fundamental–, dereito ao arraigo da persoa á súa contorna social e continuidade na atención e dereito á atención personalizada e integral. Ademais dos concertos sociais, a Xunta de Galicia tamén poderá asinar acordos marco con entidades para a prestación de determinados servizos sociais durante un período concreto de tempo. O acordo marco non é unha figura nova, o acordo marco é unha figura contractual prevista xa na normativa de contratos do sector público. E, en particular, di que o sector público promoverá a celebración dos acordos marco coa finalidade de atender de forma prioritaria a libre elección da persoa destinataria do servizo do que se trate.

En resumo, señoras e señores deputados, señor conselleiro, representantes das entidades sociais, esta é unha modificación parcial da Lei de servizos sociais de Galicia para introducir e regular o concerto social como un novo modelo de xestión dos servizos sociais en Galicia, que reforza o papel das entidades sociais, que garante dereitos esenciais ás persoas usuarias, que supera as limitacións da normativa actual –e isto faise despois dun proceso de diálogo coas entidades sociais, despois dun proceso de diálogo con todos os grupos parlamentarios– e que está sustentada nunha directiva europea –directiva europea sobre a contratación pública– que establece que os poderes públicos teñen liberdade para organizar eses servizos sociais sen acudir a eses contratos públicos.

Polo tanto, non entendemos que se poida interpretar que esta modificación parcial que se debate hoxe neste Parlamento sexa para beneficiar nin as empresas privadas nin as entidades de iniciativa privada, porque vostedes saben clarísimamente que coa lei actual en vigor a Xunta de Galicia non tiña máis opción que, para regular as súas relacións coas entidades sociais, acudir a esa normativa da Lei de contratos da Administración pública. E vostedes saben que con esta reforma o que ten agora a Administración pública é unha ferramenta legal para poder traballar coas entidades de iniciativa social na prestación dos servizos públicos, para mellorar a prestación dos servizos públicos ás persoas e para garantir dereitos que ata o de agora non se garantían.

E, claro, hai que ser coherentes porque cando se di que esta proposta que presenta o Partido Popular o que defende é as entidades privadas, a min gustaríame que por parte do Grupo Socialista, que hoxe vén reclamar que se revisen algunhas emendas –que ademais foi un proceso longo de negociación nesa ponencia–, revisaran vostedes a proposta que presentaron. Nós consideramos que este texto é moito mellor. Efectivamente, non é un texto nin do Partido Popular nin do Partido Socialista, é un texto do Parlamento de Galicia, grazas ás aportacións das entidades sociais.

Pero, miren, vostedes falaban do concerto social, vostedes falaban da xestión indirecta, vostedes falaban das entidades de iniciativa privada. Vostedes en ningún momento falaban de preferencia da xestión directa nin de preferencia polas entidades de iniciativa social. Polo tanto, nós consideramos que, despois dese proceso de diálogo coas entidades sociais ás que

agradecemos fondamente o seu traballo, e despois do diálogo cos grupos parlamentarios, este é un texto que ben merece a pena. Sobre todo ben merece a pena polas persoas que nalgún momento determinado van precisar dos servizos sociais, porque a partir de agora teñen máis opcións e terán mellor calidade na prestación dos seus servizos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Rolda de grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Con relación á intervención da voceira do Partido Popular, teño que recoñecer que si se fixo un traballo en ponencia importante, que si que houbo intentos de transaccións por parte do Grupo Popular, pero non foi posible, porque as emendas rexeitadas eran, realmente, as de calado, as que realmente tiñan unha importancia dentro da modificación da lei, por iso non foi posible.

A oposición coincidimos en que seguimos tendo dúbidas sobre o desenvolvemento desta lei e sobre a quen vai beneficiar esta lei en canto ás entidades, posto que esa prioridade que dicía a voceira do Partido Popular que se establece para as entidades sen ánimo de lucro fala en igualdade de condicións. Se xa estamos tendo en conta que se van computar servizos de pago, por exemplo, estamos ante unha discriminación, e se lle sumamos a emenda do Partido Socialista sobre IVE, estamos ante outra discriminación; dúas medidas que van, precisamente, en contra das entidades sen ánimo de lucro. Igual que a subrogación de traballadores, posto que sabemos que a empresa privada non ten ningún problema en facer un ERE e, sen embargo, as entidades sen ánimo de lucro si que teñen un compromiso maior tanto coas persoas que atenden, coas familias, como cos propios traballadores e traballadoras. Por iso eran medidas que intentaban, xa que o Partido Popular non acepta unha prioridade doutra maneira, ou priorizar a xestión directa, como pedía a oposición, ou establecer claramente que van partir, polo menos, dun mesmo nivel. O que non se pode dicir é que hai igualdade despois de que as valoracións son desiguais, porque partimos de que as entidades sen ánimo de lucro sempre van quedar prexudicadas nese cómputo.

E apoiamos tamén as emendas presentadas por AGE. Parécenos moi importante esa elección de centro sen ningún tipo de cuestión, o cal pode levar, precisamente por esa manipulación que sabemos das entidades con ánimo de lucro, a que moitas persoas opten por esas entidades en detrimento dos centros públicos ou dos centros das entidades sen ánimo de lucro.

Polo tanto, seguimos mantendo todas as emendas que mantiñamos. Cremos que precisamente a directiva europea dá liberdade para que se poidan organizar os servizos sociais seguindo os intereses dos propios territorios. E entendemos que esta lei realmente –e digo que non imos votar en contra– é unha iniciativa que parte das propias entidades, pero non po-

demos votar a favor. Eu non podo votar a favor en conciencia dunha lei á que lle miro, realmente, moitos puntos que, polo menos, son cuestionables e que poñen en dúbida ese interese en beneficiar as entidades sen ánimo de lucro. Realmente para min é unha lei que vai ser aproveitada precisamente para precarizar os servizos sociais por parte das entidades privadas, e temos unha gran experiencia en toda a privatización que se fixo. Antes nomeábanse as cinco empresas, as cinco empresas que fan o gran negocio da dependencia. A min preocúpame porque eu vou ser unha usuaria dos servizos sociais, téño claro; antes ou despois acabarei estando nalgún centro onde me teñan que atender. Polo tanto, quero que sexan da mellor calidade. Por iso me preocupa, e non só por min, senón por toda a poboación, pero eu son consciente de que a min me vai tocar.

Polo tanto, lamento que o Partido Popular non sexa capaz de aceptar estas outras emendas que si igualaban polo menos na partida as entidades sen ánimo de lucro coas empresas privadas con ánimo de lucro, e creo que con esta lei, desgraciadamente, van partir en peores condicións.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Brevemente, porque coido que non hai ningunha nova proposta.

Nós, efectivamente, como xa trasladéi, estábamos de acordo con esa introdución do contrato social e con esas melloras que se fixeron na medida en que, obviamente, houbo emendas de Alternativa Galega de Esquerda que foron aceptadas e transaccionadas. Trasládaban dende o PSdeG o contido dalgunhas emendas. As nosas son practicamente iguais, son as mesmas, porque asumimos as aportacións que os colectivos nos fixeron. Entendo que, ademais, son os que traballan a diario neste ámbito, e, obviamente, aí nada que dicir. Pero non é verdade que se fixese un esforzo no relativo aos aspectos que tiñan que ver con esa prevalencia dos servizos públicos. Eu aínda estou agardando –e dígo con toda sinceridade– algo relativo á libre elección –o artigo 33 *octies*–, e, volvo repetir, durante a ponencia este grupo manifestou a discrepancia con que esa libre elección puidese servir para discriminar de maneira negativa os servizos públicos; asegurósenos que iso non ía ser así, pero non quedaba nada por escrito. O problema era que nin tan sequera ficaba por escrito que non existise unha discriminación para as entidades privadas –privadas con ánimo de lucro, quero dicir–; polo tanto, iso é máis preocupante cando dende a propia ponencia e dende o propio Partido Popular se nos quere trasladar aquí que se intenta reforzar o papel das entidades de carácter social. ¡Oia!, pois, entón, póñao por escrito, poña por escrito que non vai afectar esa libre elección. Nin sequera nese aspecto houbo coincidencia.

Eu sinto trasladarlle que, efectivamente, se fixeron algunhas propostas de transacción que non foron aceptadas, pero ¿por que non foron aceptadas? Porque eliminaban, precisamente,

a discriminación positiva cara aos servizos públicos que este grupo parlamentar defende sempre e defenderá sempre, e que puña por escrito.

Nós, xa digo, non temos ningún problema; é máis, obviamente, preferimos que, se hai unha xestión indirecta, sexa para unha entidade sen ánimo de lucro antes que para unha empresa privada; iso queda fóra do debate. Pero aquí non houbo ningún tipo de esforzo por garantir, precisamente, que os servizos públicos primasen. Paréceme terrible que o argumento para non debater nada diso sexa que en ningún momento cando se redactou a lei se dixo que prevalecían os servizos públicos. ¡Moi ben!, pois fagámolo agora. ¿Cal é o impedimento, se non se fixo naquel momento, para facelo agora? É incomprendible. Realmente non se dá ningún argumento para non contemplar esa “discriminación positiva” –entre comiñas–. É dicir, o texto –e leo a transacción–, tal e como queda redactado, di: “Os servizos sociais prestaranos as administracións públicas galegas a través de diferentes formas:

- a) Xestión directa.
- b) Xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público.
- c) Mediante o réxime de concerto social previsto na lei.
- d) Mediante convenios de entidades sen ánimo de lucro”

Bueno, pois non existe unha “gradación” –entre comiñas– que faga que vaia prevalecer o servizo público e que, no caso de que existisen recursos económicos e capacidade administrativa de crear un servizo público onde non o hai, sexa obrigado. É dicir, finalmente, parece que o que menos importa é asegurar os servizos públicos e de calidade. Nós ímolo defender por diante de todo. E, obviamente, en segundo lugar, coas entidades de carácter social, coas entidades sen ánimo de lucro, aí non hai problema ningún, pero entendemos que non houbo ningún esforzo en chegar a ningún acordo neste aspecto. De aí, obviamente, a nosa abstención, porque, sen ter ningún problema en que, obviamente, haxa unha discriminación positiva no caso da xestión indirecta, non entendemos por que o único argumento –que non é tal– para dicir que non se pode poñer nada que prevaleza é que non se fixo cando se aprobou a lei inicial, a lei de 2008. Oia, ¿e que nos impide facelo agora? Eu, sinceramente, non atopo o argumento por ningunha parte.

Nós mantemos as emendas. Entendemos que sobre todo a emenda número 1 do BNG vai no mesmo sentido, e as outras entendemos que son aceptables. Posicionámonos a favor, imos votalas a favor, e, obviamente, se isto remata así, ímonos abster, porque entendemos que a función deste grupo é sobre todo traballar para que teñamos servizos públicos e de calidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Consideramos que fomos claros na exposición anterior, e breves tamén. Temos claro que nós apostamos por esta modificación, por que si que, efectivamente, estea regulado o concerto social para as entidades de iniciativa social, que así queda recollido e así tamén llelo expresamos ás propias entidades. E tamén volvo agradecer ese traballo e esa colaboración das entidades cos grupos parlamentarios, en concreto con este grupo parlamentario. Eu fun moi clara e moi breve, pero creo que, como é de grande importancia para a modificación desta lei, a emenda mantémola viva. Non estiven atenta á exposición por parte do Partido Popular, pero non se posicionou a respecto da mesma; é dicir, non o escoitei. Simplemente será recoller que a xestión directa terá prevalencia sobre outras modalidades, porque, efectivamente, entendemos que as outras modalidades, aquelas fundamentadas na iniciativa social, son fundamentalmente dun xeito complementario, en ningún momento deben substituír a xestión directa. Coñecemos a historia dos servizos sociais, a importancia, o traballo e a dedicación das entidades de iniciativa social. Por iso é xusto o recoñecemento a través do concerto social. Xa explicaron as compañeiras que me precederon antes no uso da palabra o ocorrido e tantas veces debatido neste Parlamento durante esta lexislatura a respecto do centro de San Francisco, onde hai unha competencia por parte das empresas privadas.

Non poñemos en cuestión en ningún momento nin as aportacións nin o texto, e así o deixamos claro no trámite de ponencia e tamén no trámite da propia comisión. Mais hoxe, neste último trámite, o Partido Popular –e eu entendo que tamén o Goberno, que está aquí presente neste debate– debería intentar que se fixese esa aposta por introducir un matiz importante de aposta polos servizos públicos.

A deputada do Partido Popular fala, efectivamente, de que cando se deseña esta lei non se recolle nese sentido, cando o espírito da lei claramente recollía esa aposta polos servizos públicos. De feito, repasando os debates parlamentarios, tamén leo –non escoito, pero leo– as palabras da señora Rodríguez Arias cando ela dicía e pechaba o debate da lei falando de que hai que garantir os dereitos subxectivos universais para todos os galegos e exixibles ante os tribunais, non suxeitos –dicía– a disposicións orzamentarias nin a vontades políticas do goberno do momento, financiados suficiente e adecuadamente. Claro, efectivamente, señora Rodríguez Arias, e teño que recordarllo polo recordo que vostede fixo desta lei. Creo que foi un paso adiante moi importante. E hoxe introducir o concerto social, efectivamente, sabe que conta, dende logo, co noso apoio, pero non tal e como se recolle. Por iso lle pedimos un último esforzo, que o medite nos minutos que lle quedan e que se introduza ese aspecto de ter preferencia a xestión directa sobre outras modalidades, porque sería un paso adiante importante neste momento de modificación da lei. O cal non ten nada que ver co concerto social, que tanto as entidades como os outros grupos, o Goberno e vostede mesma, saben que nós si que recoñecemos. Por iso lle pedimos que o valore. En todo caso, de non ser aceptado polo Partido Popular, teríamos que manter a nosa abstención, que non é, dende logo, a abstención respecto do concerto social, senón de tal e como queda recollido ese aspecto tan importante da xestión directa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

De nada, señora Rodríguez Arias, polo apoio do Grupo Parlamentario Socialista a esta iniciativa do seu grupo.

Como non me gusta faltar á verdade na tribuna do Parlamento, traio comigo dúas follas da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, artigos 29, 30 e 31, e mesmo 32 e 33, nos que non co grao de precisión do que imos aprobar hoxe, non –insisto– co grao de precisión do que imos aprobar hoxe, pero si coa suficiente xenerosidade de interpretación e vontade política do Goberno de turno, se podería perfectamente, durante estes anos, dende o 2009 ata a data, ter contratado os servizos coas entidades do terceiro sector de iniciativa social e sen ánimo de lucro e non priorizar as outras entidades. Por exemplo, no artigo 30, de iniciativa social, no que se fala do fomento da iniciativa social; ou no artigo 31, no que se di que por razóns de interese público debidamente xustificadas se poderán subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social; ou no artigo 33, de fomento da previsión de interese social na contratación pública, no que se di que se poderá sinalar a preferencia na adxudicación dos contratos ás proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que no momento de acreditar a súa solvencia teñan un número de traballadores con discapacidade, ou que os pregos de cláusulas que rexan a contratación poderán dar preferencia na adxudicación de contratos ás proposicións presentadas por empresas dedicadas á promoción e inserción laboral, ou que se poderá establecer preferencia na adxudicación dos contratos relativos á prestación de carácter social ou asistencial para as proposicións presentadas por entidades sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia. É dicir, temos un amplo abano de posibilidades nas que poderíamos ter sustentado, se houbera vontade política por parte do goberno do señor Feijóo, a contratación destes servizos coas entidades de iniciativa social e sen ánimo de lucro. Serviulles a xustificación da directiva comunitaria. Despois, cando esa directiva comunitaria foi substituída por outra na que xa se facilita que os Estados membros poidan permitir a contratación destes servizos a través doutros instrumentos, tipo concerto social, xa non tiveron xustificación e por iso estamos hoxe aquí, gústelle oílo ou non lle guste oílo, señora Rodríguez Arias.

O Grupo Socialista, responsablemente, vai votar a favor desta proposición de lei que presentou o seu grupo, por coherencia, porque primeiro tamén a presentamos nós. Por certo, a nosa non lles gustaba. Para non lles gustar, copiaron practicamente a totalidade do texto. Porque, ademais, as entidades do terceiro sector que están presentes hoxe no debate, neste debate final do concerto social, son perfectamente coñecedoras do texto que presentou no seu día o Grupo Parlamentario Socialista. Porque lles foi entregado a todos eles e a todas elas. E vostedes, ademais, se non lles gustaba aquel texto, tíñano moi sinxelo, señora Rodríguez Arias, igual que fixemos nós na toma en consideración da súa: votar a favor da toma en consideración e modificalo logo no trámite de emendas. Foron no seu día escusas para non aceptar que un grupo da oposición, neste caso o Grupo Socialista, presentara esa iniciativa. Xa está, xa pasou, dános igual, o caso é que hoxe chegamos aquí e imos ter a figura do concerto social regulada. Pero permítame que dende o Grupo Socialista reivindique o traballo feito por este grupo, porque ademais é un traballo que as entidades do terceiro sector

recoñeceron. Teño, cando menos, esa oportunidade de reivindicar ese traballo. Eu estou segura de que, se non fora por iso e polo empuxe do Cermi, hoxe non estaríamos aquí aprobando este concerto social. Pero parabenizo a todos e a todas, e ao conxunto da Cámara, porque fomos capaces de poñer por riba dos intereses partidarios os intereses das entidades do terceiro sector e hoxe de aquí vai saír o concerto social. As entidades do terceiro sector saben grazas a quen.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señora Gallego, eu penso que na miña intervención empecei agradecendo o traballo das entidades sociais, agradecendo o traballo dos grupos parlamentarios e agradecendo o apoio do conselleiro de Política Social. Polo tanto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Perdón?

O señor PRESIDENTE: Silencio. Non dialoguen.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Polo tanto, miren, imos deixarnos de discusións estériles. O que importa neste momento é o texto que imos sacar adiante, o que importa neste momento é mellorar a prestación dos servizos sociais.

Miren, eu non son ninguén para recomendarlle a vostede nin que repase a Lei de servizos sociais do 2008 nin que repase a súa proposta, porque vostede é unha deputada responsable e sei perfectamente que o fará. Pero, mire, na Lei de servizos sociais de Galicia, a actual, vostede fala do artigo 30, do fomento da iniciativa social, e do artigo 33, do fomento da iniciativa social na contratación pública, e que a través desas fórmulas se podía priorizar a colaboración coas entidades sociais. Volva vostede ler a Lei de servizos sociais. Porque, mire, única e exclusivamente a través da Lei de contratos da Administración pública se podían ter en conta as entidades sociais en igualdade de condicións ás propostas presentadas polas entidades privadas, señora Gallego, ¡por favor! Lea vostede ben a Lei de servizos sociais.

O que estamos facendo agora é dar un paso máis, é un paso importantísimo, que tiña moitas limitacións esta normativa para poder traballar coas entidades sociais, e vostedes sábeno. Fóra do marco da Lei de contratos da Administración pública era imposible, imposible, que unha entidade social puidera colaborar coa Xunta de Galicia na prestación dos servizos sociais. ¡Era imposible! ¿E agora vostedes non entenden o que significa a libre elección?

Estivemos falando horas e días sobre o problema que aconteceu no Centro San Francisco. A libre elección dos usuarios significa que eles deciden, eles deciden, o centro ao que queren asistir. E a Xunta de Galicia non os pode obrigar a asistir a determinado centro, porque é a

persoa usuaria a que elixe. E neste tema, no caso de San Francisco, con esta reforma o que se fai é solucionar problemas como os que xurdiron naquel momento. É a persoa usuaria a que pode decidir se quere asistir ao Centro San Francisco ou se quere asistir a outro centro público da Xunta xestionado pola Xunta de Galicia.

Polo tanto, nese senso soluciónanse moitos problemas que dende o ano 2008 viñeron acontecendo. Apostamos polos servizos sociais públicos, todos apostamos polos servizos sociais. Pero tamén recoñecemos que as entidades sociais fan un labor extraordinario. Moito antes de que existise esta Lei de servizos sociais moitas entidades sociais dedicábanse a prestar servizos sociais, e teñen experiencia, teñen capacidade e teñen o apoio de moitas persoas que consideran que están facendo un labor importantísimo.

Polo tanto, servizos públicos e servizos de calidade, nós tamén apostamos por iso. E esta reforma e esta introdución do concerto social tamén aposta por iso.

Claro, agora, sinceramente, que me veñan contar que o espírito da Lei de servizos sociais do 2008, o espírito, era priorizar ás entidades sociais..., o espírito. O escrito, escrito está. E vostedes escribiron que a xestión podería ser directa ou indirecta. ¡Ah si!, pero o espírito dos que redactaron nese momento... Pois, como vostedes din, as cousas hai que escribilas, e, despois de escribilas, redactalas e aprobalas. O que non se pode é vir aquí renegar dunha lei que está en vigor dende o ano 2008.

Para nós o importante é que esta modificación introduce e regula o concerto social, que xa existía noutras comunidades e agora vai regularse na nosa comunidade, un novo modelo de xestión que reforza o papel das entidades de iniciativa social, que garante dereitos esenciais ás persoas usuarias e que supera as limitacións da normativa actual.

Penso que traballamos dabondo na ponencia, penso que con todas as emendas e todas as transaccións que podían ser aceptadas ou transaccionadas xa se fixo o traballo en ponencia, e, dende logo, espero o seu apoio a esta proposta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Pasamos, polo tanto, xa á votación dos textos lexislativos.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. Mixto ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.**

Votamos.

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.**

Votamos.

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.**

Votamos.

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora o ditame da comisión.

Votamos.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este proxecto de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o texto lexislativo polo procedemento de lectura única e urxencia do Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro do 2013.

Votamos, en primeiro lugar, a emenda de devolución do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda ao Proxecto de lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro do 2013.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 39; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade de devolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas á totalidade con texto alternativo.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade con texto alternativo do G.P. Mixto ao Proxecto de lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro do 2013.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade con texto alternativo.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego con texto alternativo tamén.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade con texto alternativo do G.P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro do 2013.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade con texto alternativo.

O señor PRESIDENTE: E votamos, por último, o proxecto de lei.

Votamos.

Votación do Proxecto de lei, tramitado polo procedemento de lectura única e urxencia, pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro do 2013.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este proxecto de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o Ditame elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. Mixto á Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda á Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego á Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.

Votación das emendas do G.P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, o ditame da comisión.

Votamos.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Pasamos a debater agora o punto terceiro da orde do día.

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos dezaioito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a catástrofe que asolou a empresa Fandicosta en Domaio (Moaña)

O señor PRESIDENTE: Para defender a creación da comisión, ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, señor vicepresidente, assistimos neste Parlamento a distintas iniciativas de diversos grupos da oposición en relación co sistema de emerxencias, co funcionamento do sistema de emerxencias en Galicia, e, pasando do xeral ao particular, en relación con como actuou este sistema no lume que se produciu na empresa Fandicosta, en Domaio, o día 9 de maio deste ano. E, efectivamente, foron moitos os axentes involucrados neste proceso que manifestaron a existencia de deficiencias serias que é necesario corrixir para evitar que volvan repetirse.

Nós entendemos que hai, sen ningunha dúbida, nesta cuestión unha dimensión técnica que este Parlamento e este grupo parlamentario non pretenden en ningún caso substituír, pero entendemos tamén que hai unha dimensión política importante, e pensamos que é o Parlamento galego o lugar axeitado para desenvolver este proceso.

Nunha pregunta feita por este deputado ao vicepresidente da Xunta de Galicia hai dúas características fundamentais na resposta que, desde logo, non comparto, e que quedan claramente, por dicilo dalgunha maneira, cuestionadas pola información proporcionada polo Goberno. Quero dicir que a información proporcionada polo Goberno chegou hoxe mesmo – supoño que é unha casualidade– ás 12.48 da mañá. Está ben, mellor hoxe que hai uns días. Pero, volvo repetir, oh! casualidade, hoxe mesmo chegaron as transcricións das comunicacións telefónicas entre os distintos parques de bombeiros e a Axencia Central de Emerxencias do 112.

Unha das cousas que eu dixen aquí e que o vicepresidente cuestionou era que en tres ocasións, durante unha hora, dende o 112 se lles dixo aos bombeiros de Vigo que estaban avisados outros parques de bombeiros e que, polo tanto, non era necesaria a súa presenza. Eu non teño tempo, evidentemente, de reproducir isto, supoño que estará á disposición de todos os grupos e, polo tanto, supoño que aí o poderán ver vostedes.

O que é certo en termos obxectivos é que os bombeiros de Vigo non chegaron a ese lume que se producía a escasamente dez minutos por autoestrada do seu parque de bombeiros en Teis ata case unha hora despois de que fosen exactamente avisados deste incendio. Hai que ter en conta que nesta instalación existían, por unha parte, dous depósitos, de 5.000 litros cada un, de amoníaco, que a instalación de Fandicosta está moi próxima, practicamente contigua, a unha estación de servizo e a outra estación de servizo que se atopa ao outro lado da estrada, e que nos atopamos nunha zona de vivendas unifamiliares diseminadas, como calquera que coñeza a zona de Domaio sabe perfectamente.

O vicepresidente do Goberno tamén dixo –nese exercicio de escapismo político habitual no señor Feijóo e no seu goberno, e por unha parte é verdade que dunha maneira sutil que eu non cheguei a entender, teño que recoñecerlo– dunha certa responsabilidade do Concello e, polo tanto, do alcalde de Vigo na propia xestión do proceso, do proceso de saída dos bombeiros de Vigo e da chegada ao lugar do lume. E logo, por suposto, tamén está a falta de informes das deputacións á hora de plantexar unha revisión do sistema de parques de bombeiros comarcais.

A Deputación de Pontevedra presentou un informe económico e un informe técnico, e é verdade que houbo un acordo de facer un informe común entre todas as deputacións para homoxeneizar o sistema. Pero, señor vicepresidente, ou o informaron mal a vostede ou ao mellor informáronme mal a min. A Deputación de Pontevedra presentou ese informe xurídico e ese informe económico. Volvo repetir que, efectivamente, está pendente un informe único de todas as deputacións.

Quedou clara unha cuestión, unha cuestión que ademais se viña repetindo nesta Cámara nos últimos sete anos, que é a necesidade de sistematizar e protocolizar axeitadamente o que

son os sistemas de emerxencias e de loita contra os lumes non forestais, por dicilo dalgunha maneira. O dos lumes forestais xa vimos que se protocoliza ben vía INAER. Creo que é a maneira máis axeitada de protocolizar neste caso as actuacións.

O que é certo é que, cando chegaron os bombeiros vigueses a Fandicosta, atopáronse unicamente con tres efectivos cun vehículo escaleira e unha bomba urbana de Cangas, e que outra bomba urbana que chegara dende O Porriño quedara sen auga e xa non estaba operativa. Eu, sen cuestionar, por suposto, a profesionalidade das persoas que traballan na Central de Emerxencias, invítoos a todos vostedes, de verdade, a que lean a transcripción destas conversacións. Eu teño marcadas algunhas, as que me deu tempo, e volvo repetir que non cuestiono a profesionalidade de ninguén. Aí non aparecen, loxicamente, os nomes, están borrados. Pero, dende logo, que un bombeiro teña que explicarlle tres veces ao interlocutor ou interlocutora da Axencia Central de Emerxencias que o que quere é unha bomba de auga e non unha bombona, e que lle digan: ¿como que unha bombona de auga?, ou non sabe moito de lumes –e isto era o que me trasladaban a min os bombeiros– ou algún problema hai. Probablemente isto ten algo que ver con entender a Central de Emerxencias, coa externalización dos servizos, coma se fose un *call center* de Movistar.

E outra cousa, unha cousa moito máis seria que afecta a seguridade e a integridade de bens e de persoas, e vímoloo con claridade neste caso. O Concello de Vigo, no seu parque de bombeiros, ten un protocolo especial para grandes lumes, ten medios para achegar a eses lumes. E, vólvoo repetir, a primeira noticia, a primeira comunicación, é das 17.55, 17.53, do 9 de maio.

É moi interesante a secuencia de quen chama a quen. Os bombeiros de Vigo chaman dez minutos despois ao 112. Dinlles que non fan falta. Chaman ás 18.44, é dicir, 51 minutos despois, e vólveselles dicir que non fan falta. E ás 18.47, é dicir, practicamente unha hora despois, din que efectivamente van saír porque o responsable máximo, que é o xefe do parque de bombeiros, e o Concello de Vigo, o seu alcalde, lles dan a orde de que saian, por petición da empresa.

E agora vólvese ler o que lles di a Central de Emerxencias aos bombeiros de Pontevedra, que tamén ofrecen a súa colaboración, exactamente ás 19.24. Dinlles: “Mire, de momento non se solicita, están os do Morrazo. Foron os de Vigo por petición da propia empresa”. Non vaia ser que pensen que é por petición da Central de Emerxencias e as empresas concesionarias dos parques comarcais, que lles pasan as facturas ás aseguradoras, protesten. Os do Porriño están mobilizados, tamén os do Salnés. Insisto, eu creo que é suficientemente ilustrativo de qué estamos falando. Están os do Morrazo, foron os de Vigo por petición da propia empresa, os do Porriño, e están mobilizados tamén os do Salnés.

Bueno, eu creo que é máis que evidente, señor Rueda, que é imprescindible, como vostede dixo que van facer, modificar eses protocolos. É imprescindible saber qué pasou, porque pode pasar mañá ou pasado, antes de que se modifiquen eses protocolos, que non parece que leven unha dinámica especialmente acelerada, por dicilo dalgunha maneira. E, dende logo, o que é absolutamente certo, sen ningunha dúbida, é que non se poden tapar as actuacións dun goberno lanzando responsabilidades sobre administracións que non teñen a máis mínima competencia nesa cuestión. E falo neste caso do Concello de Vigo.

Do que teñen que dar conta vostedes é deste sistema xestionado por empresas privadas, que indubidablemente e de maneira lexítima, dende o punto de vista das empresas, busca ese beneficio empresarial pero que estamos vendo como non é capaz de satisfacer as necesidades obxectivas do sistema de protección ou do sistema de emerxencias de Galicia.

É imprescindible cambiar o protocolo e é imprescindible convenir o sistema de emerxencias comarcal coas grandes cidades. A min gustaríame saber por que a Xunta de Galicia é capaz de facer un convenio, que me parece ben, co Principado de Asturias para cubrir emerxencias nas zonas fronteirizas de montaña da provincia de Lugo e de Asturias e non é capaz de facer un convenio similar cos parques urbanos de bombeiros, que teñen claramente moitos máis medios e moita máis capacidade de persoal, técnica e tecnolóxica para combater estes grandes lumes, sexa Vigo, sexa A Coruña, sexa Pontevedra, en fin, os parques urbanos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vou rematando, señor presidente.

E isto é exactamente o que consideramos que neste Parlamento é necesario estudar e investigar; dende logo, investigar algo que volvo repetir que está aquí con bastante claridade, que é a desesperación obxectiva dos propietarios, por unha parte, da empresa, que viran que o sistema de protección proporcionado pola Xunta de Galicia non era suficiente, a desesperación de quen coñecía o potencial de risco que supuñan 10.000 litros de amoníaco almacenados e a resposta absolutamente lenta e descoordinada que se produciu. Volvo repetilo: basta con ver a cronoloxía das chamadas e, sobre todo, o sentido das chamadas, de como son os bombeiros de Vigo e de Pontevedra...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...os que ofrecen os seus servizos mentres a Central de Emerxencias o único que fai é satisfacer e defender as contas de resultados das empresas que xestionan os parques comarcais. Eu creo que merece claramente unha comisión de investigación. E un goberno que presume de transparencia...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que presume moito de transparencia, estou seguro de que votará afirmativamente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a posición.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Se non fora pola seriedade do asunto, realmente é de chiste todo o que ocorreu en relación con Fandicosta. Pero o bo que tivo, polo menos, é que reabriu o debate social sobre a xestión e coordinación do servizo de emerxencias.

Á marxe do incendio, en concreto, a Plataforma de Bombeiros Públicos de Galiza considera que hai que propiciar un debate sobre o sistema dual de extinción de incendios que existe en Galicia, con parques públicos nas grandes cidades e de xestión privada nas comarcas, algo sobre o que temos xa debatido moitas veces nesta Cámara.

O incendio iniciouse, como dicía o voceiro do Partido Socialista, ás 17.53 horas pero o nivel 1 do plan de emerxencias non se activou ata as 20.45 horas. A pesar da virulencia do lume, que obrigou a pechar o tráfico na ponte de Rande, e do aviso de risco de explosión de dous depósitos con 10.000 litros de amoníaco, foi rexeitada a colaboración tanto do parque de Vigo como do de Pontevedra, que ofreceron os seus servizos ao 112. Aínda que os bombeiros de Vigo si se desprazaron por iniciativa propia a Domaio.

Ás 22.00 horas –aínda que non pasaba nada– intentaban sufocar o incendio de Fandicosta case medio centenar de bombeiros de cinco parques diferentes, tres remolcadores –dous do porto de Vigo, un de Salvamento Marítimo, e un buque da Xunta–. A Plataforma de Bombeiros Públicos de Galiza cualificou de desastrosa a xestión da Axencia Galega de Emerxencias, e cre que propiciou que os danos ocasionados foran maiores. Falta de coordinación ou graves deficiencias protocolarias son algúns dos erros que detallan.

O artigo 52 do Regulamento desta Cámara establece que se poderán crear comisións de investigación sobre calquera asunto de interese público. E, sen dúbida, o acontecido en Fandicosta, e polo funcionamento da Axencia de Emerxencias, é do máximo interese social, non por intereses mal intencionados senón para corrixir os fallos, eivas e erros, e para poñer en marcha todas as modificacións necesarias para lograr un sistema de emerxencias seguro para os traballadores e traballadoras, para a poboación e para o medio ambiente, e eficaz e eficiente; un sistema de emerxencias que evite un novo desastre económico, medioambiental ou, o que é peor, en vidas humanas.

O actual sistema de atención ás emerxencias ten as mesmas carencias que xa se puxeron de manifesto no accidente de Angrois, no incendio da nave de xeados de Brión, no incendio da praza da Ferrería en Pontevedra e agora en Fandicosta. Os bombeiros de Vigo denuncian que, ante a negativa do 112 a que actuaran, e ante a insistencia dos directivos de Fandicosta –que os pobres tiñan que estar asombrados de como a Xunta permitía que a fábrica ardera e os bombeiros estiveran metidos nos parques sen actuar–, tiveron que ir socorrer os directivos para apagar o lume. E acudiron cun camión cisterna. A mobilización dos medios non foi apropiada, dilatándose nos tempos de resposta ao pretender prescindir dos servizos de Vigo e Pontevedra. E denuncian tamén que non existiu un mando definido, cada servizo foi organizando as súas tarefas ao libre albedrío, convertendo o operativo nun caos –iso os bombeiros de Vigo–. Os bombeiros de Pontevedra denuncian que o 112, ademais de vetar a intervención dos bombeiros públicos, tamén os entretivo cunha falsa alarma sobre un inexistente camión que ardía na N-550. O parque de Pontevedra, a 14 minutos do foco do incendio, non recibiu ningunha chamada do 112 ata as oito menos vinte da tarde –falamos das

cinco-, ás oito menos vinte da tarde reciben a primeira chamada, pero non para pedir axuda senón para pedir auga porque –como dicía o voceiro do Partido Socialista– a bomba que procedía do Porriño xa se rematara. Enviaron unha cisterna con 10.000 litros de auga e, así as cousas, aínda ninguén decidira activar o nivel 1 de emerxencia.

O nivel 1 –como dixer– activouse ás nove menos cuarto, pero non se solicitou axuda a Pontevedra ata case unha hora despois. E entón pedían a desesperada, con todos os medios dispoñibles, necesitaban de todo cando xa non quedaba nada que salvar, xa a fábrica ardera. ¿Como se pode, desde as cinco da tarde, dicir reiteradamente aos parques de bombeiros de Pontevedra e de Vigo que non se necesita que acudan e ás dez e pico da noite dicir que acudan con todo o que teñan dispoñible porque non o dan controlado? ¿Como se pode actuar con esa irresponsabilidade?

A extinción de incendios debería de ser un servizo de xestión directa –dixémolo moitas veces–, coordinado por un mesmo mando que antepoña a seguridade das persoas e dos bens aos intereses económicos e empresariais. Non só os parques comarcais de bombeiros están privatizados senón que o propio 112 foi subcontratado coa empresa Telemark. O vicepresidente da Xunta –vostede, señor Rueda– defendeu ao día seguinte que no incendio de Fandicosta os servizos de emerxencia actuaron adecuadamente e que, en coordinación co 112, cumpriu coa súa función. Entón, a min quédanme moitas preguntas. Se actuou correctamente en coordinación co 112, ¿por que se rexeitou a axuda dos parques de Vigo e de Pontevedra? Non ten ningún sentido que aos dous parques con máis capacidade e que están máis preto do foco do incendio se lles diga que non vaian. E chámase os máis pequenos, que non teñen medios nin persoal. E despois, ao final, ás dez da noite, si fai falta todo, claro.

¿Por que non se tivo en conta que, cantos máis bombeiros e máis rápido cheguen, menores consecuencias humanas e materiais do incendio? É dicir, aínda que non fixera unha falta tal, está claro que se hai máis medios o incendio chegaría a moitísimo menos.

¿En que criterios se baseou esa decisión de que non acudiran os bombeiros cando se mirou despois, ás dez da noite, que aquilo era irremediable xa e había auga por mar e por terra botando sobre as naves? ¿Tívoise en conta o risco de explosión dos depósitos de amoníaco para non atender esas chamadas?

Espero que esta comisión de investigación sexa aprobada por unanimidade da Cámara para que non teñamos que volver lamentar outra actuación tan descoordinada e caótica. Estes feitos poñen unha vez máis en cuestión o funcionamento dos servizos de emerxencias e a súa coordinación. Ante situacións críticas, e unha vez máis, queda patente que se os problemas se resolven é grazas ao voluntarismo e á profesionalidade neste caso dos bombeiros e a súa actuación, a pesar de ter sido obstaculizada por Axega.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista e o Grupo Mixto solicitaron no seu momento a comparecencia urxente do vicepresidente para dar información do funcionamento do servizo de emerxencias no incendio da fábrica de Fandicosta, en Moaña, das causas que provocaron esa falta de coordinación entre os diferentes medios, das deficiencias na mobilización dos bombeiros, da falta de auxilio á empresa cando o pedía, e

se as decisións da Axencia foron as adecuadas para facer fronte ás características da emerxencia.

A punto de cumprirse tres anos do terrible accidente de Angrois, o servizo de emerxencias segue sendo un entramado non operativo e con consecuencias dramáticas. Despois de case catorce anos do accidente do *Prestige* as nosas costas seguen sen protocolo de actuación. Non esperemos ao seguinte incendio ou ao seguinte gran accidente que teñamos que lamentar para reaccionar. Poñamos en marcha esta comisión non co fin de buscar culpables da situación senón co obxectivo de poñer todos os medios para que os próximos incendios, as próximas emerxencias, sexan atendidas con celeridade, con efectividade e con eficacia.

Pola miña parte só me queda transmitir o apoio do Grupo Mixto á creación desta comisión.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: A verdade é que é curioso –como dicía o voceiro do PSdeG– ver que hoxe se mandan precisamente as gravacións. Pero incluso produce máis arrepió, se cabe, constatar o grao de caos –como define o propio colectivo de bombeiros– en que está mergullado o sistema de emerxencias. E escoitar algunhas conversas dos bombeiros co CAE onde se fala de cubas de auga e a persoa que escoita di: “¿Cubos?”. “Non, cubos non, cubas”. E volvía: “¿Cubos?”. “Non, cisternas de auga, que van necesitar cisternas”. Conversas, absolutamente, coas que un queda alucinado, porque se pregunta en que se perde o tempo cando hai un incendio importante. E a verdade é que parece que non sabemos quen está ao outro lado do teléfono, quen nos atende ao outro lado do teléfono, por outra banda, dunha subcontrata.

E isto pasa, loxicamente –como dixemos no outro pleno, no que falamos da moción que traía o BNG precisamente sobre este tema de Fandicosta–, porque a estratexia do Partido Popular foi privatizar. A privatización trouxo consecuencias desastrosas para a calidade do servizo e para a cidadanía: é máis cara, precariza o traballo do persoal e existen outros aspectos de lucro, que loxicamente as empresas privadas o que procuran é o lucro. E, como dicía o señor Losada, procúrase evitar mencionar que a iniciativa dos bombeiros de Vigo foi precisamente porque eles decidiron acudir alí porque había un incendio. Claro, é dicir, os bombeiros que están máis cerca dese incendio non foron chamados debido a non se sabe moi ben que estratexias e que protocolos. Porque despois de chamar os bombeiros do Morrazo, os seguintes son os do Porriño. Claro, O Porriño debe de estar antes que Vigo, é algo curioso o mapa galego que ten o sistema de emerxencias. (*Murmurios.*) Claro.

E logo, ademais, o que chama a atención –bueno, fixen unha lectura rápida– se un asiste ás distintas gravacións contidas aí é constatar o grao de precariedade precisamente dos parques privatizados. Porque cando chegan os bombeiros de Vigo ao encontro, ás dez da noite están alí e din: “Aquí ninguén está preparado para unha fuga de amoníaco”. E entón o CAE di:

“Pero deberían ter respiradores autónomos”. Pois non están preparados, non os teñen. E, polo tanto, ese é o operativo, o material, a seguridade coa que se está traballando cando se vai, ademais, a un incendio onde hai tanques de amoníaco. Polo tanto, bastante perigoso. Hai falta de prevención e falta, seguramente, do material axeitado. Por iso os bombeiros de Vigo, que son os máis preparados, deberían ter sido os primeiros en acudir.

O outro día tivemos ocasión tamén de centrarnos no relato que nos facilitaran os bombeiros de Pontevedra, porque están a catorce minutos –repetimos, a catorce minutos– de onde se estaba producindo o incendio. E o relato era tamén esperpéntico. Porque é un esperpento cando hai unha imposibilidade real de que os profesionais se ofrecen e alguén do outro lado, en aras de non se sabe moi ben que concepto de seguridade cidadá, di que non son necesarios para apagar un lume que estaba sendo importante, incontrolado –e así figura nas propias gravacións–. E, polo tanto, non entendemos por que. Ademais, co tema dos bombeiros de Pontevedra –como xa se dixo nas propias gravacións– figura esa loucura dun camión ardendo a algunha altura e que ninguén é capaz de localizar. E, claro, os bombeiros de Pontevedra, en vez de poder acudir directamente ao incendio de Fandicosta, pois paseando pola nacional para ver onde está o incendio dun camión que ao final non se sabe moi ben onde estaba ardendo.

É dicir, hai toda unha serie de despropósitos, toda unha serie de caos –como din os propios bombeiros–, caos do 112-Galicia, de como está afectando ao actual sistema de emerxencias galego, de maneira directa ao cidadán e aos propios servizos de bombeiros. Caos do 112-Galicia, efectivamente, e non só co que aconteceu en Fandicosta. Segundo recolle aquí, pois estanse producindo chamadas de emerxencia e cando se chega, pois calcinada unha casa –entre críticas veciñais pola lenta resposta de emerxencias–. E logo outras nas que un incendio nunha vivenda de Poio pon en entredito o mapa de emerxencias de Galicia. Cando se chega, chégase tarde, e a casa ten danos irreparables e nesas casas viven persoas. Do mesmo modo que a cincocentos metros dos tanques de amoníaco había vivendas. E, como se ve nas propias gravacións, as persoas que acudían alí non estaban preparadas para unha fuga de amoníaco, estaban traballando en condicións de inseguridade laboral. Iso entendemos nós que non se pode permitir nin se debe tolerar.

Entón, polo tanto, o que estamos facendo aquí é reiterar o que se fixo o outro día coa moción presentada polo BNG. E é reclamar –e sabemos perfectamente que a estratexia do Partido Popular non pasa por aí– unha volta a todo o sistema de emerxencias, o regreso á xestión pública, á titularidade e xestión pública dos parques –hai 23 parques privatizados–. Volvamos á xestión pública, definamos ben un protocolo de actuación, definamos ben as isócronas, definamos ben o estatuto do profesional –o estatuto do bombeiro, que é o que se reclama– e traballemos cara a unha vía seria e non cun mapa de deslavazado mosaico de xunturas, no que se chama antes aos do Porriño que aos de Vigo e que aos de Pontevedra, etc. Non é entendible cómo vostedes poden xustificar que isto é razoable, en ningunha cabeza sensata pode entrar que este sistema de emerxencias sexa razoable. Eu entendo que non.

Polo tanto, apoiamos a proposta que realiza o Partido Socialista. Debe determinarse quen ten a responsabilidade de que as cousas vaian mal. Porque aquí parece ser que ao final ninguén é responsable. ¿Quen ten a responsabilidade de que non se activen ben os procedementos?

Pois, polo tanto, alguén ten que asumir a responsabilidade política, técnica, profesional, as que sexan, pero desde logo habería que depuralas. E precisamente sabelas, coñecelas, facilitaría poder intervir e previr unha acción futura. Porque do que se trata é de aprender dos erros para non cometelos, non perpetualos e seguir no camiño errado que levamos transitando. É dicir, a propia Coordinadora Unitaria de Bombeiros, nun comunicado realizado ao pouco do acontecemento, xa falaba de descoordinación e mala xestión existente, da falta de responsabilidade e de vontade política dalgúns dirixentes traducida en servizos mal dimensionados, estruturados e/ou equipados. E algo disto parece ser que acontece en función das gravacións que hoxe recibimos. Hai desprotección efectiva dalgúns cidadáns, porque, cando o servizo público ofrece malas garantías, pois, en efecto, estase desprotexendo a cidadanía.

Polo tanto, é necesario avanzar nunha lei marco que regule a profesión e os servizos de bombeiros, e temos que investigar qué pasou e quen ten que recoñecer e asumir a súa responsabilidade política, profesional, técnica, etc.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Como este é o terceiro pleno consecutivo no que debatemos sobre o incendio que se produciu na empresa Fandicosta e, sobre todo, en relación co funcionamento do CAE 112 e do conxunto da Axencia Galga de Emerxencias, eu, desde logo, non os vou torturar a vostedes léndolles novamente a transcrisións, nin as que tiñamos previamente facilitadas pola propia Plataforma de Bombeiros, na que facían unha relación detallada das diferentes chamadas que se foron producindo –que, por certo, foron negadas neste Parlamento polo Partido Popular, como Pedro antes de que..., igual hoxe tamén o negan por terceira vez, igual que San Pedro–. E acabo, efectivamente, como todos e todas, de ter coñecemento de que curiosamente, a pesar de que a moción dicía un prazo de quince días, hoxe se cumpren as tres semanas da aprobación da moción. E é curioso que hoxe recibamos as transcrisións como se aprobou por unanimidade na moción presentada polo BNG.

E o que si que puiden comprobar é que, froito desas transcrisións que nos remite a Xunta de Galiza ao Parlamento, figura claramente que, tal e como nos dixeron na Plataforma de Bombeiros, ás 18.03, os bombeiros de Vigo comunícanse co CAE 112, e o CAE 112 di que se desentendan do asunto porque xa están alí os bombeiros do Morrazo; non saben moi ben se de Cangas ou de Bueu, pero en todo caso do Morrazo. E constátase outra vez que despois, ás 18.44, se produciu unha nova chamada, e así sucesivamente.

Polo tanto, constátase que era certo o que dicíamos aquí desde esta tribuna nos dous plenos anteriores, que non era que o dixeramos nós, senón que simplemente lles poñiamos voz ás

denuncias feitas polos traballadores, e que, desde logo, había cuestións que indicaban claramente que había un funcionamento anómalo, ou un funcionamento que, cando menos, provoca distorsións á hora de atender as emerxencias por parte da Axega.

Eu creo que esa xa debería ser unha razón máis que suficiente para que por parte deste Parlamento se establecese unha comisión de investigación ou de estudo –como dicía o señor Losada e que a min tamén me podería valer–. Porque aquí –e a min gustaríame que o Partido Popular entendese iso– non se trata de perseguir a ninguén, simplemente se trata de poñer negro sobre branco sobre qué é o que está pasando cos nosos servizos de emerxencia, qué é o que pasou xa en reiteradas ocasións. E tampouco vou facer aquí unha enumeración de todos os asuntos graves en relación coas emerxencias que se teñen producido no noso país e nos que sempre se demostra que, cando pasa algo grave, pero incluso ás veces tamén en cuestións máis cotiás, hai, digamos, un certo estrés do sistema de emerxencias que existe neste país que o fai incapaz de responder en adecuadas condicións. E, como temos dito en moitas ocasións, é só o voluntarismo das persoas que forman parte dos distintos servizos de emerxencia os que fan que as cousas nunca vaian a maiores. Polo tanto, esa sería unha razón máis que suficiente: analizar qué temos e como funciona o que temos, por que funciona así o que temos, como queremos que funcionen as cousas e, polo tanto, qué medidas deberíamos adoptar para que as cousas funcionen adecuadamente.

Pero por se isto non é suficiente para os señores e señoras do Partido Popular, eu creo que hai unha razón máis que de peso para que teñamos que abrir unha comisión neste Parlamento para saber o que pasou. O día 11 de maio, o señor Núñez Feijóo di que el lle pide explicacións ao 112. E engade: terán que dar explicación dos protocolos, dos cronogramas e de por que non funcionaron adecuadamente as cousas.

A min déixame estupefacta que a primeira... –bueno, ou segunda, depende das interpretacións do protocolo que indican que a primeira autoridade do país debería ser o presidente do Parlamento e non o presidente do executivo–, pero en todo caso déixame estupefacta que a primeira autoridade do país, o responsable do funcionamento dos servizos da Administración da Xunta de Galiza, diga que hai que investigar, que hai que dar explicacións, que terán que dar explicacións de por que e como funcionan os protocolos e os cronogramas e sobre que pasou nese asunto concreto, e un mes e dezasete días despois eu non sei se lle deron as explicacións ao señor Núñez Feijóo en privado, pero desde logo ao resto dos galegos e das galegas non nos deron ningún tipo de explicacións do que pedía –con toda a razón do mundo– o señor Núñez Feijóo o día 11 de maio cando foi visitar as instalacións de Fandicosta.

Polo tanto, eu, señoras e señores deputados do Partido Popular, non consentiría que un presidente do Goberno do meu país, e moito menos sendo da miña formación política –pero aínda non sendo–, pida explicacións e que todos miremos para outro lado. Polo tanto, este é o lugar adecuado para que exixamos que se abra esa comisión de investigación na que se dean as explicacións oportunas.

E todo isto dígoo sendo de sobra coñecida cal é a posición do BNG a respecto de como cremos nós que debía ser o sistema de emerxencias do noso país. Temos explicado en numerosas ocasións que para nós é unha disfunción que exista un sistema conformado por parques pú-

blicos cunha dependencia municipal, por parques comarcais con dependencia dun consorcio que, á súa vez, está integrado pola Xunta, polas deputacións e polos concellos, que existan bombeiros públicos, que existan bombeiros privatizados a través de empresas, que existan señores –e señoras, pero fundamentalmente neste caso señores– que teñen que ter determinada titulación, determinada formación, porque son públicos, ou porque dependen dun concello, e que teñan que ter outra formación, outra titulación e, en consecuencia, tamén retribucións distintas porque dependan dunha empresa privada. Nós consideramos ese sistema unha disfuncionalidade que desde o noso punto de vista está na causa de moitas das cuestións que se producen cando hai unha emerxencia.

Pero asegúrolles que a pretensión do Bloque Nacionalista Galego votando a favor de que se cree esta comisión de investigación que defendeu o señor Losada non é facer un xuízo ao sistema de emerxencias, é simplemente saber qué pasou, exactamente como dixo o señor presidente. ¿Que pasa cos protocolos? ¿Que pasa cos cronogramas? ¿Por que se mobiliza primeiro un parque que ten unha isócrona de 34 minutos que un parque que ten unha isócrona de 38 minutos e encima ten moitos máis medios que para afrontar unha situación de risco como unha fábrica con elementos químicos que poden devir en perigosos? Iso é o que nós queremos que se investigue neste Parlamento, porque tamén hai tres semanas no pleno do Parlamento, naquela moción que aprobamos, non só había o punto referido a que en quince días nos mandaran as transcrisións. Había tamén un mandato do Parlamento á Xunta de Galiza para que se tomen as medidas necesarias para modificar os protocolos naquilo que sexa necesario para garantir o seu adecuado funcionamento. E creo honestamente que a mellor forma de darlle cumprimento a un mandato que tamén ía naquela moción, que pon que os protocolos temos que facelos escoitando as persoas que traballan todos os días nos servizos de emerxencia; tamén os técnicos, tamén os expertos, pero tamén os bombeiros e os seus representantes, tanto dos públicos, dos privatizados como dos mediopensionistas. E ¿que mellor lugar para facer esa interlocución e que veña aquí todo o mundo a dicirnos qué pasou, como se podería ter resolto e como se poderían articular os protocolos para que non volvese pasar que facelo nunha comisión de investigación do Parlamento que acabe tendo un ditame que sexa aprobado polo Pleno do Parlamento, e que, polo tanto, sexa vinculante para todas e todos nós á hora de xestionar e de mellorar o sistema de emerxencias no noso país?

Polo tanto, por estas tres razóns: porque creo que é imprescindible saber qué pasou, porque é a única forma de mellorar o dispositivo e, sobre todo, porque o Parlamento non pode facerlle ese feo ao señor Núñez Feijóo de deixalo na ignorancia de recibir as explicacións que solicitou.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

Logo de escoitar falar a tanto experto en emerxencias nesta Cámara –escoitamos á señora Martínez, ao señor Ron...–, a verdade é que teño que dicir que lamento profundamente que se veña aquí a este Parlamento a dubidar da profesionalidade dos bombeiros do Morrazo, que eran quen estaban ao mando deste operativo de emerxencias. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Iso é o que veñen vostedes aquí facer. E eu lamento que se esquezan de que este parque de bombeiros do Morrazo depende do Consorcio Provincial de Bombeiros de Pontevedra, da cal é presidenta a señora Carmela Silva *(Murmurios.)*

En definitiva, eu creo que, de todas as situacións esperpénticas que levamos visto nesta Cámara e protagonizadas polos grupos da oposición, estamos diante dunha das máis agudas. O Partido Socialista de Vigo –que é quen veu hoxe falar aquí encarnándose na persoa de Abel Losada– vén pedir unha comisión de investigación sobre un suceso do que xa falamos aquí en dous plenos. É curioso porque veñen aquí a pedir unha comisión de investigación sobre un conflito entre dous servizos, un xestionado pola señora Carmela Silva e outro xestionado polo señor Abel Caballero. E veñen a pedirlle explicacións á Xunta de Galicia. Ese é o Partido Socialista de Vigo *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Bueno, hai dous plenos debatíamos unha interpelación, unha pregunta, e, no último pleno, unha moción... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Gallego, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...que negociamos co Bloque Nacionalista Galego e na que se instaba a Xunta de Galicia a remitir a este Parlamento as transcrisións destas chamadas, que hoxe temos aquí –esas chamadas–.

Pero é que nesa iniciativa que pactabamos co Bloque Nacionalista Galego tamén pediamos ao Consorcio Provincial de Pontevedra, presidido pola señora Carmela Silva, que entregara a esta Cámara un informe de avaliación da súa actuación. E dabámoslle tamén un prazo de quince días. Ese informe non chegou, non chegou. A vostede preocúpalle que chegara hoxe a transcrisión das chamadas, pero de Carmela Silva todo ben, todo ben, señor Losada.

Antes de poder ter toda esa información necesaria para un xuízo de valor, o Grupo Socialista xa rexistra unha solicitude de creación dunha comisión de investigación. Esa é a realidade. Está moi ben.

Hoxe, por fin, entendemos esas présas, señor Losada, porque esta mañá acaban de chegar ao Parlamento esas transcrisións das chamadas do 112 solicitadas á Xunta de Galicia, e nelas queda perfectamente acreditado que ese argumentario despregado polo alcalde de Vigo, e hoxe reproducido polo seu delegado no Parlamento de Galicia –vai ter problemas co seu veciño de atrás–, ese argumentario do señor Abel Caballero reproducido por vostede, era mentira, era todo mentira, falso de principio a fin, completamente falso. Teñen vostedes as transcrisións. E, señor Losada, nunca, xamais, en ningún momento se lles denega dende o 112 aos bombeiros de Vigo a opción para intervir, en ningún momento. Dicir iso é mentir.

Dende o primeiro momento son animados a acudir se o consideran necesario. E por iso necesitan este debate canto antes. Porque sabían que, en canto se fixera pública a realidade das chamadas, o señor Caballero, o señor Losada e todos os membros do Partido Socialista de Vigo quedarían perfectamente en evidencia.

E por iso fan vostedes o paripé de solicitar a creación dunha comisión non permanente a vinte días de que finalice este período de sesións –é curioso– e que, polo tanto, o Parlamento teña que disolverse.

Francamente é curioso que consideren que poden resolver unha comisión cunha celeridade de vinte días, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ao mesmo tempo que a señora Silva non ten prazo. Ela non, ela que conteste cando queira, ¿non? Está moi ben.

Mire, sobre o modelo do sistema, levamos seis meses esperando algunha resposta por parte das deputacións que goberna o Partido Socialista, e nalgúns casos tamén co Bloque Nacionalista Galego –polo menos ata o momento–: Pontevedra, Lugo, A Coruña... Se queren cambiar o modelo, fagan unha proposta, pero é que non o fan, non o fan. E se lles din que a Deputación de Pontevedra enviou ese informe, o que lles están dicindo é mentira, infórmalos mal, quizais a propósito, pero infórmanos mal.

Polo tanto, eu creo que, se vostedes realmente quixeran investigar con profundidade o acontecido, agardarían a solicitar a creación da comisión de investigación na próxima lexislatura. Pero creo que hai dous motivos polos que non o fan. O primeiro é que son conscientes de que a publicación das transcripcións das chamadas vai deixar patente que mentiron dende o minuto un afirmando falsamente que o 112 rexeitara a participación dos bombeiros de Vigo. (*Murmurios.*) O segundo motivo, quizais máis prosaico, pero non menos certo, é que, se agardaran á próxima lexislatura, o señor alcalde de Vigo non ten seguridade de que nesta Cámara entre, en representación da provincia de Pontevedra, un representante do Partido Socialista de Vigo, dese afín a este señor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É máis, eu entendo que ten medo a que mesmo poida entrar algún outro “caballero” quizais menos afín ás súas estratexias, outro “caballero”.

En consecuencia, esta solicitude de creación dunha comisión non ten por obxecto investigar absolutamente nada, non ten por obxecto coñecer ningunha verdade, senón todo o contrario, facer ruído, que é o que sabe facer moi ben a señora Acuña, embarullar todo e intentar que non se oían as realidades que destapan as súas mentiras. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, voulle ler algunhas frases textuais do seu escrito de solicitude de creación desa comparecencia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Mentira número 1: “A Axencia Galega de Emerxencias impediu aos bombeiros de Vigo acudir ao incendio de Fandicosta ata unha hora despois de iniciado”. ¡Falso, falso! Non se impediu, non se impediu en ningún momento. (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio, por favor!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Queda perfectamente acreditado nas transcrisións das chamadas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Sabe qué lles din nesa transcrisión? “De acordo, pois veña”. Iso é o que lles responden. *(Murmurios.)*

Mentira 2 do Partido Socialista de Vigo...: *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: “O Goberno galego ten creado durante os últimos anos un sistema xestionado por empresas privadas que operan nas comarcas”. ¡Falso! Este sistema non foi creado polo Goberno galego, senón acordado entre o Goberno galego, as deputacións, a Federación Galega de Municipios, os concellos, deputacións gobernadas polo Partido Socialista e polo BNG, nas que aprobaron non só a creación do consorcio senón tamén o modelo de xestión indirecta que agora tanto repudian pero que cando gobernan tamén defenden.

Mentira 3: “Os consorcios privados, como o do Morrazo, O Porriño ou Ribadumia, poden pasar a factura dos gastos á compañía de seguros. Falamos en realidade de puro negocio”. ¡Falso, señor Losada, falso! As taxas polas intervencións ingrésaas o propio consorcio de bombeiros a través dun convenio coa Deputación de Pontevedra. Falso tamén, e van tres mentiras. Bueno, sigamos así.

En definitiva, mentira 4 –non, non o quero pasar por alto–: “Tamén o propio servizo de atención telefónica 112, primeiro punto de contacto entre as emerxencias e a axuda, foi subcontratado a unha empresa de publicidade telefónica”. Enganoso, señor Losada, e con moi mala fe. É certo que este servizo está externalizado, igual que o externalizou, por certo, a Junta de Andalucía, onde gobernan vostedes, gobernada polo PSOE. E cando gobernaron vostedes e o conselleiro da Presidencia era o señor Méndez Romeu tamén tiña xestión indirecta, a vostedes parecíalles ben. Agora, iso si, está moi mal cando goberna o Partido Popular.

Mire, é moi irresponsable, moi irresponsable, dúbida da calidade do noso servizo de resposta ás emerxencias; sobre todo cando hai motivos que avalan que é un servizo profesional e que conta con profesionais que deben ser respectados aquí na Cámara galega. Mire, críticoennos a nós o que queiran, non poñan en dúbida a profesionalidade dos profesionais... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Acuña, si, si, iso a vostede dáselle moi ben. Non o faga. Mire, o 112 galego conta dende o ano 2014 cunha carta de servizos aprobada e auditada que certifica a súa calidade. Pero, ademais, en abril de 2015 recibiu a certificación europea de calidade para centros de emerxencia outorgada pola Asociación Europea de Números de Emerxencia. Temos en Galicia o segundo 112 que logra esta cualificación en toda Europa. Vostedes veñen aquí a críticoalo todo, todo está moi mal, pero esa é a realidade. E, como queremos ir aínda máis lonxe, estase traballando noutra certificación de calidade. Esa é a realidade.

Miren, señorías, como xa o dixo o Goberno nas comparecencias anteriores, como xa defendemos no grupo parlamentario no pleno anterior, a xestión desta emerxencia foi boa, non perfecta pero foi boa. E non hai vítimas persoais que teñan que lamentar absolutamente nada. Polo tanto, a xestión foi boa pero non perfecta, e por iso Axega fixo un traballo interno de avaliación da súa actuación. E por iso se lle entregou a este Parlamento unhas transcricións das chamadas do 112 que vostedes coñecen e nas que se demostra claramente que aos bombeiros de Vigo non se lles dixo que non foran, por moito que diga o señor Abel Caballero e o señor Abel Losada.

Iso si, estamos agardando ese informe da Deputación de Pontevedra. Señor Losada, pode chamar agora á señora Carmela Silva e que se anime, que se anime. E por iso no último pleno o vicepresidente da Xunta animou ao Concello de Vigo a que, se o estima oportuno, o 112 avise os bombeiros de Vigo en cada emerxencia nos concellos cercanos. Estamos esperando tamén a que o señor Abel Caballero dea unha resposta a ese ofrecemento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Porque supoño que vostedes saberán que os bombeiros das cidades teñen unha competencia estritamente municipal e que non poden ser mobilizados polo 112 a non ser que estea activado un plan de protección civil.

En definitiva –remato xa–, eu entendo que vostedes veñen aquí a facer esta campaña do ruído, da crispación. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Non aprenderon nada do que aconteceu o pasado domingo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Señor Abel Losada, abandone esta estratexia do Partido Socialista de imitar as Mareas de Podemos. Deulles mal resultado. A xente ao final prefere as copias e non os orixinais. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Perderon o domingo 100.000 votos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Perderon o domingo 100.000 votos entre todos os que están aquí. Nós gañamos 40.000 grazas a traballar de forma humilde e responsable polo ben de Galicia. Abandonen esa estratexia de poñer en dúbida todo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...esa estratexia da crispación, da confrontación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Grazas...

O señor TELLADO FILGUEIRA: Dígalle que non por unha vez ao señor Abel Caballero, que está equivocado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado. Grazas.

Réplica do grupo proponente.

Señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, bueno, estou intentando recuperarme.

Mire, señor Tellado, sei ler. *(Murmurios.)* Páxina 4, hora 18.03.35, non teño tempo de transcribilo. Léao. Non lea o argumentario que lle mandan da Vicepresidencia, lea o que pon aquí. *(Fortes murmurios.)* ¡Hombre, se lo mandan, que no somos gilipollas, se lo mandan! A ver si nos centramos. *(Aplausos.)* O ¿qué creéis? ¿Que se lo leyó? ¿De verdade pensades que o leu? ¿Pensades que o leu? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home!

Bombeiros: “Desculpen queríamos saber a quen mandaron”. “Un momento, que o paso coa coordinadora”. “Ola, boa tarde.” Bombeiros de Vigo: “Hola, buenas tardes. Mira, nos pregunta el suboficial quiénes fueron ahí. ¿De dónde mandasteis gente?” “Ustedes ¿que son? ¿Bomberos? Bombeiros de Vigo: “Bomberos de Vigo, si.” Coordinadora: “Pues están yendo los bomberos que le corresponden a la zona.” Bombeiros de Vigo: “Si, ¿pero quiénes son?” Coordinadora: “Pues los de...” –puntos suspensivos ¡eh!, escrito, non o estou inventando–. “Vamos a ver, le comento... Son Morrazo, bombeiros Morrazo e, de momento, non chegaron ao lugar, entón non sabemos se...” Bombeiros de Vigo: “¿Los del Morrazo son los de Cangas?” Coordinadora: “Os de Bueu.” “¿Los de Bueu?” “Si, claro, teñen a base en Bueu.” “Bueno, vale, de acordo. Gracias.” “De nada.” *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Como que...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Yo no hablé de prohibición, yo dije que no fueron. *(Protestas.)*

Seguimos. 18.44... Espera... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

¡Eh! Calma un momentito, todos. *(Protestas.)*

Imos rematar agora o pleno. Calma, por favor, todos. Silencio todos, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: 18.44... ¡Home, pero ¿que pretendían vostedes? ¿que o 112 fora con tanques ao parque de bombeiros de Teis para non deixar saír os camións? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Pero de que están falando? Home, ¿de que están falando? 18.44. Unha hora... (*Murmurios.*) No, tengo que buscarlo, señor vicepresidente. La ventaja es que me lo leí. Eso sí, lo enviaron hace exactamente ocho horas antes de este debate. Hace... (*Murmurios.*) Oiga, no está en el debate aunque sea vicepresidente de la Xunta.

O señor PRESIDENTE: Pode falar despois se quere.

Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Después lo que quiera.

O señor PRESIDENTE: Pro siga vostede.

Tranquilo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Después nos cuenta Caperucita Roja. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Oye, puedo seguir, pero no voy a seguir hasta que se esté callado el señor vicepresidente, que luego tiene un turno, si quiere.

O señor PRESIDENTE: Pero non está falando agora, pode seguir.

Agora está tranquilo, pode falar. Adiante.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ás 18.44, é dicir, case unha hora despois do primeiro aviso, volven chamar os bombeiros. Non chama o 112 aos bombeiros, chaman os bombeiros.

“Mire van a salir los bomberos de aquí de Vigo para allí.” “A ver, un momento, non colgue.” –o 112–. “¿A petición de quen saen?” E para os bombeiros, claro, a pregunta é: “¿Que?” Porque supoño que flipan, o cal non está mal. O 112: “¿A petición de quen saen? Si, ¿quen os mobilizou?” Bombeiros: “O xefe de bombeiros do servizo.” O 112: “¿O seu propio xefe?” “Si. Espere un momento que o poño co suboficial.” Suboficial: “Ola boas tardes.” O 112: “Boa tarde. Mire, eu preguntáballe á persoa que me colleu antes o teléfono quen os mobilizara, porque nós non temos constancia de que alguén os pedira. Era para saber.” Suboficial: “Aquí chamou o propietario ou alguén da empresa.” “¿De Fandicosta?” “Si, de Fandicosta, varias veces.” O 112: “Vale.” Suboficial de bombeiros: Nosotros nos pusimos en contacto con vosotros, ¡eh!, dos veces también, y parece ser que ahora el humo que está saliendo de la nave es bastante llamativo.” “Si, é bastante chamativo, parece que incluso dificulta a visibilidad.” “Entonces me acaba de llamar el oficial jefe y me ordena que salgamos para allí.” É o que di o suboficial de bombeiros de Vigo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Se isto é unha xestión axeitada de dous depósitos de amoníaco de 5.000 litros... ¡Home!, insisto, non hai tanques na rúa diante do parque de bombeiros de Teis para que non saian os bombeiros. É unha xestión nefasta e é tan nefasta como que cinco días despois está ardendo unha casa en Fornelos de Montes e... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, tamén, señor vicepresidente, tamén. Exactamente o mesmo. E en vez de chamar aos de Redondela, que están a 18 quilómetros, chaman ao centro de Avión, que está a 40 quilómetros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón a min gustaríame saber...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que é exactamente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Los bomberos de O Porriño pidieron el apoyo de Redondela. ¿Como que non hai? ¿Non hai bombeiros? ¿Non hai?...

O señor PRESIDENTE: Parece que non, pero bueno. *(Murmurios.)*

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Pois, entón, os bombeiros do Porriño deberían de saber onde hai bombeiros, digo eu. *(Murmurios.)*

En todo caso, ¿é certo ou non...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

¡Silencio, por favor! ¡Silencio, por favor!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Oia, é a información que temos. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ata hoxe a información que tiñamos era cero, señor vicepresidente, ata hoxe era cero. É evidente que a capacidade lectora do señor Tellado supera a miña, o cal parécese ben. Pero, en todo caso, o que quero deixar claro é que non estamos cuestionando aquí en absoluto a profesionalidade de ninguén. Cuestionamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non dos traballadores... *(Fortes murmurios.)* Non, non, non...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Tamén intentaron que funcionara... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, imos rematar.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Tamén intentaron que funcionara co Álvaro Cunqueiro... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

¡Silencio, por favor!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Intentaron que funcionara co Álvaro Cunqueiro, intentaron que funcionara coas escolas que pechaban. Nós non cuestionamos os profesionais públicos. Cuestionamos unha ensaladilla que é incompetencia, sectarismo político de libro e negocio privado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, por certo, a Deputación de Pontevedra o que non fai agora é comprar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...[...] para mocións de censura. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non sei, non me enterei do que dixo. Non tiña que ver nada con isto.

Procedemos, polo tanto, á votación da creación desta comisión. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Silencio, por favor.

Imos votar.

Votamos.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos dezaioito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a catástrofe que asolou a empresa Fandicosta en Domaio (Moaña).

Silencio. Silencio, señorías. Silencio, por favor, imos ler o resultado.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude de comisión de investigación. (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Claro, pois aí está é o resultado, ¡que lle imos facer!

Tal e como comentamos, procede agora unha alteración da orde do día e formúlase unha pregunta ao Goberno.

Pregunta de D. Javier Dorado Soto e tres deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción da estación intermodal de Vigo

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, para que se poida formular a pregunta. (*Murmurios.*) (*O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.*)

¡Silencio!

Señor Gallego, chamada á orde. Señor Gallego, chamada á orde unha vez. Señor Gallego, chamada á orde. Chamada á orde, señor Gallego, unha vez. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Perdoen. Silencio, por favor. Silencio para que poida formular a pregunta, senón...

O señor DORADO SOTO: Grazas, presidente.

Moi boas tardes a todos.

Lamento que esta cuestión sobre a estación intermodal de Vigo non sexa de interese para o secretario xeral do Partido Socialista de Vigo que acaba de abandonar o Pleno. Eu veño falar de Vigo pero non criticar aos seus bombeiros, veño, señora conselleira, preguntarlle sobre unha cuestión moi importante. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Señora Acuña, chamada á orde.

Imos ver como acabamos. Chamada á orde. (*Murmurios.*)

Por favor, por favor... Alá vostedes. Eu comprendo que a hora é mala, pero un pouquiño de calma, estamos rematando xa. Silencio. Silencio, por favor.

O señor DORADO SOTO: Señor presidente, acábanme de chamar corrupto, en fin, unha falta de respecto e unha falta de interese, pero eu vou continuar, señora conselleira. Esta lexislatura que está a piques de rematar pode pasar á historia por ser a lexislatura de Vigo. A lexislatura de Vigo porque se lle puxo solución ás grandes infraestruturas... Isto é imposible presidente, non me deixan falar de Vigo. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor DORADO SOTO: Entendo o resentimento pero...

O señor PRESIDENTE: Vou resolver ¡eh!

Señor Fajardo, señor Fajardo... Se queren, non queda outra alternativa, votedes verán. Será compensado o seu tempo, señor Dorado, espere.

O señor DORADO SOTO: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Ata que haxa silencio non procedemos á pregunta.

Silencio, por favor. Silencio.

Prosiga, por favor.

O señor DORADO SOTO: Grazas, señor presidente.

Dicía que esta lexislatura pasará á historia por ser a lexislatura de Vigo, a que lle puxo solución ás grandes infraestruturas... de verdade, é que non... Entendo que non lles guste falar de Vigo porque en Vigo gañou o Partido Popular o pasado domingo pero hai que falar de Vigo tamén. *(Aplausos.)* Teñen que entender vostedes que hai que falar de Vigo tamén.

Mire, dicía, señora conselleira, que en Vigo esta lexislatura se construíu un hospital público de referencia en España, que se está a poñer en marcha a Cidade da Xustiza, que se puxo en marcha o transporte metropolitano, aprobouse unha lei que desbloquea urbanisticamente a nosa cidade. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Señorías, silencio.

Silencio, por favor.

Comprenda que isto é difícil, imaxínense que o outro grupo fai o mesmo. Isto non hai quen o controle, se o outro grupo fai o mesmo... Si, si, se o outro grupo fai o mesmo cando estean falando vostedes, é difícil. Bueno, vostedes verán, será compensado o seu tempo.

O señor DORADO SOTO: Grazas, señor presidente.

Volvo comenzar porque non quedou claro...

O señor PRESIDENTE: Non, non, Miguel, por favor, non, iso fóra.

Silencio.

O señor DORADO SOTO: Dicía, señora conselleira, por terceira vez, que esta vai ser a lexislatura que pase á historia por ser a lexislatura de Vigo. A lexislatura na cal se puxeron en marcha as principais instalacións e infraestruturas que necesitaba a nosa cidade: o hospital, a Cidade da Xustiza, o transporte metropolitano, a limpeza da ría, a rehabilitación do casco vello e, agora, imos falar doutra gran infraestruturas que vai cambiar a nosa cidade, que é a estación intermodal.

Vigo é a cidade que ten máis distancia entre a súa estación de autobuses e a súa estación de tren, exactamente 4,5 quilómetros, este grupo parlamentario aposta pola intermodalidade do transporte. Defendemos a intermodalidade e defendemos o transporte metropolitano. Gustaríanos saber, señora conselleira, cales son as súas previsións a respecto desta infraestruturas tan importante para a nosa cidade, cales son os prazos que manteñen na consellería e, se pode, detallar ao máximo o proxecto para que o poidamos coñecer co máximo detalle.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Dorado.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Xa está ben.

Segunda chamada á orde. Si, pois leva vostede hoxe interrompendo moito tempo. Segunda chamada á orde, o cal significa que outra chamada á orde e ten vostede que abandonar o pleno.

Señora conselleira, cando queira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Na Xunta de Galicia apostamos polo fomento da intermodalidade, dos diferentes modos de transporte, e facémolo con traballo continuo, con traballo en serio, con traballo constante, para que Vigo sexa o concello coa primeira estación intermodal en Galicia. Queremos cumprir coa nosa palabra e avanzar para que Vigo teña unha nova estación de autobuses nas inmediacións da Estación de Ferrocarril de Urzáiz que favoreza os desprazamentos e permita un intercambio rápido e sinxelo dos diferentes modos de transporte, neste caso, pois ferrocarril e autobús. Temos moito traballo adiantado, no ano 2014 xa fixemos os estudos, no ano 2015 licitamos e asinamos o contrato de servizos para redactar o proxecto básico da execución desta terminal nova de autobuses e, dende hai uns días, xa dispoñemos do proxecto básico de execución destas obras que presentamos en Vigo: un documento técnico complexo e, tamén, rigoroso que analiza os diferentes aspectos que hai que ter pois para que se constrúa unha nova estación de autobuses plenamente integrada nese futuro centro Vialia, nesa estación Thom Mayne que tanto reclama o alcalde de Vigo.

O proxecto básico, polo tanto, ofrécenos unha idea de como quedará a configuración futura desta nova estación intermodal e o seu aspecto final. Estamos a falar dunha nova terminal con 15.500 metros cadrados e que supón un investimento da Xunta de Galicia que destinará de 11.7 millóns de euros. Construirase en dúas plantas: unha primeira planta, a planta superior, con 29 dársenas distribuídas con diferentes configuracións, unhas en dentes de serra, que son a mellor opción para eses servizos e transporte interurbano, e outras de espiña de pez, axeitadas para os servizos de longo recorrido que precisan de máis tempo de estacionamento. Na planta inferior estará emprazado o edificio de servizos –570 metros cadrados–, zonas de espera, servizos de información, venta de billetes, aseos, consigna, oficinas, etc. Polo tanto, o edificio de oficinas e dúas edificacións que quedarán delimitadas cunha praza peonil cuberta.

Polo tanto, a nova estación de autobuses que estamos a deseñar na Xunta de Galicia ten en conta aspectos construtivos, aspectos funcionais e, tamén, aspectos urbanísticos. Presenta

unha estética singular e adaptada, tendo en conta á peculiaridade do terreo, e tamén integrada nesa futura estación Thom Mayne, o futuro centro Vialia, personalizada con Vigo e, o que é máis importante, é unha estación cun deseño eficiente, funcional que é o que nos piden os veciños, que é o que nos pide o sentido común e tamén que permitirá o intercambio de modos de transporte áxiles, seguros e responder ás necesidades de transporte dos veciños de Vigo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Dorado.

(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor DORADO SOTO: De novo, unha vez máis, non lle interesa que falemos de Vigo. Por se alguén non se enterou –e o que vén a corroborar agora a conselleira– esta pasará a ser a lexislatura de Vigo, a historia, vai ser así. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* E que isto non lle gusta, non lle gusta.

Mire...,

O señor PRESIDENTE: Chamada á orde tamén.

O señor DORADO SOTO: ...señora conselleira, creo que é importante que Vigo sexa a primeira cidade de Galicia en ter unha estación intermodal. Nós agradecémolo. Agradecémolo moito pero, señora conselleira, gustaríame trasladarlle de parte deste grupo a nosa preocupación por unhas cuestións fundamentais...

Señor presidente, é que é imposible.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor DORADO SOTO: Voume marcar o reto de tratar de falar un minuto sen interrupcións a ver se o consigo.

Grazas.

Dicía, señora conselleira, que temos unha preocupación este grupo parlamentario: a nosa preocupación céntrase nos accesos desta estación. Estamos moi preocupados porque a planificación urbanística de Vigo no ano 2008 dicía claramente, feita esta planificación polo alcalde de Vigo, que os accesos ían ser feitos polo concello de Vigo. Esta planificación urbanística –como todo o mundo sabe– foi declarada ilegal polo Tribunal Supremo, aínda así, este Goberno e este Parlamento aprobaron unha lei que foi quen de dar pé a que teña cabida a estación intermodal e, polo tanto, entendo que é así, e se é do interese do concello de Vigo deberían poñer en marcha canto antes, xa, os accesos para a construción desa estación intermodal. O que pasa, señora conselleira, é que non teño moita fe, non teño moita fe porque o concello de Vigo xa puxo todos os atrancos posibles para a construción dun novo hospital:

non lle quería dar a auga, non lle quería dar a luz, non vai facer o parking que prometeu facer. O mesmo concello que impediu aos vigueses beneficiarse dos beneficios do transporte metropolitano durante os últimos quince meses, o mesmo concello de Vigo que impediu que a Xunta de Galicia estivera xa realizando actualmente a construción da Cidade da Xustiza porque non lle deu os terreos aos que se comprometera xa fai moitos anos.

Por todo iso, conselleira, gustaríanos saber cal é o seu plantexamento a respecto disto, cal cre que está a ser a actitude do concello de Vigo para a construción deses accesos e cales van ser os próximos pasos na construción desta estación intermodal.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Dorado.

Réplica.

Conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Na Xunta de Galicia estamos a cumprir, estamos a cumprir con Vigo, coas nosas obrigas e, dentro das nosas competencias –en tempo e forma–, temos os fondos garantidos, temos os fondos consignados e garantidos. Dispoñemos xa do proxecto básico para a execución desta estación de autobuses, nuns meses, neste mesmo ano, contaremos co proxecto construtivo desta nova terminal de autobuses a carón da estación de ferrocarril, e estaremos en disposición, polo tanto, de licitar as obras este mesmo ano. Pero para iso é necesario a disposición dos terreos, tamén a adaptación do planeamento urbanístico, e, tamén, contar cos accesos axeitados e, para iso, requírese a colaboración de todas as administracións implicadas, a colaboración de todas as administracións con competencias.

Con respecto á dispoñibilidade dos terreos, a maior parte son do Ministerio de Fomento, xa chegamos a un acordo e, teño que dicir, sen contraprestación económica. En canto ao planeamento urbanístico saben todos vostedes que o Plan Xeral do ano 2008 foi anulado e foi a Xunta a que deu unha solución urbanística para que se poida levar adiante este importante proxecto en Vigo. Pero onde queda todo o camiño por andar e por facer é no relativo aos accesos e realmente correspóndelle ao concello de Vigo realizar todo o traballo con respecto aos accesos, aínda que no PXOM do ano 2008, anulado, xa prevía un prazo de catro anos, e era unha obriga do concello, realmente non se fixo absolutamente nada e o Concello de Vigo non levou a cabo ningunha actuación con respecto a eses accesos. Polo tanto, eu creo que cómpre que o Concello de Vigo, que situou a estación intermodal como un dos seus proxectos prioritarios no Concello de Vigo, cumpra as súas obrigas, que dote á estación intermodal, polo tanto, dos seus accesos.

Na Xunta de Galicia o que esperamos é que o Concello de Vigo actúe con responsabilidade e que transforme ese interese que ten e que di sobre esa estación intermodal, que o traduza

en traballo, en implicación, para dotar á estación intermodal dos accesos axeitados. Porque non só son os accesos a unha estación de autobuses, son os accesos a unha estación nova de ferrocarril, os accesos a un centro comercial Vialia, polo tanto, os accesos a unha gran estación intermodal Thom Mayne que tanto reclama o alcalde. O certo é que parece que foi moito máis fácil que chegara o AVE soterrado á estación de Urzáiz que que poidan acceder os autobuses ata nova estación intermodal. O criterio que pedimos en Vigo é o mesmo que en Santiago. Eu creo que hai que traballar sen demora, hai que sumar esforzos...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): ...é o que lle pedimos ao concello de Vigo, sumar esforzos porque son proxectos comúns, como todos os grandes proxectos requiren de implicación de todas as administracións.

Pola miña parte nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

(O señor Losada Álvarez pide a palabra.)

Si, señor Losada, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: 76.2, señor presidente, porque entendo que o señor vicepresidente dixo que...

O señor PRESIDENTE: Non, perdoe, perdoe...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Como que perdoe?

O señor PRESIDENTE: Perdoe.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Aquí está o coche de bombeiros vermello e ten manguera...

O señor PRESIDENTE: Perdoe, ese asunto está zanzado...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu creo que é o coche de bombeiros de Redondela.

O señor PRESIDENTE: ...e vostede estaba no debate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¡Pero chamoume mentireiro!

O señor PRESIDENTE: Suspéndese a sesión.

Non ten vostede a palabra.

(Murmurios.)

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¡Chamoume mentireiro! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non ten a palabra. Non, perdoe.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¡Chamoume mentireiro!

O señor PRESIDENTE: Non, non, non.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¿Como que non? *(Murmurios.)*


O señor PRESIDENTE: Segundo o Regulamento, non. *(Murmurios.)*

Suspendemos a sesión. Non procede. *(Protestas.)* Síntoo, síntoo.

Suspéndese a sesión ás nove da noite.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Acuña do Campo, María Carmen	(S)	39. Moreira Ferro, Jacobo	(PP)
2. Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)	40. Mouriño Villar, Antonio	(PP)
3. Arias Veira, Pedro Manuel	(PP)	41. Nóvoa López, Enrique	(PP)
4. Baamonde Díaz, Agustín	(PP)	42. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(PP)
5. Balseiro Orol, José Manuel	(PP)	43. Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
6. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)	44. Oróns Baña, Ambrosio	(PP)
7. Blanco Paradelo, Moisés	(PP)	45. Oubiña Solla, Rosa	(PP)
8. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	46. Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
9. Burgo López, María Concepción	(S)	47. Pérez Hernández, Berta	(PP)
10. Camino Copa, Ángel	(PP)	48. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
11. Cancelo Márquez, María Teresa	(PP)	49. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(PP)	50. Pouso Maneiro, María Herminia	(PP)
13. Devesa Bouzas, Sandra María	(PP)	51. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
14. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	(S)	52. Prado Patiño, Jesús Miguel	(PP)
15. Dorado Soto, Javier	(PP)	53. Puy Fraga, Pedro	(PP)
16. Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)	54. Quintas Álvarez, María Remedios	(S)
17. Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)	55. Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Arias, Marta	(PP)
19. Fernández Gil, César Manuel	(PP)	57. Rodríguez Barreira, María Julia	(PP)
20. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(PP)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(PP)
21. Fernández Rodríguez, Mónica	(M)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
22. Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles	(S)	60. Ron Fernández, José Javier	(AGE)
23. Gallego Calvar, María Carmen	(S)	61. Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
24. Gallego Lomba, José Manuel	(S)	62. Sánchez Bugallo, José Antonio	(S)
25. García García, Pablo	(S)	63. Sánchez García, Antón	(AGE)
26. García Pacín, María Isabel	(PP)	64. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
27. Goldar Güimil, Jesús Antonio	(PP)	65. Santos Pérez, Ramón	(PP)
28. Gómez Alonso, Alejandro	(PP)	66. Santos Regueiro, José Francisco	(PP)
29. González Sánchez, Elena Cruz	(PP)	67. Solla Fernández, Eva	(AGE)
30. González Santín, Juan Carlos	(S)	68. Soneira Tajés, María Soledad	(S)
31. Guerra Fernández, Javier Jorge	(PP)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(PP)
32. Iglesias Sueiro, Carmen	(M)	70. Trenor López, Gonzalo	(PP)
33. Íñiguez Martínez, Jaime	(PP)	71. Val Alonso, José Ramón	(S)
34. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	(BNG)	72. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
35. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	73. Vázquez Blanco, Emilio	(S)
36. Martínez García, María Consuelo	(M)	74. Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
37. Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)	75. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
38. Méndez Romeu, José Luis	(S)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25